Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 23/02/2023 01:32:07
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 103

Sesión plenaria
22 de novembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común (doc. núm. 27854, 11/PPLI-000003)
Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 264, do 26.01.2022
Publicación da proposición de lei, BOPG nº 387, do 28.09.2022

1.2 Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real Decreto Lei 18/2022, do 18 de outubro, e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto (doc. núm. 43397, 11/PL-000020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 406, do 08.11.2022

Punto 2. Comparecencia

43820 (11/CPP-000109)
Da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre igualdade e loita contra a violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 3. Mocións

3.1 43579 (11/MOC-000124)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista (Moción consecuencia da Interpelación núm. 42854, publicada no BOPG núm. 405, do 4 de novembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

3.2 43649 (11/MOC-000125)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia
Sobre o transporte escolar público (Moción consecuencia da Interpelación núm. 41210, publicada no BOPG núm. 405, do 4 de novembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.3 43720 (11/MOC-000126)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre un pacto galego pola industria (Moción consecuencia da Interpelación núm. 42333, publicada no BOPG núm. 394, do 13 de outubro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 42079 (11/PNP-003562)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pardo López, Adrián e sete deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA
Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.2 42319 (11/PNP-003584)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para articular un plan de axudas ás pequenas e medianas industrias e ás persoas autónomas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.3 42637 (11/PNP-003614)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e sete deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Unión Europea e o Goberno do Estado en relación coa posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición da pesca de artes de fondo en oitenta e sete caladoiros do Atlántico nororiental
Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 19.10.2022

4.4 43135 (11/PNP-003668)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan contra a pobreza
Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

4.5 43327 (11/PNP-003686)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar medidas económicas que incentiven os concellos á redución do lixo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 43422 (11/PNP-003695)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis
Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ou solicitar do Goberno de España nesta materia
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 407, do 09.11.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 39762 (11/INT-001957)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre a formación da poboación en competencias clave
Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

5.2 41510 (11/INT-002016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do plan Hurbe
Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.3 42795 (11/INT-002103)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre a situación da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés
Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 43814 (11/POPX-000085)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas dos orzamentos da Xunta de Galicia que prevén o necesario reforzo dos servizos públicos para o ano 2023
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

6.2 43816 (11/POPX-000086)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para loitar contra a violencia machista
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 41644 (11/POP-006284)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre as axudas para a gratuidade da atención educativa en escolas infantís
Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

7.2 40424 (11/POP-006174)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do incremento dos casos de ocupación de vivendas e a pasividade do Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022

7.3 43815 (11/PUP-000290)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre a valoración da Xunta de Galicia de todas as lecciónns que nos deixou o afundimento e a catástrofe ambiental e social do *Prestige*
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

7.4 43256 (11/POP-006499)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre o grao de cumprimento do pacto ambiental asinado entre a Xunta de Galicia e Ence en xuño de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

7.5 40929 (11/POP-006215)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a información da que dispón neste momento o Goberno galego en relación coas causas do derrubamento e os traballos de reconstrución do viaduto da A-6 colapsado o pasado mes de xuño
Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.6 43288 (11/POP-006504)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre a aceptación da solicitude do cambio de pantallas destinadas aos centros educativos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

7.7 43811 (11/PUP-000288)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a presentación no Parlamento dun informe de execución e impacto do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.8 37324 (11/POP-005341)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a actuación do Goberno galego para levar a cabo un novo modelo de atención primaria no sistema sanitario que permita aos profesionais mellorar a capacidade asistencial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. representante da Comisión promotora (Pereira Martínez)* (Páx. 11.)
Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 15.), *Sra. González Albert (BNG)* (Páx. 18.) *e Sra. Candia López (P).* (Páx. 21.)
Rolda de réplica: *Sr. representante da Comisión promotora (Pereira Martínez)* (Páx. 24.)

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro, e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que a Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, acordou propor ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei, ao abeiro do disposto no artigo 134 do Regulamento, e, antes de sometelo a votación, abre unha rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións respecto desta proposta de tramitación. (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 26.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 27.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 28.)

Votación da proposta de tramitación

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro: *aprobada por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 29.)

Debate e votación do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do ditame: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 29.)
Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 32.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 35.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 38.)

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro: *aprobado por 53 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións.* (Páx. 42.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a igualdade e loita contra a violencia de xénero. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 43.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 50.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 53.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 57.)
Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 60.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 65.) *Nesta rolda interveñen a señora Díaz Varela (S)* (Páx. 65.), *a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 67.), *a señora Prado del Río (P)* (Páx. 69.) *e a señora conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 71.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández, sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 73.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 74.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 77.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 80.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 83.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre o transporte escolar público. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 85.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 88.) *e Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 91.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 95.)

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre un pacto galego pola industria. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 96.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 97.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 100.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 104.)

O señor Fernández Alfonzo (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 108.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández, sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 110.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre o transporte escolar público: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre un pacto galego pola industria: *rexeitada por 17 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 111.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional con motivo do Día Mundial en Memoria das Vítimas de accidentes de Tráfico e Violencia Viaria, que é aprobada por asentimento. (Páx. 111.)

Proposición non de lei do G. P. **Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA. (**Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pardo López (P).* (Páx. .112)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 115.) *e Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 117.)

Nova intervención do señor Pardo López (P). (Páx. 119.)

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para articular un plan de axudas ás pequenas e medianas industrias e ás persoas autónomas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 121.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 124.) *e Sra. Pérez López (P)* (Páx. 127.)

Nova intervención do señor Pérez López (BNG). (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Unión Europea e o Goberno do Estado en relación coa posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición da pesca de artes de fondo en oitenta e sete caladoiros do Atlántico nororiental. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 133.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 137.) *e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 140.)

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 143.)

Suspéndese a sesión ás oito e once minutos da noite.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo cal non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias nin delegacións de voto.

E, sen máis, entramos na orde do día.

O primeiro punto é o texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común

O señor PRESIDENTE: Para a presentación e defensa da proposición de lei, ten a palabra don José Alfredo Pereira Martínez, por un tempo de quince minutos, a quen lle pido que acceda á tribuna. Será acompañado pola vicepresidenta segunda. *(Pausa.)*

(A señora vicepresidenta segunda da Mesa do Parlamento, Prado Cores, acompaña o membro da Comisión promotora da proposición de lei de iniciativa popular, o señor Pereira Martínez, ata o estrado.)

Bo día.

Ten quince minutos, xa sabe, para a súa exposición.

Entón, cando vostede queira.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Pereira Martínez): Señor presidente do Parlamento galego, membros da Mesa, señoras e señores deputados dos tres grupos parlamentarios, bos días.

Tamén desexo bos días ao nutrido núcleo da veciñanza comuneira, que os temos na tribuna. Bos días tamén a todos e a todas. *(Aplausos.)*

En representación da Comisión promotora da proposición de lei, mediante iniciativa lexislativa popular, para a toma en consideración dunha lei de montes veciñais en man común, vou tentar argumentar o suficiente para acadar dos tres grupos parlamentarios o voto favorable e que esta proposición sexa tomada en consideración. E logo, unha vez tomada, que inicie a súa tramitación parlamentaria ordinaria.

A proposta para unha lei de montes veciñais en man común contida na ILP substituiría a Lei de montes veciñais actualmente vixente, que data do ano 1989; unha lei de montes ve-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciñais que, a pesar de ter 33 anos, contén tres cuestións que están plenamente vixentes: unha é cuestión de contidos e dúas son cuestións de procedemento democrático. A de contido é que foi a primeira lei de montes veciñais que declarou os montes veciñais cunha titularidade da veciñanza comuneira dun lugar, dunha aldea ou dunha parroquia, entendida non como ente administrativo, senón como grupo social. As outras dúas cuestións son de procedemento democrático.

Foi unha lei que contou co consenso das comunidades de montes veciñais en man común, se ben é certo que daquela o movemento organizativo galego das comunidades de montes estaba no seu inicio. Ademais, foi unha lei aprobada pola unanimidade do Parlamento galego. E convén lembrar que daquela o Parlamento galego estaba formado por seis grupos políticos: tres formaban o Goberno, que eran o PSOE, Coalición Galega e o Partido Nacionalista Galego, e tres formaban a oposición, que eran a Coalición Popular, Esquerda Galega e BNG.

Que estes seis grupos políticos —que eu me atrevo a dicir que representaban todo o espectro ideolóxico do pobo galego— aprobasen por unanimidade unha lei de montes veciñais creo que debería ter un valor engadido. Se cadra, unha das razóns polas que esta Lei de montes veciñais durase trinta e tres anos foi, precisamente, pola súa aprobación por unanimidade.

Puidera parecer que trinta e tres anos fose un número de anos suficiente para facer certas adecuacións da Lei de montes veciñais aos tempos que corren, pero non poden valer para pretender eliminar o carácter xermánico dos montes veciñais en man común, como se pretende con algún intento de modificación da Lei de montes veciñais que anda circulando por certos cenáculos. Porque, aínda que pareza un contrasentido, os montes veciñais en man común non son reliquias do pasado que hai que gardar nunha vitrina dun museo arqueolóxico, son terras cargadas de futuro. Porque se analizamos soamente dous conceptos que están de moda —porque son modernos—, veremos que os montes veciñais encaixan perfectamente. O primeiro concepto é o da sustentabilidade. Enténdese actualmente por «sustentabilidade» a acción de acadar un desenvolvemento económico e social respectuoso co medio ambiente e prevendo unha calidade de vida para as persoas. Podemos comprobar que neste concepto moderno de sustentabilidade se configuran tres elementos: territorio, persoas e gobernanza. Territorio, persoas e gobernanza levan sustentando os montes veciñais dende tempos inmemoriais.

Organismos internacionais como poden ser a ONU, a FAO e mesmo a Unión Europea plantexan que o futuro dos montes veciñais pasa por acadar unha tenza máis xusta, evitando a acaparación deles en poucas mans. Indican tamén estes organismos internacionais que o futuro dos montes pasa por que sexan xestionados polos titulares. É fácil deducir que os montes veciñais en man común dende sempre estiveron en moitas mans, antes nas mans da sociedade rural galega e actualmente nas mans da veciñanza comuneira. Polo tanto, non son reliquias do pasado, como algúns pretenden convertelos e metelos, como dixen antes, nunha urna dun museo etnográfico que a bo seguro estaría nunha vila de Galicia.

O nexo que une que os montes veciñais en man común estean vencellados ao futuro que plantexan estas terras é precisamente o ser titularidades de carácter xermánico. Polo tanto, se se elimina este carácter xermánico, o pobo galego estariamos discorrendo na historia ao contrario, para atrás.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Co fin de acadar os votos favorables dos tres grupos políticos, podiamos falar aquí dos contidos que plantexa esta Lei de montes, explicar un pouco o que significan e podiamos falar de que hai que recoñecer os montes veciñais cunha titularidade máis e distinta das entidades públicas e privadas que poidan funcionar no mundo actual en que vivimos, do reforzamento do carácter xermánico e da consideración da veciñanza, entendida como grupo social, como os únicos titulares lexítimos dos montes veciñais en man común, e de acadar un monte multifuncional e sustentable, impedindo a súa expropiación, ou de declarar os montes veciñais en man común en si mesmos como figuras de protección medioambiental. Sen embargo, esta comisión promotora entendeu que para defender esta iniciativa lexislativa popular, para conseguir que os tres grupos parlamentarios voten favorablemente, os señores e señoras deputados e deputadas deben coñecer cal foi o proceso que levou a escribir unha lei de montes veciñais nesta iniciativa lexislativa popular. Porque aquí non se está a debater se se aproba o contido desa lei, estase a debater se se aproba a súa toma en consideración, para que se inicie a súa tramitación ordinaria. Logo, o Parlamento galego, que é a representación soberana e democrática do pobo galego, xa decidirá a lei de montes que sairía; aínda que nós intentariamos, nese proceso de debate, conseguir que fose unha lei de montes veciñais a favor da veciñanza comuneira e a favor do pobo galego. *(Aplausos.)*

O proceso que culminou coa Lei de montes veciñais da que estamos a falar foi un proceso democrático e participativo. O seu texto foi elaborado mediante a realización de asembleas de comunidades de montes por todo o país, practicamente por todas as bisbarras do país. Polo tanto, sería exaxerado e sería pretensioso que aquí dixésemos que é unha lei que recolle o sentir de todas as comunidades de montes. Non é certo, pero si é certo que recolle o sentir dun grupo importante de comunidades de montes. Entendemos que este consenso e esta elaboración non debería ser desprezada neste Parlamento galego, porque, ademais, ao ser debatido en todas as bisbarras do país, é unha lei que recolle características daquelas comunidades de montes que están preto das cidades, daquelas que están no semirrural e mesmo tamén daquelas que están no rural rural. Polo tanto, entendemos que este proceso non se debía desprezar e que se debía ter en conta, porque aquí o que estamos a discutir é a súa toma en consideración.

Nós entendemos que para elaborar unha lei de montes veciñais a veciñanza comuneira non temos que ser os únicos interlocutores, e non temos que selo porque o monte afecta máis sectores; agora ben, si que exiximos que temos que ser uns interlocutores fixos, porque os montes veciñais en man común son da veciñanza comuneira. *(Aplausos.)* Por iso, nós entendemos que esta iniciativa debía ser tomada en consideración.

Díxose que a coherencia debe ser unha guía persoal e social da nosa vida persoal, social e tamén política. Non plantexo esta cuestión por razóns morais e éticas, que ese é un problema individual de cadaquén, dígoo porque, seguindo este concepto de coherencia, a comisión promotora ten claro que esta Proposición de lei mediante iniciativa lexislativa popular de montes veciñais acadaría a toma en consideración. ¿Por que afirmamos isto? Afirmamos isto porque esta ILP, antes de chegar aquí, foi debatida en moitos concellos de Galicia e en dúas deputacións provinciais. Os votos nesas institucións foron que o Partido Popular maioritariamente se abstivo e que o BNG e o PSOE votaron a favor, e incluso na Deputación Provincial de Ourense a ILP foi aprobada por unanimidade. Entendemos que son elementos suficientes

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e que, seguindo estes criterios, a composición deste Parlamento, que está conformado polo PP, polo PSOE e polo BNG, debería ser tomada en consideración.

E nós entendemos que o feito de que a Lei de montes que estamos plantexando recoñeza o tipo de titularidade é fundamental e que se consiga en pé de igualdade. E vou pór un exemplo, que ademais se aprobou onte ou antonte, onde se modificou a Lei de montes veciñais en man común nun apartado que lle engade a captura de CO_2 polas masas boscosas. ¿Como é posible que nesa modificación un recurso do monte, a captura de CO_2, non o poida aproveitar directamente a veciñanza comuneira, e para poder aproveitalo temos que cedérllelo a terceiros? ¡Non ten sentido! *(Fortes aplausos.)* Ou ¿como é posible que poida estar recoñecida como unha titularidade distinta e en pé de igualdade, agora que estamos todos loitando —e que hai que facelo— contra o cambio climático, e que parece ser que as comunidades enerxéticas van nese camiño, as comunidades de montes, que somos a unión de veciños e veciñas que xestionamos a nosa terra, non podemos actuar como comunidade enerxética local? *(Fortes aplausos.)*

¿Como se arranxaría todo isto? Ben, considerando que en Galicia hai tres tipos de propiedade: a propiedade privada, a propiedade pública e a propiedade veciñal. Non estamos falando de países do terceiro mundo. Portugal, que se non é tan europeo coma nós non é menos, na súa Constitución recoñece este tipo de propiedade. E iso é unha das claves fundamentais da lei que presentamos mediante iniciativa lexislativa popular.

Se isto non é así seremos a xeración galega que non foi quen de defender estas terras ante os ataques. E mira que os montes veciñais tiveron vagas agresivas e hostís, até cinco, estamos na quinta. Pero nas catro anteriores a resistencia da veciñanza comuneira á perda das súas terras impediu que estas desapareceran. E non caería ben que tiveramos que recoñecer que fomos a xeración que non fomos quen de salvar —non polo feito histórico nin sentimental— os montes veciñais porque, ademais de que poden ser unha peza para desenvolver o medio rural, son un sinal de identidade da nosa nación.

Como se está rematando o tempo, que esta proposición de lei mediante iniciativa lexislativa popular sexa tomada en consideración é o que solicitamos aos tres grupos parlamentarios: ao BNG, ao Partido Popular e ao Partido Socialista Obreiro Español.

Remato a miña intervención cun saúdo da veciñanza comuneira. Como non entendemos moito de mecánica parlamentaria e de cortesía parlamentaria, pido desculpas por anticipado se o saúdo que vou dicir queda fóra da norma do Parlamento. E o saúdo da veciñanza comuneira, neste caso dirixido aos deputados e ás deputadas, é: ¡saúde, terra e monte veciñal! *(Fortes aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pereira.

Pode vostede ocupar o escano que está alí ao fondo, preto da porta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pode vostede ocupar ese escano.

E diríxome aos invitados hoxe na tribuna. É unha norma; ao mellor posiblemente porque non llela explicaron. Cando hai un debate, entre a xente que asiste aos debates no público,

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

temos unha norma de que nin se fai aprobación nin rexeitamento do que se debata. É unha norma que temos. Eu pídolles, por favor, se a poden cumprir.

Moitas grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

É norma. Soamente dei a coñecer a norma, nada máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero xa llelo dixen. Creo que llelo dixen dun xeito normal, como se deben dicir as cousas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

En primeiro lugar, saudar a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común, que hoxe despois de moitas horas de traballo e de moito esforzo estades aquí presentando a debate a toma en consideración desta Lei de montes veciñais, así como a todos os veciños e veciñas de Galicia que forman parte desta figura, todos os comuneiros e comuneiras que nos acompañan hoxe na tribuna do Parlamento e que estades apostando polo noso rural e pola nosa terra. Moitas grazas e en hora boa. *(Aplausos.)*

Tampouco o Grupo Parlamentario Socialista pode deixar de amentar hoxe dúas persoas: o presidente Fernández Laxe e o conselleiro Francisco Sineiro, que foron quen de facer unha lei no ano 1989 —como dicía Alfonzo— co consenso de seis grupos parlamentarios, e que por iso chegou ata este momento. *(Aplausos.)* Entón, é importante hoxe telos presentes. *(Aplausos.)*

Os montes veciñais en man común son unha das realidades máis relevantes do dereito galego. Un valor que reside en que os montes veciñais ocupan unha superficie moi importante da extensión galega, concretamente, a terceira parte da superficie forestal; xeran importantes beneficios para o medio rural dende o punto de vista social, económico e ambiental; xestionan o seu ciclo produtivo, o que supón unha transformación dos recursos dispoñibles nestes territorios e o aproveitamento multifuncional e sostible dos mesmos. Cabe destacar os seguintes usos e servizos do monte veciñal: aproveitamentos forestais e de recursos naturais, como están nomeados na actualidade as enerxías renovables, e aproveitamentos agrícolas e gandeiros, así como servizos sociorrecreativos. Vemos que os montes veciñais poden ser unha fonte indispensable de recursos sobre as comunidades veciñais nas que se asentan. E tamén porque esta figura debe incidir de forma decisiva na economía do noso rural, pola súa función ecolóxica, de protección do medio ambiente; sen obviar a súa función social. Os montes veciñais teñen que asumir o papel económico e estratéxico que lles corresponde, e hai que darlles instrumentos para iso.

Galicia conta con 3.372 montes veciñais coa consideración de montes veciñais en man común; ocupan unha superficie nada máis e nada menos de 662.404 hectáreas, o que fai

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha media de case duascentas hectáreas por este tipo de propiedade colectiva, tan común en Galicia; esténdense por douscentos corenta e oito dos trescentos trece concellos de Galicia e ocupan —como dicía antes— un vinte e cinco por cento do territorio galego, aproximadamente.

Son unha forma de copropiedade xermánica que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen ás comunidades de veciños na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e veñen aproveitándose consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños. Contan cunha regulación específica que establece que son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles, inembargables, co que cada un pertence conxunta e indivisiblemente á totalidade dos comuneiros que conforman en cada momento a agrupación veciñal.

Dada a súa especial natureza de propiedade privada colectiva, o que lles dá así un carácter de semipúblicos, aínda que sempre respectando que son bens de natureza privada. Hai que destacar que teñen capacidade xurídica para o incumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos, así como a súa administración e disposición.

Tamén son administrados pola comunidade propietaria, isto é, os membros que conformades o grupo comunitario que en cada momento os habita. Esta nin se constitúe nin se extingue de forma voluntaria, o que lles dá así o seu carácter incidental, senón que é creada a partir dunha serie de usos e costumes, é dicir, o momento da súa constitución como tal é indeterminado.

E indo ao tema que nos ocupa —como xa manifestou o Grupo Parlamentario Socialista en iniciativas nesta Cámara e na Comisión 7ª—, entendemos que convén desenvolver nesta lexislatura unha actualización da lexislación reguladora dos montes veciñais en man común, coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual dos mesmos. Os motivos son obvios.

Dende que se aprobou a actual lei cun Goberno socialista, presidido por González Laxe, cunha ampla participación pública e consenso de todos os grupos —e espero que o Goberno galego tome nota de ambas as dúas cuestións—, os cambios producidos na sociedade galega foron moi profundos, dende o abandono debido ao despoboamento no rural, desaparecendo moitas comunidades de montes veciñais, aínda que perdurando os montes veciñais polo seu carácter incidental.

O Estatuto de autonomía establece no seu artigo 27.11 de xeito inequívoco a competencia exclusiva da nosa comunidade autónoma en materia de réxime xurídico dos montes veciñais. E a Lei 13/1989 constituíu un paso importante cara á regulación desta propiedade peculiar e ben característica de Galicia, tantas veces posta de manifesto polos expertos, reivindicada e reclamada pola realidade económica, tal e como recollía na súa exposición de motivos a propia lei. Pero transcorridos máis de trinta anos dende a promulgación daquela primeira normativa galega, cómpre adecuala e mellorala conforme as circunstancias actuais, co obxectivo de promover unha nova norma que, ademais de actualizala, posibilite que esta modalidade específica e ampla do noso monte se converta nunha peza clave para o desenvolvemento sus-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tentable do medio rural galego, reforzando o protagonismo das comunidades de montes en man común, configurándoas como axentes fundamentais de capacidades para a súa posta en valor, á vez que facilitar a intervención pública de xeito subsidiario a aqueles cando se poida producir inacción por causas diversas que poñan en risco o monte, actualizando ou introducindo elementos novos sobre a normativa existente.

No pleno do 27 de setembro do presente ano debatiamos nesta Cámara unha iniciativa presentada por este grupo parlamentario na que se instaba a Xunta de Galicia ao cumprimento das actuacións ás que se comprometeu o Goberno galego a consecuencia das recomendacións do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios e do Plan forestal de Galicia. En definitiva, instabamos a que se cumprira un acordo parlamentario votado a favor polo Grupo Popular e polo Grupo Parlamentario Socialista. Deuse un consenso xeneralizado nas comparecencias dos expertos sobre o feito de que os montes veciñais en man común teñen que ter un papel principal na ordenación do monte galego, tanto polo seu tamaño medio, superior ás duascentas hectáreas, o que as converte nos grandes propietarios galegos, os chamados «latifundios populares» —chámanos así os expertos— como pola superficie total que ocupan no territorio galego.

Por iso, ese ditame aprobado polo PSdG recollía tres medidas: a 46, a 47 e a 53. A creación dun consello de comunidades de montes veciñais para a representación das comunidades, a defensa dos seus intereses específicos e a interlocución coa administración, cunha composición maioritaria de representantes elixidos polas comunidades de montes, garantindo unha distribución territorial equilibrada. Unha vez establecido este consello, a actualización do que hoxe falamos aquí, a actualización da lexislación reguladora dos montes veciñais coa finalidade de adecuar a regulación á situación actual dos mesmos.

E a recomendación 47, a elaboración pola Consellería do Medio Rural dun informe que certificara a situación actual das comunidades de propietarios dos montes veciñais en man común, no que se detalle de xeito específico a súa estrutura organizativa, o cumprimento das súas obrigas legais e a existencia de instrumentos de ordenación e xestión forestal dos seus montes. En definitiva, levar a cabo a investigación da situación institucional e o grao de goberno dos montes veciñais.

Certo é que a pesar da insistencia deste grupo parlamentario en que o Goberno da Xunta de Galicia cumpra coa palabra dada, no día de hoxe ningunha das tres medidas se levaron a cabo. De feito, votaron en contra da proposición que presentamos os socialistas da creación do consello de comunidades de montes en man común. E preguntabamos ao PP nese momento se vostedes teñen a vontade, que é o que dicían, de cumprir coa recomendación 53, a actualización da lei do grupo de expertos, ¿por que van facer caso omiso desta recomendación de constituír o órgano consultivo previo e necesario segundo entende o Grupo Parlamentario Socialista? ¿Por que non establecen estes sistemas máis garantistas, en canto á representación en defensa dos intereses dos montes veciñais, á representación das comunidades que hoxe estades aquí?

Dentro desta actualización desta lei deberán terse en conta de maneira particular certas cuestións que serán claves e nas que traballaremos os socialistas con achegas á lei, tales

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como a especial atención aos casos de inexistencia da comunidade, o impulso do aproveitamento económico dos montes en man común, a regulación máis ampla que na actual lexislación de negocios xurídicos que vinculen a totalidade ou parte da superficie do monte e se destinen a unha explotación agrícola gandeira e forestal. Esa será —como dicía Alfonso Pereira— outra cuestión, o contido desa lei, que analizaremos nese momento.

Pero para rematar —reiteramos— transcorridos máis de trinta anos dende a promulgación daquela lei, a lei de 1989, cómpre adecuala e mellorala conforme as circunstancias actuais, co obxectivo de promover unha nova norma que, ademais de actualizala, posibilite que esta modalidade específica e ampla do noso monte se converta nunha peza fundamental e clave para o desenvolvemento sustentable do medio rural galego. E por iso obviamente imos aprobar esta toma en consideración desta iniciativa popular.

Moitas grazas e nada máis.

¡En hora boa! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente.

Bo día a todas e todos.

Bo día ás xentes da Organización Galega de Comunidades de Montes, das comunidades de montes en xeral que nos están a visitar hoxe.

Eu o primeiro que quero dicir é que é moi difícil falar de comunidades de montes despois de que falase Alfredo Pereira. Imos intentar facelo o mellor posíbel.

Eu quería comezar dicindo que este ano no noso país arderon máis de cincuenta e unha mil hectáreas vítimas dos incendios forestais, vítimas da mala ou nula xestión do territorio, segundo os casos, vítimas nese momento indefensas; nunha altísima porcentaxe do total, vítimas do despoboamento, do avellentamento e da perda desa relación produtiva co monte.

Arderon —lembrouno aquí nesta mesma tribuna o conselleiro do Medio Rural na súa tardía comparecencia neste pleno— sobre todo comunidades de montes. E eu agora que mencionei o conselleiro, quero resaltar que hoxe desgraciadamente, máis unha vez, non nos acompaña neste hemiciclo para un debate que para nós é fundamental na ordenación do noso territorio referido ás comunidades de montes. Lamentar máis unha vez que o conselleiro do Medio Rural non estea aquí. *(Aplausos.)* Porque é probábel que se o noso país contase cun goberno digno de tal nome, o obxectivo de reverter a situación esta de abandono, de mala xestión do monte tería que estar encabezando boa parte das políticas activas e as previsións de traballo tanto no curto como no medio como no longo prazo. E, por desgraza, iso non é así.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde o BNG queremos parabenizar a Organización Galega de Comunidades de Montes, parabenizar as veciñas e os veciños comuneiros por este traballo colectivo; un traballo que nace da vontade, que nace da democracia e que nace do amor pola terra. Esas tres cuestións quedan reflectidas neste documento que se nos presenta para que sexa tomado en consideración. Delas nace —repito— unha iniciativa lexislativa popular que o pretende é ter unha incidencia directa sobre unha superficie que representa —xa se dixo aquí— máis do vinte e cinco por cento do conxunto de toda Galiza. Son máis de setecentas mil hectáreas; unha cuarta parte do total do noso territorio. Dúas mil oitocentas comunidades de montes xestionan esa inmensa extensión de territorio, case tres mil comunidades que se encontran —é evidente— en diferentes situacións de funcionamento. Desde as que teñen unha xestión moi eficiente, que xeran desenvolvemento económico, que xeran postos de traballo, que fixan poboación e que ademais xeran riqueza ambiental tamén, até as que se atopan *de facto* en abandono, pasando por estadios de todo tipo.

E eu quero facer tamén unha pequena acotación para falar da, por termo medio, nefasta ou —imos dicir— manifestamente mellorábel situación na que se atoparon nos últimos anos a gran parte dos montes conveniados coa propia Xunta de Galiza dentro das comunidades de montes. *(Aplausos.)*

En todo caso, sobre todas as situacións dos distintos montes veciñais hai que traballar, e a todas elas hai que dedicar atención. Porque como dixo aquí, moito mellor ca min, o presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, todas elas representan unha riqueza para o noso país. Porque unha cousa é a que as une, que é a vontade de pervivencia a pesar dos distintos atrancos que se lles presentan. E de aí a pertinencia e a importancia que ten que este Parlamento admita a trámite esta iniciativa lexislativa popular. Porque as comunidades de montes hai que traelas ao século XXI, hai que defendelas dos ataques que se lles presentan desde distintos ámbitos e hai que facilitar, por exemplo —mencionouse tamén aquí—, que poidan percibir axudas como comunidades enerxéticas, cousa que se lles está negando de xeito sistemático. Isto por poñer un exemplo, ¡eh!

O que temos aquí hoxe é sociedade civil autoorganizada que o que nos está a reclamar é que afrontemos sen máis demora a reforma dunha norma, que é do 1989 e que no día de hoxe non se axusta á realidade no noso país. E ademais faino despois de que desde a Xunta paralizasen aquela ansia que parecían ter agora vai un ano pola principal actualización lexislativa, e que agora semellou esmorecer por arte de birlibirloque. Porque eu non sei se lembran, señoras e señores do Partido Popular, o debate que aquí se daba vai xustamente un ano cando desde a Xunta tramitaron pola porta de atrás —máis unha vez como este ano— a Lei de acompañamento aos orzamentos, para este ano que agora estamos a rematar, na que implantaron unha reforma importante da actual e en vigor Lei de montes veciñais.

¿Que vocación tiñan estes cambios? Pois, por unha banda, traspasar alí onde non existira veciñanza os montes veciñais ás titularidades públicas, eliminando así dun plumazo o seu carácter veciñal, e, doutra banda, a posibilidade que por razóns —repetirémolo moitas veces— puramente democráticas un monte veciñal en man común poida ser declarado en estado de grave abandono ou degradado, para que unha vez feita esa declaración o monte veciñal en tal estado poida ser entregado á xestión dunha empresa forestal ou madeireira por un período de até cincuenta anos.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E nós preguntabámonos naquel momento, preguntabamos aquí por que esas présas, por que ese xeito de introducir esas mudanzas de tantísimo calado na lei do 1989, cando a propia consellería anunciaba, e reiterábao posteriormente na primeira reunión deste ano que remata do Consello Forestal de Galiza, que se ía modificar esa norma. Incluso fixeron aquel arremedo de consulta pública que rematou o pasado maio, creo que o día 9. É unha consulta sobre a nada máis absoluta, na que non había ningún documento de ningún tipo sobre o que poder facer achegas ou alegacións. Polo tanto, unha consulta —reitero— sobre a nada.

E máis unha vez para nada tamén, porque semella que finalmente esa norma desde logo neste ano non vai chegar. Entendemos que non queren conflitos antes das eleccións municipais. De feito, na súa comparecencia en relación coas liñas mestras da Consellería do Medio Rural para o ano que imos comezar, o conselleiro nin sequera mencionou esta nova normativa, como si mencionou, por exemplo, a de incendios forestais.

E nós temos claro que ante a dicotomía de coidar do noso de xeito activo dotando de ferramentas, orzamentos, políticas, vontade de modernizar, garantir ese relevo xeracional, aproveitar as potencialidades, todas as potencialidades daquilo que nos caracteriza ou nos fortalece, ou, por outra banda, tentar apropiarse desa inmensa superficie de territorio para dotar empresas privadas e proxectos empresarias, a Xunta até o de agora sempre tivo claro cal é o seu bando e, desde logo, non era o da xente.

Desde o BNG —dixémolo no seu momento—, aquela importante modificación que se introduciu na Lei de acompañamento dos orzamentos só se entendía do punto de vista de poder adiantar a posibilidade de furtar estas terras ás comunidades de montes de cara a distintas cuestións: a promoción da Lei de recuperación da terra agraria, facilitar terras de balde a empresas de diversa índole, incluso, vendo o que se está a facer con moitos proxectos de mobilidade de terras no interior, favorecer favores políticos a empresas ou socios do Partido Popular para garantir esa nova rede de vontades debidas. E visto o visto naquel momento desde o sector, desde a Organización Galega de Comunidades Montes, alzáronse moi pronto voces críticas contra aquelas reformas lexislativas introducidas nesa Lei de acompañamento.

E esta ILP que hoxe chega a este hemiciclo para debater a súa entrada a trámite foi unha resposta directa a esa acción da Xunta de Galiza. Pretende cousas moi básicas, cousas fundamentais, que son estabelecer as liñas mestras para que a norma poida satisfacer realmente as necesidades do sector e contrarrestar os cambios normativos impulsados polo Partido Popular noutros ámbitos para permitir privatizar estes montes veciñais en man común.

E acábao de explicar tamén Alfredo Pereira infinitamente mellor do que podo facelo eu, o texto desta proposta de lei de montes veciñais rexistrado pola Organización Galega de Comunidades de Montes foi elaborado en asembleas de comunidades de montes celebradas por todo o país, en todas as zonas de Galiza; xorde, polo tanto, das propias comunidades e reflicte o seu sentir.

Os principios fundamentais que motivan a presentación desta ILP son o reforzamento do carácter xermánico, polo tanto, comunal, destes montes veciñais, a mellora do seu funcionamento asembleario e democrático, o recoñecemento da titularidade veciñal como unha

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis e diferente das titularidades pública e privada, acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel e unha fiscalidade axeitada á figura e ás funcións dos montes veciñais.

Eu non sei se lembran as súas señorías do Partido Popular que esta cuestión xa se debateu aquí. Xa se debateu no mes de marzo cando o BNG pediu que esta ILP fose tomada en consideración cando chegase a este Parlamento, foi o 11 de marzo, unha iniciativa que naquel momento decaeu máis unha vez polo voto en contra do Partido Popular. Nós dixémolo daquela: vostedes non gustan da veciñanza comuneira, non gustan porque non a entenden, non lles gusta, considérana unha rémora do pasado. É moito máis fácil para o Partido Popular tratar con empresas, tratar con entidades que non teñan este compoñente democrático, asembleario, polo tanto, de vontade colectiva.

E nós entendemos que o interese do PP, por desgraza, é intentar laminar na medida do posíbel este tipo de propiedade. E iso é terríbel porque o Partido Popular hoxe que ostenta o Goberno da Xunta —esperemos que por pouco tempo—, que teñen polo tanto o maior poder para defender, para coidar aquilo que é noso, son tamén a día de hoxe os que máis o están a atacar.

Desde o BNG entendemos que o monte veciñal ten un papel fundamental para desenvolver no futuro do noso país, que unha comunidade de montes viva é garantía de fixación de poboación, é garantía de xestión do territorio, é garantía de relevo xeracional e é garantía en fin de futuro para o noso país.

A Xunta ten unha responsabilidade, e moito nos tememos que a súa vontade vai nun sentido diferente do seu deber. Están a tempo de verdade de convencernos de que estamos erradas. Nós desde o BNG pedímoslle que apoien a entrada a trámite desta ILP, que logo pode ser mellorada con emendas de todos os grupos e aportacións de distintos sectores vinculados tamén co territorio, pero que valoricen, sobre todo, a vontade e o esforzo cidadán que supón poder ter chegado con esta ILP até aquí. Apoien esta tramitación, enriquezámola entre todos e sigamos adiante defendendo o monte veciñal.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, deputados e deputadas. E, moi especialmente, moi bo día e benvidos a todos os que nos acompañan dende a tribuna. Eu tamén, por suposto, me sumo ao agradecemento polo seu traballo e, sobre todo, pola súa preocupación polo noso rural e pola súa aportación que hoxe analizamos aquí.

Dixérono os que me antecederon no uso da palabra, pero non por iso quero deixar de insistir: máis de tres mil trescentos montes clasificados, máis de seiscentas sesenta e catro mil hectáreas, e ademais abordo eses números coa sensibilidade de vir da provincia que ten o trinta

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por cento deses montes, onde non é un número, senón onde lle poñemos nome e apelidos a moitas das familias que son comuneiras e que se preocupan e que traballan coordinadamente para sacar o mellor de si e o mellor do noso rural.

Consenso, unanimidade, e destacou o señor Pereira o valor engadido que aportan os montes veciñais ao noso rural, e o máis importante, que empezarei e rematarei con esa frase de «terras cargadas de futuro», e así o considero e así o considera o Goberno galego. Existe un claro compromiso por parte do Goberno de abordar a revisión desta lei. Abordalo dende un proceso participativo e, dende logo, dende ese espírito que no seu momento recordaron tamén hoxe aquí quen aprobou esa lei. Unha lei que aínda hoxe, cada vez que un le a súa exposición de motivos, pois certamente se bota en falta esa altura de miras, esa capacidade de construír e, dende logo, ese traballo nun momento histórico ben distinto de Galicia onde, aínda que moitos de maneira reiterada se empeñan en negar, o rural cambiou; cambiou e, dende o noso humilde punto de vista, cambiou para ben.

Cómpre destacar que esa necesidade de revisión, nesta normativa rigorosa, xa foi evidenciada dentro das directrices do Grupo de Traballo do Consello Forestal. Para a revisión do Plan forestal de Galicia —que vostedes coñecen— no período 2021-2040, en concreto, abordouse nas directrices 11, 100 e 115. Todas elas apuntaban medidas e aspectos que entendían que debían ser analizados e revisados.

Por exemplo, a directriz número 11 apuntaba nove medidas. Consideraba que era necesario fomentar as avinzas ou os deslindes amistosos con posibilidade de arbitraxe pola administración. Consideraba preciso a simplificación de trámites administrativos; a actuación da administración para evitar ocupacións ilegais; o fomento da organización activa das comunidades de montes e a existencia de xuntas reitoras; a defensa e integridade da superficie de montes veciñais en man común; priorizar axudas a deslindamentos parciais consensuados entre comunidades —sen dúbida, insisto nesta medida, que me consta que provoca moitísimos problemas e en moitos casos incluso afectando a convivencia entre parroquias—; actuacións proactivas dos xurados provinciais, tales como a corrección de esbozos con base na disposición transitoria da Lei 7/2012, de montes veciñais de Galicia; disposición e seguimento da planificación dos instrumentos de ordenación e xestión forestal; apoio á xestión profesionalizada por medios propios ou mediante terceiros.

Na directriz número 100, que abordaba o marco normativo e a representatividade sectorial, dispoñía que se debían revisar os seguintes aspectos —seis enumeraba—: o desenvolvemento de criterios para declarar o estado de grave abandono na xestión do monte, da figura da extinción da comunidade veciñal na xestión do monte; o réxime xurídico das comunidades e dos montes veciñais, organización e funcionamento das comunidades, xuntas, asembleas, convocatorias, acordos e maiorías, pois o actual grao de organización das mancomunidades é baixo; as comunidades deberían posuír personalidade xurídica; reconsiderar a figura actual dos xurados provinciais de clasificación dos montes e a súa composición; a regulación dos actos de disposición e acordos asemblearios para a repartición dos lotes ou sortes; e a clarificación do papel da Administración forestal na súa tramitación de ser necesario en calquera caso rexistro e salvagarda de cumprimento.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A 15 abordaba tres aspectos que entendían que tamén tiñan que ser revisados, relativos ao fomento e á fiscalidade forestal, en relación coas principais demandas en materia de mellora do actual réxime fiscal especificado nas comunidades de montes. Primeiro, a redución do tipo impositivo actual do 25 % no imposto de sociedades; a ampliación do coeficiente de redutores progresivos sobre os ingresos da venda de madeira de especies forestais con período de maduración longos, para compensar a imposibilidade de actuación dos custos dos traballos silvícolas; e, en terceiro lugar, a ampliación do prazo de compensación das bases impoñibles negativas ou a posibilidade de deducir unha provisión para gastos ou reinvestimentos futuros.

Neste aspecto, ademais, na primeira revisión do Plan forestal de Galicia, que titulabamos «Cara á neutralidade carbónica», que se aprobou en outubro pasado no ano 2021, reflicte do mesmo xeito, e así se presentou no seo do Consello Forestal, a necesidade de modificar a actual Lei de montes e o seu regulamento, concretamente nesta primeira revisión apuntaban o eixo 3, a sección 2.2, Xestión forestal e loita contra o abandono, dentro do Programa de dinamización e xestión dos montes veciñais, e no eixo sexto, a sección 3.1, De planificación, ordenación e gobernanza, dentro do Programa da gobernanza do monte galego, Iniciativas de desenvolvemento normativo.

É tamén creo que importante traer a colación hoxe aquí que nas recomendacións do ditame da Comisión forestal que foi aprobado polo Pleno no Parlamento de Galicia no ano 2018, co apoio das tres cuartas partes da Cámara, tamén facían esta necesidade. Polo tanto, creo que cun amplo consenso.

Ademais, esta modificación está prevista para o período 2021-2025. Por iso, co fin de que o proceso sexa o máis participativo posible, o máis transparente e o máis garantista e público, comezouse coa elaboración dun libro branco que recolla todos os aspectos legais que debe ter en conta o novo marco normativo. Todo este traballo que hoxe aquí analizamos, evidentemente, non é en balde, e será tido en conta, e serán aportacións para ese libro branco e posteriormente para ese documento que será o anteproxecto de lei.

Esta proposta de inicio de revisión do marco normativo saben que foi tamén abordada o 18 de xaneiro no Consello Forestal, ese órgano consultivo e asesor da Administración galega en materia forestal e que, dende logo, ten unha canle de participación pública de colaboración dos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica, coa remisión por parte dos seus membros de achegas para ser contempladas no libro branco.

Adicionalmente —como tamén saben— iniciouse unha exposición pública e un período de remisión de achegas, dende o 7 de abril ao 24 de maio deste ano. Esta consulta pública aberta recibiu cincuenta e nove aportacións, que tamén terán que ser tidas en conta con carácter previo para a elaboración dese libro branco e posteriormente o proxecto ou o anteproxecto de lei.

Durante este prazo animouse os interesados a faceren propostas sobre cuestións que se deban abordar na futura normativa. Finalizado ese trámite, está o Goberno galego neste momento a elaborar o borrador dese devandito libro branco, tal e como se acordou e se comprometeu no ámbito do Consello Forestal. Este libro branco será levado a consulta a ese

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consello Forestal e tamén elevado a exposición pública no primeiro trimestre deste ano que entra, para que se fagan as correspondentes alegacións.

Ese é un proceso —como dicía— participativo, aberto, público e para un instrumento tan transcendental para a modificación dunha institución como son os montes veciñais en man común, cunha fortaleza histórica, probablemente con poucos precedentes na análise xurídica, non só no noso país, senón no mundo, entendemos que debe ser perfectamente reforzado.

Eu remato como empecei: primeiro, dando as grazas por todas as aportacións que fomos recollendo en todas as fases que se foi expoñendo dende principios deste ano. Agradecer ao señor Pereira sempre o seu talante construtivo e as súas reunións positivas, das que eu persoalmente confeso que aprendo cada vez que o escoito. E, sobre todo, facer ese chamamento a ese consenso e a ese espírito conciliador porque hoxe todos, todos os grupos políticos que formamos parte deste Parlamento, toda a sociedade civil e todas aquelas entidades que forman parte do Consello Forestal, estamos chamados a construír unha ficha histórica na regulación dunha institución absolutamente transversal, imprescindible na economía do noso sector primario, do noso rural, como son os montes veciñais en man común.

Estamos chamados a facer historia. Eu apelo a ese consenso do ano 1989 para seguir sumando. Apelo por convicción persoal, pero porque sei tamén do desexo dos galegos e galegas que nos votaron para que hoxe tiveramos ocasión de intervir aquí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Rolda de replica.

Ten unha quenda durante cinco minutos o señor Pereira.

Cando queira.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Pereira Martínez): Bo día de novo.

Dende a Comisión promotora queremos manifestar o noso agradecemento tanto ao Partido Socialista como ao BNG porque se posicionaron para que esta Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común se tomase en consideración.

A verdade é que non podo dicir o mesmo da portavoz do Partido Popular, porque non sei neste momento cal vai ser o seu voto. Intúo, polo que dixo e polo ao que fixo referencias, que vai ser negativo. O Partido Popular volve amosar a faciana co que fai respecto dos montes veciñais, que é a súa eliminación para entregárllelos de balde aos intereses capitalistas, urbanísticos e especulativos.

Eu agradezo moito á portavoz do Partido Popular porque clarificou o que pretende o Partido Popular: privatizar os montes veciñais. Cando fala de dotar os montes de personalidade

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xurídica, dotar as comunidades de montes de personalidade xurídica é eliminar o carácter xermánico e converter en carácter romano, e xa que logo entrar... *(O señor Pereira Martínez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Agradezo a claridade porque nesta proposta surrealista que presentou a consulta pública a Consellería non se atreveu. Claro, cando se escribe nunha linguaxe que quen o le pode interpretar unha cousa ou o contrario é fácil enganar. Pero como dicía aquel político norteamericano Lincoln: pódese enganar unha persoa un tempo, pódese enganar moito tempo algunhas, pero a todos e todo o tempo non se pode enganar. E aquí agradézolle a palabra da portavoz do PP, pois dixo: o que nós levamos defendendo dende sempre. Porque aquí non di dotar as comunidades de montes de personalidade xurídica, non, pero di —isto no texto que saíu a información pública; non invento nada—: harmonizar a norma dos montes veciñais coa normativa do Estado. É iso, privatizar. Dotar as comunidades de montes de personalidade xurídica e proceso de privatización.

Isto xa estaba claro, pero, ademais, nese texto tamén se di: estudar a condición de veciño ou veciña comuneiro. É que non hai nada que estudar. Veciño ou veciña comuneiro son aquelas persoas que viven no lugar, na aldea, na parroquia onde hai monte veciñal. Pero ¿que hai detrás deste texto? Hai o que pretende o Partido Popular, pretende que sexan comuneiros e comuneiras as persoas físicas e xurídicas que teñan relación co monte. É dicir, neste momento, o Real Club Celta de Vigo, que se aprobou aquí, non roubaría o monte de Tameiga, sería comuneiro de Tameiga, para máis inri.

Iso é o que pretende o Partido Popular. E eu agradezo moitísimo que se dixera aquí, porque a propiedade xermánica non pode ter personalidade xurídica, senón deixa de ser xermánica; é unha das condicións. Porque a diferenza de calquera entidade asociativa, da muller, ecoloxista, as comunidades de montes non se poden crear se non hai un acto previo. Eu non podo ter a vontade de crear unha comunidade de montes aquí en Compostela. ¿Por que? Porque non hai monte veciñal. Sen embargo, pódoa montar en calquera aldea, lugar ou parroquia onde hai monte veciñal.

Polo tanto, está claro que o que pretende o Partido Popular é proceder á privatización, e díxoo claramente. Agradezo moitísimo que se dixera, porque cando ás veces aquí neste Parlamento se ten falado de que hai unha organización que insiste moito na privatización, ¡bueno!, témolo claro e a veciñanza teno claro.

E, ademais, eu non concibo que un partidopolítico que representa a cidadanía lle dea un plumazo a 12.010 firmas que acompañaron aí ao pé, e recollidas sobre todo entre a veciñanza comuneira, nos lugares, nas aldeas, nas parroquias. Desprezar —porque esta é a palabra— 12.000 firmas paréceme un acto que queda fóra de lugar.

Agora, que saiba o Partido Popular que ides lograr unha vitoria pírrica. Xa o dixen antes, a resistencia da veciñanza comuneira foi quen de soportar catro vagas históricas agresivas e hostís contra os montes veciñais e recuperounos. Estades usurpando o monte veciñal tal e como fixo o franquismo, coa diferenza de que o franquismo usurpou a favor dos concellos e vós dades un paso máis, usurpades a favor dos intereses capitalistas, urbanísticos e especulativos. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Agora ben, como remata o tempo, remato con esta frase parafraseando a Castelao: a historia non vos absolverá e seredes uns usurpadores de montes veciñais fracasados. *(Risos.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pereira.

(Aplausos.)

Prégolle aos servizos da Cámara que acompañen o señor Pereira á tribuna do público.

Continuamos cos textos lexislativos.

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro, e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto

O señor PRESIDENTE: Todo isto faise tendo en conta que a Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 15 de novembro de 2022, acordou propor ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei ao abeiro do disposto no artigo 134 do Regulamento.

Antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única, ábrese unha rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de cinco minutos cada un para fixar a súa posición respecto da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única.

Comezamos, polo tanto, polo señor Gonzalo Caballero por un tempo de cinco minutos.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE, o Grupo Socialista, vai respaldar esta tramitación. Hoxe vén a Pleno o Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia. Esta lei desenvolve a aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro. E este é un asunto relevante, os prazos importan, hai principio de acordo social no Estado cos sindicatos de clase que implica o desenvolvemento dese principio de acordo no conxunto do estado das autonomías. Desenvolve, polo tanto, un Real decreto lei que require unha tramitación urxente e apoiamos a tramitación por lectura única. Plantexaremos a continuación, na seguinte intervención, todo o fondo e reflexión que o Grupo Parlamentario Socialista quere trasladar a esta Cámara. Pero, dende logo, asumindo que esta é unha vía recollida para a aprobación lexislativa en casos excepcionais que se axustan ás características que amosa esta lei, nós consideramos ademais que, non presentándose emendas á totalidade, o procedemento de lectura única se axusta a este Proxecto de lei. E, dende logo, esa vai ser a posición do Grupo Parlamentario Socialista.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sen nada máis, despois trasladaremos a posición de fondo sobre a cuestión.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gonzalo Caballero.

Agora compráceme darlle a palabra ao deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, xa recuperado.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

A min compráceme tamén recibir a palabra. *(Risos.) (Aplausos.)*

As miñas primeiras verbas son para dar o agradecemento ás persoas do Partido Popular e do Partido Socialista que se preocuparon durante estas semanas —para min moi longas— sobre como ía evolucionando e como estaba. Pois sinceramente moitas grazas.

E moitas máis grazas aos meus compañeiros e compañeiras do grupo parlamentar, empezando por Ana Pontón e rematando por Dani Pérez —que non vou dicir nada de Dani porque xa me ameazaron con que acabariamos en Tele 5—, polo cariño e pola preocupación, por asumir esa carga de traballo. En definitiva, e como diría ese ignoto poeta, «*somos sentimentos e temos persoas*». *(Aplausos.)*

Ben, en relación con este posicionamento sobre o trámite de urxencia, vemos realmente un problema e é que nos últimos tempos o procedemento lexislativo ordinario se está facendo en excepcional; e o que son especialidades para casos puntuais, casos concretos e moi determinados, estase convertendo na regra xeral. Así, vemos que na Lei de acompañamento vostedes modifican pola porta de atrás aproximadamente cincuenta disposicións normativas, tamén vemos como o Proxecto de lei para a estabilización do sector público o tramitan polo procedemento de urxencia, cando hai aproximadamente un ano que se sabía ou se prevía que fora necesaria esa norma. E agora, penso que quizais o máis xustificábel dos casos aos que nos estamos a referir, pois propoñen lectura única para a aprobación dun novo texto lexislativo. ¿Cal é o problema desta alteración do procedemento lexislativo ordinario? Pois que estamos limitando, están limitando, as posibilidades de intervención da cidadanía, directamente ou por medio das súas representantes, e, xa que logo, as posibilidades para o diálogo, para o acordo, para o consenso.

Está de campaña, con iso dos 40 anos, que o Parlamento é a casa da palabra. Pois se é a casa da palabra, utilicémolo para —sosegadamente, razoablemente— trasladármonos propostas, escoitar as propostas dos demais para poder mellorar os textos e as normas que se presentan.

Pero con todo e con iso, eu creo que o máis preocupante é que continúa unha deriva de degradación deste Parlamento, máxima institución da soberanía do pobo galego. Vostedes, á marxe do procedemento lexislativo, están permitindo que a Xunta de Galiza continúe a obstaculizar o deber de control da oposición sobre a acción de Goberno negándolle información e documentación que o propio Parlamento solicita. Vostedes permiten o incumprimento regulamentario do deber de transparencia e que algúns deputados marchen sen xustificar un

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incremento patrimonial de 800.000 euros en apenas ano e medio. E xa non nos remontamos a algo que algúns vivimos neste propio Parlamento como é, nos antecesores do trumpismo, douscentos altos cargos do Partido Popular que intentaron entrar nesta institución pola forza.

En suma, instámolos ao respecto a esta Cámara, ao procedemento lexislativo, ao procedemento de control e ao procedemento e normas establecidas no Regulamento. E sobre este proceso, sobre este procedemento de lectura única, e a fin de que as traballadoras do sector público galego poidan percibir os atrasos o antes posible —porque o máis preocupante desta norma non é o que contén, senón o que non contén— imos votar a favor da súa tramitación por lectura única.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame que me una á satisfacción e á alegría por telo entre nós de novo, e polo que acabamos de ver en plena forma, aínda que traendo debates que xa están un pouco esquecidos a esta Cámara. Alegrámonos moito da súa recuperación. E, insisto, da súa intervención despréndese que vén en plena forma.

Ben, como é natural, nós imos apoiar a lectura única por unha cuestión estritamente formal, que cumpre o Regulamento. E isto é importante, é dicir, non se pode falar de que se degrada o Parlamento cando estamos cumprindo o Regulamento e ademais cun amplo grao de consenso. Porque o Regulamento establece no seu artigo 134 que, cando a natureza dun proxecto o aconsellar ou... —polo tanto, «ou» non quere dicir que ten que concorrer, senón que pode ser alternativamente «a súa simplicidade» ou «o aconsellar»— pode tramitarse por lectura única; e aquí coinciden as dúas cousas. Efectivamente, do que se trata é de dar cumprimento a unha lexislación básica que consiste en incrementar as retribucións no exercicio vixente aos empregados públicos; iso, evidentemente, é urxente dado que estamos en novembro. E, en segundo lugar, a natureza é bastante sinxela: trátase simplemente de contemplar unha suba retroactiva desde o 1 de xaneiro deste ano do 1,5 % aos empregados públicos, que se xunta á que xa está nos orzamentos do 2 %, co cal, este ano a recuperación de poder adquisitivo non chega ao nivel da inflación pero é importante, é do 3,5 % no seu conxunto.

Por iso nós, loxicamente, imos votar a favor da tramitación polo procedemento de lectura única dun proxecto de lei que ademais —tamén o quero salientar— vén acompañado de todas as memorias precisas e necesarias e obrigadas por lei para que os deputados teñan unha plena comprensión do contido deste Proxecto de lei.

Grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Bueno, pois rematado o debate, procedemos á votación. En concreto, o que imos votar é a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei.

Votamos.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto do Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única.

O señor PRESIDENTE: Iníciase o debate da votación do proxecto de lei.

Para iso ten a palabra, en primeiro lugar, o conselleiro de Facenda e Administración Pública para a súa presentación.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Pois logo de que onte trouxeramos a este Pleno e debateramos as posicións de política orzamentaria dos orzamentos para o vindeiro ano, traemos hoxe a esta Cámara un novo debate do que en realidade debería ser un epílogo da anterior norma posto que estamos a falar dun incremento retributivo consolidable para o vindeiro exercicio 2023. Presento, por tanto, hoxe ante esta Cámara o Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico da Comunidade Autónoma.

Quero lembrar que o pasado 3 de novembro o Consello da Xunta aprobou este proxecto de lei para materializar esta suba adicional do 1,5 % das retribucións dos empregados públicos para compensar os efectos da inflación. Un aumento retributivo que queremos facer efectivo antes de fin de ano e que se aplicará con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro do ano 2022. Se temos en conta este incremento extraordinario do 1,5 % mais a suba do 2 % xa prevista na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, o aumento total das retribucións dos empregados públicos neste ano 2022 ascende a un 3,5 %.

Señorías, a urxencia deste texto vén dada pola necesidade de aplicar o Real decreto lei 18/2022 —como se acaba de dicir hai uns intres—, do 18 de outubro; como xa dixen, para poder facer efectivo este pago antes de que finalice o ano. Deste xeito, os empregados públicos galegos poderán recibir esta suba adicional do 1,5 % xa neste mes de novembro. E

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

temos que tramitar este proxecto de lei, porque hai que lembrar que a Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, estableceu no seu artigo 11.Dous —seguindo a normativa básica do Estado daquela— que as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderían experimentar un incremento superior ao 2 % con respecto ás vixentes a 31 de decembro do ano 2021. Porén, a situación económica xerada pola invasión de Ucraína por parte de Rusia e pola crise enerxética derivada motivou un aumento do custo da vida, polo impacto da inflación, non previsto daquela e fixo preciso paliar os seus efectos sobre o poder adquisitivo dos empregados do sector público neste mesmo exercicio orzamentario.

Neste escenario —reitero—, o Goberno aprobou unha suba adicional do 1,5 % das retribucións do persoal ao servizo do sector público para compensar estes efectos dunha elevada inflación con efectos dende o 1 de xaneiro do ano 2022. A dita normativa ten carácter básico, de xeito que o incremento salarial dos empregados do sector público autonómico tamén será dun máximo do 1,5 % adicional con carácter consolidable e con efectos dende o comezo do ano, aboándose como atrasos os correspondentes aos meses xa transcorridos dende primeiros de ano.

Con este proxecto de lei establecemos esta retribución de carácter extraordinario para o persoal do sector público autonómico. Para os efectos do cálculo das contías que se aboarán como atrasos a partir do 1 de xaneiro, empregaranse as regras de cómputo aplicables a cada tipo de persoal de acordo co seu réxime xurídico. Ademais, o cálculo do importe a percibir efectuarase na parte proporcional que resulte en función do tempo de servizos efectivamente prestados no devandito período. Para iso, o proxecto de lei establece que os órganos estatutarios e as universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal esta suba adicional. Segundo o disposto no Plan de financiamento das universidades do Sistema Universitario de Galicia, actualizaranse nas cantidades necesarias os importes das partidas do fondo de financiamento non condicionado do dito plan que evolucionan en función da masa salarial.

Así mesmo, os custos de persoal máximos das universidades de Galicia establecidos no artigo 34 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, incrementaranse nun 1,5 % respecto dos vixentes a 31 de decembro do ano 2021.

En canto ao persoal do ensino concertado en réxime de pagamento delegado, experimentará tamén un incremento adicional do 1,5 % respecto dos importes previstos nos módulos vixentes a 31 de decembro do ano 2021. O dito incremento aplicarase igualmente con efectos do 1 de xaneiro do ano 2022.

Para atender as obrigas de pagamento derivadas desta lei, habilitamos un crédito extraordinario no orzamento por algo máis de 78,3 millóns de euros. Con cargo a este crédito extraordinario realizaranse as correspondentes transferencias para, no seu caso, dotar as seccións de orzamento de gastos da Comunidade Autónoma dos créditos precisos para proceder ao aboamento desta retribución de carácter extraordinario.

Señorías, esta suba do 1,5 % é consolidable —como xa dixen—, o que permitirá que os empregados públicos galegos experimenten un incremento das súas retribucións o vindeiro

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exercicio 2023 dun 4 %, como vimos onte, en relación coas iniciais do exercicio 2022. Así se recolle no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo debate tivemos onte nesta Cámara.

As contas para o vindeiro exercicio inclúen a maior contía da historia da Autonomía para o capítulo I dos orzamentos, o que se refire a gastos de persoal. No seu conxunto medra un 6,1 %, porque non só recolle esta suba do 4 % acordada para os empregados públicos, senón que tamén inclúe os recursos precisos para cumprir cos acordos retributivos autonómicos pactados e tamén os recursos para o incremento de 134 prazas para atención primaria, 139 novas prazas de MIR e 61 novas prazas para atender o Plan de saúde mental. Achegámonos aos 4.600 millóns de euros para persoal —reitero—, a maior cifra de gasto de persoal da historia.

Antes de rematar, quixera tamén facer referencia a algúns acordos importantes aos que ten chegado este Goberno cos representantes dos empregados públicos autonómicos nos últimos anos para mellorar as súas condicións de traballo. Entre eles están o Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CIG, UGT, Comisións Obreiras e CSIF para o acceso á xubilación parcial e ao contrato de remuda de persoal laboral do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia. Ou o Acordo de integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no Convenio colectivo único de persoal laboral da Xunta de Galicia. Ou o Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais Comisións Obreiras, CSIF e UGT para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos. Ou o Acordo de concertación do emprego público de Galicia, un pacto global con UGT e Comisións Obreiras para a mellora do emprego público, o máis importante da historia da Autonomía en materia de emprego público pois estableceu unha serie de medidas moi importantes tanto para a mellora das condicións de traballo no emprego público —elevando, por exemplo, a 22 as semanas de baixa por maternidade— como medidas para o incremento de retribucións, para o desenvolvemento dos procesos de funcionarización ou para a aposta pola estabilización do emprego público ante esta lei de estabilización. Ou o procedemento de funcionarización para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira por parte do persoal laboral da Xunta.

Outro acordo importante, en plena pandemia, foi o asinado coa CIG para implantar un novo réxime de teletraballo dos empregados públicos; con este pacto, Galicia converteuse na primeira comunidade autónoma en adaptarse á normativa básica nesta materia. Ou o Acordo para o desenvolvemento do sistema de progresión da carreira administrativa do persoal funcionario pactado con Comisións Obreiras, UGT e CSIF. Trátase dun sistema voluntario e consolidable —como saben—, que recoñece o desempeño dos empregados públicos e a súa formación continua. Ou o Acordo para o complemento do persoal laboral —este con Comisións Obreiras e UGT—, para establecer un complemento de desempeño dos postos de traballo do persoal laboral da Xunta, similar ao de carreira administrativa do persoal funcionario. Ou o Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais para fixar os criterios xerais que rexerán as convocatorias dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Precisamente hai dúas semanas presentamos ante este Pleno o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público da Comunidade Autónoma

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Galicia, unha norma para axilizar e dotar de seguridade xurídica os procesos de estabilización que se desenvolverán ao abeiro da Lei estatal 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, xa citada antes, e para garantir a convocatoria antes do vindeiro 31 de decembro do 2022, como preceptúa a devandita lei, de todos os procesos de estabilización que se desenvolverán no marco desta normativa. Nestes procesos de estabilización de emprego inclúense un total de 10.338 prazas. Destas máis de 10.300 prazas, lembremos que un total de 8.703 se seleccionarán polo sistema de concurso de méritos e outras 1.635 a través do procedemento de concurso-oposición. O máis importante deste proceso é que, cando se resolvan estas convocatorias e se incorpore o persoal fixo a estas prazas de estabilización e se sumen ás prazas xa convocadas, a taxa de temporalidade na Administración galega se situará por debaixo do obxectivo do 8 % fixado pola lexislación estatal.

Por tanto, señorías, en apenas dúas semanas trouxemos ao Pleno do Parlamento galego dous proxectos de lei moi importantes para os empregados públicos galegos: hai quince días a norma que permitía dotar de seguridade xurídica os procesos de estabilización de máis de dez mil empregados públicos e situar a taxa de temporalidade do emprego público por debaixo do 8 %, e hoxe a norma que garantirá que antes de finais de ano os empregados públicos autonómicos perciban o abono adicional do 1,5 % das súas retribucións para facer fronte á alza de prezos; un abono que será consolidable, polo que o incremento salarial para o vindeiro exercicio 2023, como dicía antes, tamén chegará ao 4 % en relación co inicial do ano 2022.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señoras e señores deputados.

Entramos agora no fondo do asunto. Os socialistas cremos no Estado do benestar, cremos nos servizos públicos, cremos que é necesario ter unha fiscalidade xusta para ter unha sociedade xusta e que é necesario potenciar as capacidades que ten o Estado para desenvolver servizos públicos que traballen pola igualdade, que traballen polo benestar, para fortalecer a educación pública, a sanidade pública, para dar políticas sociais aos que máis o necesitan. Un Estado suficiente para dar igualdade e para defender a xente que ten unha situación máis vulnerable.

Ese é o compromiso, o ADN do Partido Socialista, o da igualdade. E tamén o da defensa dos dereitos dos traballadores, de traballadores que necesitan estabilidade laboral e que necesitan tamén salarios dignos para facer fronte aos retos do día a día para chegar a fin de mes. E é por iso que hai un Goberno de progreso en España que está marcando as pautas das dúas grandes leis que o señor conselleiro nos vén hoxe presentar como o gran avance de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dúas leis que veñen motivadas por unha lexislación estatal que obriga o Goberno da Xunta de Galicia a ter que lexislar para traballar pola estabilidade laboral no sector público e tamén para incrementar os salarios en función da subida do nivel da vida, do IPC, cunha suba extraordinaria neste ano e con subas axeitadas para os anos que veñen.

E é, polo tanto, un Goberno da Xunta de Galicia que ten o ADN conservador e que vai a remolque dun Goberno do Estado ao que lle poñen todos os paus nas rodas, ao que tentan atrancar, co cal non colaboran, ao que tentan tamén derribar de forma continua na súa liña de acción desesperada e falla de responsabilidade. *(Aplausos.)*

Porque nestes dous avances que veñen ao Parlamento de Galicia, nestas dúas lexislacións, o PP non contribuíu. Non, señor conselleiro, non contribuíron. Cando vostede vén hoxe aquí a este Parlamento a defender, por exemplo, a Lei de estabilización de traballadores do sector público, olvídase de dicir aquí vostede que o Partido Popular non votou a favor da lei en España que lles obriga agora a vostedes aquí a tomar esas medidas.

Ese é o cinismo político do Partido Popular, que non está cos traballadores nin no ámbito laboral do privado nin tampouco do público. E van a remolque, xa llelo dixen aquí algunha vez. Este é un Goberno que intenta poñer paus nas rodas e que vai a remolque, é un Goberno que intenta botar abaixo e logo tenta sumarse para poñerse medallas. E esa non é a actitude responsable que merecen os traballadores do noso país e, especificamente, os traballadores no sector público.

Esta é unha lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico en Galicia. É unha aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro, as retribucións do persoal do sector público autonómico experimentarán un incremento adicional do 1,5 % respecto das vixentes a 31 de decembro de 2021. Este proxecto de lei é o desenvolvemento daquilo que o Estado aprobou para o conxunto dos traballadores públicos e fan vostedes ben en desenvolvelo e en aplicalo porque é a súa obriga legal e tamén política a de traelo ao Parlamento de Galicia. De traelo nun acordo que vai afectar aos traballadores do sector público, tamén ao persoal ao servizo dos órganos estatutarios de Galicia, ao persoal do sistema universitario galego, ao persoal do ensino concertado. Ademais establece un mecanismo con cargo aos maiores recursos que se vaian obter, superando os importes dos orzamentos do 2022, máis importe nos orzamentos do previsto; cuestión que vén tamén por determinadas claves nas que a súa xestión pouco ten que ver, pero si, tamén dos remanentes de crédito non empregados ao peche do exercicio, do cal vostedes si teñen bastante máis que ver.

Así que, señores do Partido Popular, o Goberno do Estado e os sindicatos firmaron un acordo para modernizar a Administración do século XXI e para devolver dereitos aos traballadores públicos que perderon cos Gobernos do Partido Popular presidido polo señor Rajoy. E devolver eses dereitos aos traballadores públicos é un avance, cunha suba salarial plurianual, cunha revalorización mínima do 8 % que pode chegar ata o 9,5 % para o período que vai entre o 2022 e o 2024. E este é o primeiro avance, esa suba adicional do 1,5 % para o 2022 sobre o 2 % que estaba establecido; prevendo tamén unha suba do 2,5 %, que se pode incrementar en función das circunstancias nun 1 % máis para o 2023; e a previsión dun 2 % para

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o 2024, que se pode incrementar tamén en base ás retribucións xa incrementadas o ano anterior ata un 0,5 % máis.

É, polo tanto, un incremento salarial plurianual para os traballadores dos servizos públicos, para os traballadores do emprego público. E é un avance, é positivo. E é positivo nun momento en que a inflación ten niveis que descoñeciamos dende hai décadas, pero tamén nun momento no que as medidas que toma o Goberno de España están permitindo atallar o crecemento preocupante dos prezos e conseguir que o ritmo de crecemento estea decrecendo. Este é un avance sobre o que o Partido Popular pouco pode dicir porque tampouco contribuíu en medidas importantes para ese contemento do ritmo de crecemento dos prezos, que aínda segue sendo moi preocupante e que temos que seguir tendo previsto que vai seguir sendo demasiado alto de cara ao futuro.

Nós defendemos o público, defendemos os servizos públicos, a diferenza do que fai o Partido Popular, e para que haxa servizos públicos de calidade teñen que existir traballadores públicos tratados con dignidade para poder ter unha posición laboral digna e ademais para poder exercer adecuadamente a súa defensa dos servizos públicos. Porque os servizos públicos son ademais intensivos en man de obra no laboral, na sanidade, nas políticas sociais, na educación... Necesitamos moitos traballadores para poder dar eses servizos públicos, algo que a vostedes tampouco lles gusta e por iso recortan tanto.

Máis aló da política monetaria que onte o señor Puy aplaudía nunha medida cuestionada xa por moitos no ámbito académico, dende o profesor Krugman a tantos outros, nós cremos que ao Partido Popular lle gusta que o Banco Central Europeo nun momento de crecemento e de prezos que non vén determinado por unha excesiva demanda suba os tipos de interese, co risco que ten esa primacía da loita contra a inflación sobre o crecemento económico; e xa deberían de telo aprendido da anterior crise na que a dereita gobernou este país e tamén aplaudiu esas medidas. Ata que cambiou a política monetaria e a política fiscal non conseguimos recuperar os ritmos de crecemento.

Ademais desa política monetaria, é necesaria unha política fiscal que axude de forma cirúrxica aos sectores máis vulnerables e que defenda os dereitos laborais, como defendeu a reforma laboral do Goberno de España, á que vostedes tamén se opuxeron, que permite xerar emprego cun nivel de estabilidade que non coñeciamos anteriormente, e o PP en contra.

E xunto a isto, cremos tamén que é importante desenvolver un pacto de rendas; un acordo para conseguir ver como distribuír os custos da crise entre os distintos sectores nun momento en que algo nos chama a atención. É moi chamativo que, nun momento de tantas complicacións para tantas familias, cando tres de cada catro familias en Galicia chegan con dificultades a fin de mes, as prioridades do Partido Popular sexan estar cos grandes patrimonios, coas eléctricas, coa banca e con todo aquilo que supón maior nivel de concentración e desigualdade no país. E ese erro do Partido Popular ten que ver con todo isto e co pacto de rendas.

Nós non podemos entender como cando a banca está tendo beneficios extraordinarios e inmensos, cando as eléctricas están tendo beneficios extraordinarios e inmensos, e cando a

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

maioría do país ten moitas dificultades, vostedes se poñan en contra dunha reforma laboral que defende os dereitos dos traballadores, non apoien unha lei de estabilización no emprego público que lle vai dar estabilidade aos traballadores públicos ou vaian a remolque ante este incremento de salarios para os traballadores do sector público para que poidan manter a capacidade adquisitiva.

O PP non está nin cos traballadores nin coa cidadanía. Segue nunha alianza co poder económico, financeiro e eléctrico deste país que non responde a nada positivo para os galegos e para as galegas. E é por isto que hai problemas na función pública galega. Hai titulares que son representativos como é «*Funcionarios de carrera de la Xunta se quejan de ser los peor retribuidos y con peores condiciones laborales*», que liamos nos xornais hai poucos meses ante a xestión do señor Rueda reclamando promoción interna, concurso de traslados ou un novo plantexamento na Lei de emprego público. Polo tanto, hai moito que facer.

Este proxecto de lei que vén hoxe ao Parlamento de Galicia é froito do esforzo polo progreso do país, polo compromiso dos servizos públicos e por unha lexislación estatal que obriga o Goberno da Xunta a poñerse detrás daquilo que marca unha axenda progresista que defende o Estado do benestar, os servizos públicos e os dereitos dos traballadores e das traballadoras.

É hora de que, ademais de ir a remolque, se poñan a contribuír para que a maioría poida ter beneficios e benestar nun momento de moitas complicacións. Cambien a súa axenda de prioridades e lexislen para todos e para todas.

Esta lexislación que vén obrigada polo conxunto do Estado é positiva para os traballadores do sector público e recoñecemos que o Goberno da Xunta de Galicia cumpre os seus deberes neste proxecto de lei, que vén froito do acordo cos sindicatos. A todos nos gustaría que o incremento puidera ser moito máis, pero gobernar en momentos de dificultade é priorizar e chegar a acordos e, se vén dun acordo de rendas do Goberno do Estado cos sindicatos, creo que esa é a medida. E o Grupo Parlamentario Socialista vai tamén poñerse a carón dese acordo social pola remuneración dos traballadores públicos no noso país e en Galicia.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar —e aínda a risco de que *el señor Puy* me poida dicir que estou tratando de reabrir vellos debates—, gustaríame facerlle unha petición ao señor conselleiro e é que, por favor, non reproduza ese argumentario tan cutre e mesmo —eu diría— ofensivo dicindo que onde mellor están os cartos é nos petos dos cidadáns.

Eu creo que reproducir ese argumentario sen sentido ningún... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede díxoo, non agora. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois,

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se non o dixo, non o diga. Pero, créame que si o dixo. *(Aplausos.)* Outros sentidos poderían estar afectados, pero a memoria non. *(Risos.)* E dígollo porque para os bonificados, para os elevados patrimonios que vostedes bonifican con milleiros de euros, si poderían estar ben nos seus petos, pero para a maioría social, non. A maioría social como mellor está é con servizos potentes, cunha sanidade potente e que funcione, e cun ensino que funcione; e despois que todo isto sexa costeado por aquelas persoas en atención á súa capacidade económica. É dicir, os que teñen máis que paguen máis. *(Aplausos.)*

E para mostra unha experiencia tanto persoal como lixeiramente profesional. Durante simplemente quince días de setembro, a asistencia sanitaria que eu recibín de acordo co seu baremo de 2014, sen actualizar IPC, sería de aproximadamente nove mil euros. Se vai a un centro privado dos que existen en Ourense e que teñen liberdade de fixación de prezos admitido pola Audiencia provincial de Ourense só quince días de setembro serían aproximadamente catorce mil cincocentos euros. Unha persoa á que vostedes lle deixan cincuenta euros no peto e se louvan diso, ¿canto tempo tardará en facer fronte a esas carencias sanitarias polas que tería que ter recorrido á privada ou a esas facturas da...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tanto é así e isto débollo case ao compañeiro de habitación, que despois de sufrir un ictus e de perder a fala tivo que marchar e o consello que se lle deu foi que fora a unha logopeda privada porque non temos logopedas públicos. Eu tiven máis sorte, *(Aplausos.)* pero o compañeiro de habitación, non. En todo caso, vostede reflexione e se o considera, ben; e se non siga dicindo que non o dixo.

En todo caso, entrando sobre o proxecto que simplemente é unha mera reprodución do artigo 23 do Real decreto 1822. Vostedes non engaden absolutamente nada, non corrixen ningunha das eivas nin tampouco melloran as condicións das traballadoras públicas. É dicir, fan simplemente seguidismo puro e duro, o que *a sensu contrario* leva a pensar que se o Goberno do Estado non chega a sacar ese artigo 26, ¿vostedes non farían nada para que a brutal suba do IPC non afectara á maioría social? ¿Seguirían sen facer absolutamente nada? Esa é a dúbida que ese seguidismo nos plantexa. E vaia por diante que reiteramos a necesidade de tomar decisións para que esta suba desmedida do IPC non se cebe coa maioría social e coa clase traballadora. Non imos ser obstáculo para que poidan ver lixeiramente aliviada esta situación as traballadoras do sector público de Galiza.

Mais a realidade, a pesar do que se escoitou aquí, é que vivimos certamente en realidades paralelas e que a norma que vostedes presentan non servirá para compensar a perda de poder adquisitivo pasada, a perda de poder adquisitivo presente e —moito me temo— tampouco a perda de poder adquisitivo do futuro. O que non me consta é que sexan temas que lles preocupen moito.

Respecto da forma, vostedes incorren no mesmo defecto no que incorreu o Goberno do Estado: falla de vontade de diálogo e falla de diálogo e de vontade de negociación coas organizacións sindicais. A Xunta de Galiza, como antes fixera o Goberno do Estado, levou á Mesa xeral de negociación da función pública un acordo previamente pactado, un acordo que non se pactou e nin sequera se deu a oportunidade de mellorar, discutilo ou debater nesa mesa xeral de negociación da función pública. É dicir, xa viña cociñado. Era un acordo de adhesión; co cal, noutra orde de cousas, iso non é un acordo.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Goberno do Estado, neste caso, novamente obviou —e vostedes reproduciron— a representatividade sindical, xa que á parte de ser un estado plurinacional e plurilingüe, tamén é plurisindical e nin sequera chamou a esas negociacións á CIG ou a outro sindicato que tamén debe considerar pouco afín como é ELA. E vostedes aquí reproduciron o mesmo defecto: non corrixiron ese defecto de poder falar, debater e mellorar. O procedemento non foi correcto e o resultado tampouco o foi e —como dicía— non compensará a perda de poder adquisitivo do pasado.

Como xa dixeron os dous —quero dicir, o conselleiro e o representante do Grupo Parlamentario Socialista—, hai un incremento adicional do 1,5 % debido a que as estimacións as deberon de considerar altamente erradas respecto do orzamento de 2022. A ese 2 % xa previsto, hai que sumar ese incremento adicional do 1,5 %. Polo tanto, o total é 3,5 %.

Pero, retrotraiámonos un pouquiño. De xaneiro de 2010 ata xaneiro de 2022, as traballadoras do sector público viron incrementados os seus salarios —nese período de doce anos— nun 4,02 %, a metade incluso que a revalorización das pensións. O IPC durante ese mesmo período medrou na Galiza nun 22,61 %. É dicir, ata xaneiro de 2022 a perda do poder adquisitivo das traballadoras do sector público galego foi de 18,5 %. Esta medida extraordinaria non compensa nin nunha quinta parte, mais tampouco servirá para compensar a perda de valor dos salarios neste mesmo 2022. No que levamos de exercicio, e sempre Galiza cun IPC superior ao resto do Estado, o IPC acumulado está nun 6,3 %, mentres que o anual nun 7,8 %.

As previsións da Comisión Europea e do Banco de España falan do 8,5 % ou do 8,7 % de suba do IPC. É dicir, aí falamos de que este exercicio 2022, onde ese marabilloso incremento é do 3,5 %, resulta que o IPC previsto é do 8,5 % ou do 8,7 %. É dicir, tamén van perder este ano, nesta suba extraordinaria, un 5 % do poder adquisitivo. Polo tanto, sumamos o 18 % anterior ao 5 % e xa estamos no 23,5 %.

Neste alcumado pacto de perdas —que ben reproduciu o señor Caballero— tamén hai unha previsión dunha suba para o exercicio de 2023 do 2,5 %, que podería incrementarse nun 0,5 % adicional en función da evolución do IPC ou nun 0,5 % adicional en función da evolución do PIB; algo que non se vai producir. De acordo coas previsións que hai da Comisión e das previsións que hai mesmo tamén do Banco de España, o PIB non vai chegar a ese 5,9 % exixido e as previsións —agardemos e se cumpran— en relación co IPC non vai ser superior ao 6 %; ou sexa, que estamos no 2,5 % puro e duro. Resulta que esas previsións falan de que no 2023 e no 2024 o IPC vai subir por encima do 2,5 %, é dicir, as traballadoras perderán poder adquisitivo. E hoxe fachendeamos moito dese 3,5 % e resulta que nin compensa a quinta parte do poder adquisitivo perdido a 2022 nin a que perderán neste exercicio nin a que perderán no exercicio seguinte. Non sei como poden sacar tanto peito de medidas tan negativas e despois as consecuencias seguirán sendo as mesmas: permitir e tolerar o recorte dos servizos públicos porque non hai vontade ningunha de evitar este impacto.

Descontamos a sete mil setecentas propietarias e aplicamos bonificacións fiscais e non compensamos estas perdas do poder adquisitivo das traballadoras. Pero, o máis curioso —e, con isto, imos rematando— é que nin sequera se preocupan de analizar as consecuencias desta suba do IPC.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Unha das poucas modificacións —seguramente o viu— que fixeron na tramitación administrativa deste texto foi introducir a palabra «derivada», que inicialmente non a tiñan na súas exposicións de motivos e nas súas memorias. E din que a crise enerxética é derivada da terrible invasión de Ucraína, da que o principal a lamentar é a perda de vidas humanas e que tamén ten consecuencias económicas, pero non é a única causa. É dicir, xa na Galiza existía un IPC do 6,8 % ao final do exercicio 2021, é dicir, antes da invasión de Ucraína. Ou sexa que esa molestia que tomaron en modificar e falar simplemente de derivada poden deixala aberta —como tiñan inicialmente previsto— porque as consecuencias deste IPC non só veñen da lamentable e terrible invasión de Ucraína, senón que teñen unha multiplicidade de causas que eu penso que deberían analizar.

Polo tanto e para concluír, está ben que levemente mitiguen as consecuencias do IPC na clase traballadora, neste caso, na clase traballadora do sector público, pero pensamos que deberían de cesar na súa pasividade e inactividade, e empezar a tomar medidas reais e efectivas para evitar que esta suba do IPC siga a golpear as clases medias e traballadoras. E como xa se lles reclamaba, non continúen por esa regresividade fiscal, interveñan no mercado de alugueres e das hipotecas para evitar as extraordinarias subas, ou no sector eléctrico, porque as empresas eléctricas, as tres empresas principais que vostedes tanto defenden, os seus beneficios nun semestre incrementáronse nun 24 %...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: ...excedendo dos tres mil cincocentos euros, despois de que no exercicio pasado tamén medraran un 40 %.

Polo tanto, ao mellor hai máis causas deste IPC, que non é exclusivamente a guerra de Ucraína, sobre as que igual vostedes teñen capacidade de actuar e eu estou convencido de que se queren, poden.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Saudamos o primeiro grupo dos alumnos de terceiro da ESO e de primeiro de bacharelato do Centro Santo Tomé de Freixeiro en Vigo. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos co debate. Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Será que estamos en tempos de mundial de fútbol, pero despois deste debate, —xa me ten pasado noutros debates— eu acordeime dunha anécdota que é moi coñecida, sobre todo para os da nosa xeración que seguiamos o magnífico Celta daquela —nos anos 90— e tamén, por suposto, o Súper Dépor.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai unha anécdota moi famosa. Como saben, houbo unha temporada na que Bilardo foi o entrenador do Sevilla e no que xogaba Maradona e o Cholo Simeone, por certo. Estes foron xogar a Riazor e nunha xogada Maradona quíxolle facer un sombreiro a Albístegui, que era o central do Dépor, e deulle na cara e caeu alí tirado no chan. Inmediatamente, o fisioterapeuta do Sevilla saíu para botarlle unha man ao xogador do deportivo —ao Albístegui—. O doutor Bilardo púxose moi nervioso e empezou a berrar desde a banda: «*Los de colorado son los nuestros, ¡como vas a atender al otro! ¡Que carajo me importa! Pisalo, pisalo, al contrario, pisalo*». Este é un clásico.

E ¿por que me acordo disto? Porque a min non me deixa de chamar a atención que cando hai unha lei, que ademais dá cumprimento a unha lei do Estado, coa que estamos todos de acordo, como non se pode dicir que está ben feita veñen aquí e ao inimigo *pisalo* e empezan a falar de mil cousas. *(Aplausos.)* Empezan a falar do debate de onte, empezan a apostillar cousas que non se dixeron...

Señor Caballero, creo que vostede e máis eu estamos de acordo en que a inflación se combate cunha panoplia de instrumentos: a política monetaria, a política de rendas, a política estrutural e a política fiscal. E Europa está facendo un labor magnífico porque, xunto cunha política monetaria moito máis moderada, a situación en Europa é distinta que en Estados Unidos, e a política fiscal e a perda monetaria é distinta da Reserva Federal.

Ao mesmo tempo, Europa está financiando con fondos moi importantes, os Next Generation, precisamente para prepararnos para o futuro para que non caia o investimento. E precisamente ese xogo de subir os tipos de xuro para conter os prezos e, ao mesmo tempo, investir é o xogo que nos vai permitir saír mellor da crise. Deixemos que a política monetaria siga o seu curso, confiemos no Banco Central, que ten os obxectivos claros de loita contra a inflación e, polo que nos toca a nós, —e digo as administracións española e autonómica— a ver se nos poñemos as pilas cos fondos, por exemplo, ou coas reformas estruturais ás que están condicionadas os fondos. ¡Ese é o contido da mensaxe!

Evidentemente, cando un di que está ben que o Banco Central Europeo loite conta a inflación, como establece a normativa europea, creo que niso estaremos de acordo vostede e máis eu. Poden acertar un pouquiño máis ou un pouquiño menos e coincidimos en que non acertaron na anterior crise, pero parece que agora aprenderon e están traballando mellor.

A verdade é que eu non esperaba que vostede saíra de palmero do Bloque, interpretando un apoio á política monetaria do Banco Central Europeo, algo tan normal ou ortodoxo nunha forza política das que conforman a Unión Europea maioritariamente, e que se convertera nun palmeiro do que dixo o Bloque de que no fondo o que queremos é que lles suban os tipos de xuro, porque sempre o que queremos é fastidiar á xente. Deixémolo aí, porque creo que hai que falar do que hai que falar.

E hai que falar dun proxecto de lei que se titula —e dígoo para os amantes da calidade lexislativa— e é a transposición —porque é normativa básica— dun decreto lei do 18 de outubro. Leo enteiro o título para os amantes —entre os que me atopo— da calidade lexislativa: «*Real decreto ley por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores*

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del plan Más seguridad para tu energía (+SE), así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias, eventuales, afectadas por la sequía».

Este é o título que ten. Efectivamente, non ten comas, por iso me atraganto ao lelo, pero fala, entre outras cousas, a maiores da suba ao persoal das administracións públicas, de dezaoito das setenta e tres medidas do Plan de seguridade enerxética, autoconsumo, expropiacións para conectar plantas de gases renovables, calderas de veciños...

Fala da redución de trinta e cinco a dez xornadas para optar ao subsidio de desemprego dos eventuais do sector agrario e tamén se reforma o IRPF para meter deducións cando se mellore a eficiencia enerxética do domicilio. Ou, por exemplo, no imposto de sociedades introduce a libre amortización dos investimentos para promocionar o autoconsumo da enerxía nas empresas, e tamén se meten cousas relacionadas co gas natural.

A maiores, —e isto tamén é importante para os amantes da calidade lexislativa— o Real decreto —como acabo de dicir— é o número 18 do ano 2022. E aquí temos outro motivo de reflexión sobre a calidade lexislativa: o señor Sánchez leva aprobado cento trinta e dous decretos nos últimos case cinco anos que leva no Goberno, é dicir, unha media de un cada doce días, asina 2,6 decretos ao mes e, ademais, cando despois toca a convalidación dependendo de se queren que sigan exercicios sen modificacións, adía e adía indefinidamente o debate en Pleno precisamente para, a través do adiamento das emendas, non ter un debate parlamentario. Isto non está mal, para quen falaba do abuso de Rajoy do decreto lei, porque bateu o récord mesmo de Adolfo Suárez que tivo que, por decreto, desenvolver a Constitución recen aprobada.

E, finalmente, como seguinte consideración, a min o que me gustaría é dicir que os decretos —tendo en conta que os decretos son instrumento áxil para situacións de emerxencia— estanse a converter —e cito o que dixo unha deputada do grupo plural no debate deste decreto— «nunha teoría das lentejas: o lo tomas o lo dejas». E pedía, de feito, que se presentara, en vez dun decreto, catro ou cinco sobre cada unha das materias que acabo de falar.

E falaba de que o Goberno estaba habituado ao Real decreto Macedonia. De feito, no debate apenas se vota isto. Efectivamente, votan a favor PP e PSOE, e o BNG abstense porque —como dixo o seu portavoz hoxe— non se opón. E digo todo isto como unha reflexión xeral sobre a calidade normativa. Eu definitivamente creo que é un erro xeracional a forma na que estamos a lexislar, sexa cal sexa a Cámara lexislativa da que esteamos a falar.

Con respecto ás retribucións dos funcionarios, —como sabemos e xa se explicou polo conselleiro— isto encardínase nun pacto de rendas con función pública a través da Mesa xeral da función pública cunha suba prevista entre os anos 2022 a 2024 do 8 %, que pode subir ata 9,8 %, no caso de que se dean algunhas condicións en relación coa evolución do PIB nominal e tamén coa propia evolución do índice de prezos ao consumo.

E isto é tamén unha cuestión digna de reflexión. Onte cuestionábase aquí que os pactos de rendas eran para fastidiar ás clases humildes e aquí vese claramente cal é a función dun

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pacto de rendas, que permite garantir unha política sensata contra a inflación desde o punto de vista dos salarios, pero, ao mesmo tempo, apóianse as rendas do traballo e lonxe de prexudicar as clases populares, —como escoitamos onte— o que fai é garantir os seus ingresos futuros.

Como terceira cuestión, hoxe a Xunta demostra axilidade ao traer este decreto á Cámara e de aí este procedemento que fixemos, e faino con lealdade institucional. Desde logo, non o fai obrigada, senón porque —como se explicou— hai unha política decidida e se escoitaran ao conselleiro verían todo o que se leva negociado no ámbito autonómico para mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos, pero estamos elixindo un método áxil que vai permitir, grazas á solvencia da xestión orzamentaria, que eses pagos se fagan este ano. E estamos a falar, nada máis e nada menos, de 78,4 millóns de euros. Por certo, cando se falou disto preguntóuselle á ministra como se ía financiar esta suba retroactiva, porque os orzamentos están aprobados, e a suma asume 78,4 millóns de euros.

A ministra dixo que cada comunidade autónoma decidiría e incluso recorrendo ao endebedamento que autoriza o decreto. Como reflexión, señor Gonzalo Caballero, estamos endebedándonos para gasto corrente pasado e como principio económico posiblemente podiamos escoitar a Krugman, pero seguramente vostede, eu e máis Krugman diriamos que isto é un pouco heterodoxo. Dixo vostede que poñiamos paus nas rodas. Efectivamente, o conselleiro está a poñer o pau máis importante desta operación que é o pau do eixo do carro que fai que funcione, porque é a Xunta a que vai financiar os setenta e oito millóns de euros.

O Goberno de España impón a obriga de pagar —e a nós parécenos ben e compartímola—, pero non pon un peso. É a Xunta a que ten que subsumir nos orzamentos vixentes o pagamento dos setenta e oito millóns de euros. Non se convocou o Consello de Política Fiscal e Financeira, non se consultou as comunidades autónomas e este impacto é un exemplo de cogobernanza que moitas veces consiste en establecer obrigas sen ningún tipo de financiamento. *(Aplausos.)*

Non é a primeira vez, xa o fixemos precisamente como vostede citaba coas indemnizacións dos traballadores interinos —recórdolle que iso foi unha exixencia da Unión Europea despois dunha sentenza—, cando ademais Galicia, por outra banda, xa estaba cunha taxa de temporalidade bastante máis baixa do 28 % cando a media en España é do 41 %.

En definitiva, señorías, nós obviamente imos apoiar a aprobación desta lei. É unha medida xusta para cos empregados públicos e froito dun pacto das rendas entre os principais sindicatos de España e o Goberno, e aplicámola con esforzo pero con satisfacción porque cremos que fai xustiza cos empregados públicos.

Pero, tamén é certo que exemplifica algunha das cuestións de fondo, sobre como se entende a lealdade institucional en sentido financeiro, asumindo o noso custo desta medida. A posibilidade de poder facer fronte a ela indica a solvencia financeira desta Xunta e certamente podemos coincidir todos en que a calidade lexislativa no noso país non pasa polo mellor dos seus momentos.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, tamén exemplifica —e remato— a valoración moi positiva que ten este grupo parlamentario e o Goberno para cos nosos empregados públicos, como quedou ben patente con todas as medidas que o conselleiro anunciou na súa intervención.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy

Están con nós o segundo grupo de alumnos de terceiro da ESO e de primeiro de bacharelato do mesmo centro, do centro San Tomé de Freixeiro, en Vigo. Benvidos ao Parlamento. Un saúdo cariñoso para todos.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: E agora continuamos xa coas votacións.

Neste caso imos votar, en primeiro lugar, a toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei de iniciativa popular.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro.

Votación do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este proxecto de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións e continuamos co punto 2 da orde do día, cunha comparecencia.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comparecencia da Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a igualdade e loita contra a violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bos días, señores deputados e señoras deputadas.

Comparezo hoxe, efectivamente, por petición propia, como conselleira de Igualdade, e cando xa vai mediada esta lexislatura, para facer balance e dar conta das medidas e das actuacións que puxemos en marcha para loitar contra a violencia de xénero e para acadar a igualdade na comunidade galega.

Nunha semana coma esta, co 25N, permítanme en primeiro lugar que recorde a Clotilde, unha pontevedresa de 82 anos que o pasado mes de maio foi asasinada polo seu marido en Tenerife. Para a súa familia, para os seus amigos e para os seus achegados vai o noso recordo; para ela e para todas as vítimas de violencia de xénero. *(Aplausos.)*

E é que a violencia de xénero se produce en calquera lugar e se produce en calquera momento. Pode ser económica, pode ser psicolóxica, física, sexual, vicaria, dixital..., de múltiples formas. Contra todas elas temos que loitar día a día para conseguir erradicala de xeito absoluto e de xeito definitivo. Todos, as institucións, as organizacións, as entidades sociais, a sociedade no seu conxunto e, por suposto, os poderes públicos, temos que facerlle fronte con unidade, porque esta é a única forma de acabar coa violencia de xénero. Non cabe dúbida do compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa erradicación da violencia de xénero, e este compromiso non queda soamente nunhas palabras ou nun discurso que podo facer eu aquí, senón que se traduce nunha serie de políticas, nunha serie de medidas e nunha serie de programas que levamos moitos anos implementando.

É unha loita integral que responde —como digo sempre— a unha estratexia concreta, ou a unhas estratexias concretas, a uns orzamentos específicos e tamén a unhas actuacións, e que exixen unha adecuada regulación legal. Os orzamentos, no que vai de lexislatura, son 53,1 millóns de euros, incluído o orzamento que acabamos de presentar para este 2023. Concretamente, para o 2023 son 20,5 millóns de euros para a loita contra a violencia de xénero, un 14,71 % máis que o ano anterior, o que permite, ou o que se traduce —como dicía— en actuacións concretas para a loita contra a violencia de xénero en Galicia.

As actuacións son, por unha banda, de natureza económica, prestacións económicas, e, por outro lado, hai todo tipo de medidas de atención e medidas de acollemento e de inserción laboral das vítimas, que levamos a cabo de xeito directo polo Goberno pero tamén a través de toda a rede que está creada na comunidade autónoma coas entidades locais e coas entidades sociais para loitar contra este tipo de violencia.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dentro das prestacións económicas hai que destacar as axudas periódicas mensuais, que converteron a Galicia na primeira comunidade autónoma que dispuxo dunha axuda económica destas características. E somos hoxe a única que as mantén de xeito ininterrompido durante todo o ano. Son prestacións de 200 a 800 euros mensuais e están dirixidas a posibilitar esa autonomía e independencia económica das mulleres respecto do agresor. Xunto con isto mantemos axudas económicas de pagamento único, o que supón a capitalización de seis meses de subsidio de desemprego para aquelas vítimas que teñen especiais dificultades para obter emprego. Mantemos indemnizacións económicas tanto para as vítimas, cando os agresores, os maltratadores, non aboaron a corresponde indemnización xudicial por causa de insolvencia económica, como para os fillos e as fillas menores de 30 anos das vítimas mortais, e tamén para aquelas mulleres que están gravemente feridas. E saben que implementamos o ano pasado por primeira vez axudas á mobilidade xeográfica cando, por causa de violencia, as mulleres se vén obrigadas a cambiar a súa residencia habitual. Estes 20,5 millóns de euros permitirán tamén en 2023 —como dicía— continuar con toda a rede de asistencia, con toda a rede de atención, de acompañamento e tamén de formación e de sensibilización.

No ámbito da Administración autonómica traballamos directamente, traballa directamente esta Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, pero tamén traballamos en rede coas restantes consellerías do Goberno. Por unha banda, directamente traballamos na contratación ou nos incentivos á contratación das mulleres que sofren violencia de xénero. Comezamos coas entidades locais financiando ou dando axudas ás entidades locais, e incorporamos xa a partir do ano pasado tamén as entidades sen ánimo de lucro. Dende o ano 2019, cando se puxeron en marcha estas medidas, son 400 mulleres vítimas de violencia de xénero as que atoparon un traballo grazas a estes incentivos á contratación.

Continuamos traballando na atención psicolóxica de mulleres e de menores que sofren violencia de xénero. Á falta de datos definitivos do ano 2022, no ano 2021, con estas axudas, chegamos a un total de 1.169 vítimas. E tamén está a atención psicolóxica aos homes que sofren problemas de control da violencia no ámbito familiar. Foron 136 homes no ano 2021.

Na Rede Galega de Acollemento, con eses sete recursos entre casas de acollida, o centro de emerxencia e as vivendas tuteladas, só no primeiro semestre deste ano atendemos 80 mulleres e 59 menores de idade. E isto complétase coa quenda de garda social especializada permanente que está en todos os partidos xudiciais de Galicia as vinte e catro horas do día e os trescentos sesenta e cinco días do ano como un servizo de carácter inmediato e de urxencia.

E, como dicía, traballamos directamente dende esta Consellería pero transversalizamos, transferimos, os fondos para dar unha atención sectorial tamén completa ás vítimas. Destaco o Bono de Alugueiro Social a través do IGVS, que ofrece ás vítimas un acceso ao fogar cunha axuda anual que pode chegar aos tres anos; a asistencia xurídica gratuíta ás vítimas de violencia sexual, que saben que a puxemos en marcha o ano pasado a través da Dirección Xeral de Xustiza; tamén con esta dirección xeral está o servizo de traballadoras sociais nas oficinas de atención á vítima do delito; ou o desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización —estamos traballando, dende o punto de vista do deporte, coa Secretaría Xeral do Deporte, e con Agader na prevención e sensibilización no medio rural—.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaba antes de medidas de atención, medidas de acollemento e tamén de medidas de inserción laboral, pero —moi importante— hai medidas formativas. Entendemos que é fundamental a formación dos profesionais. Os profesionais teñen un gran poder transformador de cara a garantir unha mellor atención das vítimas. Teñen tamén que ter un bo coñecemento para lograr detectar os casos de violencia de xénero e tamén para traballar na prevención. Por iso teñen que estar ao tanto das últimas tendencias e actualizarse naqueles aspectos nos que a sociedade está avanzando. Un claro enfoque e un claro exemplo do que estamos intentando incorporar na formación é a interseccionalidade, vinculada directamente á discriminación múltiple. Porque un adecuado manexo deste concepto permitirá aos distintos profesionais que traballan en contacto directo non só coas mulleres senón tamén cos menores vítimas dar unha resposta completa e integral adaptada ás distintas variables que inciden no seu benestar.

É un enfoque que estamos intentando incorporar, e xa o incorporamos este ano na formación do persoal dos CIM. E agora continuamos coas actividades formativas que se lle están dando ao persoal profesional dos centros residenciais autonómicos. Tamén damos formación especializada en prevención e detección da explotación sexual en menores para profesionais pertencentes ao sistema de protección de menores, aos servizos sociais e aos recursos de apoio á infancia; a todos os profesionais e empregados públicos que atenden a violencia de xénero —a través da EGAP— e ao persoal dos corpos policiais —isto é fundamental— que traballan en Galicia especializados en violencia de xénero a través da Academia Galega de Seguridade, e tamén a procuradores e avogados —en ambos os casos en colaboración coa Vicepresidencia Segunda—.

Como dicía, a loita contra a violencia de xénero implícanos a todos. En Galicia temos a sorte —diría eu— de ter conseguido formar unha rede de colaboración coas entidades locais, coas propias universidades e coas entidades sociais galegas. Cooperamos coas entidades locais e está constituída esa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, que levamos promovendo dende o ano 2012. E a través das cales constituíronse as mesas locais de coordinación institucional contra a violencia de xénero. Son 88 mesas locais, 224 en mancomunidades e concellos adheridos á rede. E neste mes de novembro estamos levando a cabo catro xornadas territoriais —unha por provincia— para pór en marcha e dinamizar estas mesas.

Colaboramos coas universidades para desenvolver medidas de sensibilización e de prevención da violencia de xénero nos xoves no ámbito universitario, como cursos, xornadas, actividades, estudos de investigación... Estímase que estas actuacións chegan, anualmente, a máis de 1.800 participantes universitarios. E colaboramos coas entidades do terceiro sector, de acción social, axentes que son fundamentais por ser os máis apegados á realidade e, polo tanto, son os que mellor poden velar pola protección dos dereitos das persoas en situación de vulnerabilidade. Vou poñer cinco exemplos dos moitos convenios de colaboración que anualmente estamos renovando: o Proxecto Fénix, coa asociación Alar, que posibilita unha intervención integral con menores que teñen condutas violentas ou agresivas; os dous convenios que temos coa Fundación Meniños para desenvolver programas de intervención terapéutica con nenos e nenas vítimas de violencia de xénero, e tamén con mulleres vítimas de violencia sexual; o convenio que mantemos coa Fundación Secretariado Xitano e tamén coa Asociación Acadar —que traballa en información e en asesoramento afectivo-sexual ás

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mulleres con discapacidade e á súa contorna—; e coa Rede Galega contra a Trata. Con esas 12 entidades que forman parte da rede ratificamos cada ano convenios.

A colaboración con estas entidades posibilitounos por fin este ano dar luz ao primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024. E tamén, por proposta consensuada con esta rede, introducimos no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para este ano a incorporación das vítimas de explotación sexual na Lei 11/2007, a Lei galega de tratamento integral contra a violencia de xénero, e, polo tanto, tamén o seu acceso ás prestacións correspondentes. Debo recoñecer aquí que esta lei autonómica xa se viu mellorada recentemente —e grazas ao seu labor parlamentario— recoñecendo expresamente e legalmente —co apoio de todos os grupos— recoñecendo como violencia de xénero tanto a violencia vicaria como a violencia dixital.

Eliminar a violencia de xénero é unha prioridade de calquera sociedade democrática e, por suposto, tamén do Goberno galego. E pasa inescusablemente por garantir a igualdade de xénero en todas as esferas, en todos os espazos da nosa vida. Ese é o obxectivo do novo marco normativo que estamos impulsando dende a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con esa nova Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que —como ben coñecen polo texto— trata de incidir en conceptos como a discriminación múltiple, trata de reforzar a igualdade no eido dixital, aumentando a protección das mulleres fronte a ataques sexistas realizados mediante medios tecnolóxicos, trata de crear espazos urbanos libres de violencia e de acoso sexual, incide na mellora da formación das mulleres e na mellora ou no fomento do emprego feminino por conta allea, e tamén na creación de empresas en sectores onde existe subrepresentación feminina. Tamén incorpora e acuña legalmente o termo de «benestar laboral nas empresas» directamente vinculado coa racionalización dos tempos de traballo, coas políticas de conciliación e coa responsabilidade social e empresarial. E crea un novo estatuto, un estatuto propio da muller rural e do mar.

É unha lei coa que estamos traballando na súa tramitación e coa que intentamos que exista o máximo consenso. Espero tamén que se consiga aprobar co máximo consenso.

Como saben, xa se tramitou a información pública, a audiencia. E neste sentido informo de que foron máis de cincuenta as entidades, as institucións, organizacións e persoas que fixeron aportacións. Rematáronse de revisar todas estas alegacións e elaborouse un novo texto con, actualmente, máis de 210 artigos. Este texto está agora mesmo suxeito aos informes internos das distintas direccións xerais da Administración autonómica, co cal pensamos que no primeiro trimestre do ano 2023 poderá estar suxeito ao informe do CES e poderá entrar nesta Cámara para a súa tramitación.

E falaba de orzamentos. Os orzamentos exclusivos ou dedicados á promoción da igualdade, son 11,38 millóns, aos que se suman 14,6 millóns para a conciliación e a corresponsabilidade —nesta Consellería, na Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade—. Con eses 11,38 millóns de promoción do emprego e da igualdade traballaremos de novo, para empezar, por suposto, nesa rede coas entidades locais —coas axudas que habitualmente temos para o fomento da conciliación e para a promoción da igualdade e da prevención da violencia de xénero— e fundamentalmente tamén cos CIM, cos centros de información á muller.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa tivemos a oportunidade de falar hai pouco dos CIM. Son eses 84 centros aos que destinamos —para a atención do seu persoal— 4,1 millóns de euros. Habitualmente están atendendo unha media de 9.500 mulleres ao ano. Infórmolles de que este ano, ata o momento, atenderon 10.297 mulleres, 2.477 das cales eran vítimas de violencia de xénero. O noso obxectivo é continuar crecendo nesta rede. Agora mesmo está xa tramitándose a creación de dous novos CIM: un en Boborás —con Castrelo de Miño— e outro en Vimianzo. Saben que este ano por primeira vez incorporamos 1,4 millóns de euros, ademais deses 4,1, para mellorar as infraestruturas e o equipamento dos CIM. E continuamos traballando nese plan de formación dos centros de información á muller ao que me refería antes.

Por outra banda —e creo que neste sentido é unha das aportacións que fixo na última interpelación o BNG—, temos convocada a Fegamp para o vindeiro 12 de decembro a unha reunión co fin de mellorar a rede de CIM atendendo á realidade e á diversidade dos concellos galegos. Imos traballar, por unha banda, en garantir e facer obrigatoria esa formación especializada e continuada das profesionais; e en mellorar o mapa de recursos para aumentar a cobertura en todo o territorio —sobre todo, para garantir unha adecuada dotación de persoal especializado tendo en conta o ámbito xeográfico de atención de cada CIM—.

Falaba de axudas en colaboración con entidades locais e tamén con entidades de iniciativa social, con todo o tecido asociativo da comunidade autónoma. Coas subvencións ás entidades de iniciativa social no eido da promoción da igualdade estamos atendendo a unhas 3.800 mulleres ao ano con 59 entidades colaboradoras. E a través das ordes de axuda e da colaboración co asociacionismo feminino traballamos en convenios coas federacións de mulleres rurais e do mar, en apoios ao movemento asociativo do colectivo LGTBI, e en axudas ás ANPA, ás federacións e ás confederacións de ANPA —entre outras—.

E como unha parte dentro, por suposto, da promoción da igualdade están as políticas de conciliación. A conciliación é unha condición indispensable para garantir a igualdade entre mulleres e homes, un dereito das persoas traballadoras. Calcúlase actualmente que as mulleres españolas adican dúas horas máis de media ás tarefas domésticas que os homes, e saben que case o 90 % das peticións de excedencia que se rexistran en España para o coidado de fillas e de fillos as están realizando as mulleres. Por iso existe a necesidade de continuar insistindo dende as administracións públicas en políticas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Para iso van eses 14,6 millóns de euros dende esta Consellería, para apoiar a conciliación e o fomento da corresponsabilidade, aos que hai que sumar 2,3 millóns de euros para igualdade e políticas de benestar laboral. Con isto mantemos as axudas para compensar a redución da xornada laboral. Saben que nesta liña as axudas son para os homes que se acollan á redución de xornada ou para mulleres cando se trate de unidades soamente constituídas por unha muller.

E gustaríame determe un momento no Plan Corresponsables, na execución que se está dando na comunidade autónoma do Plan Corresponsables posto en marcha polo Ministerio de Igualdade en toda España. Levamos asinados convenios con tres federacións de mulleres rurais galegas para facer partícipe a sociedade civil e promover o recoñecemento da experiencia e do coidado non profesional. Apoiamos a conciliación dunhas doce familias galegas con bolsas de coidado profesional para menores de 16 anos en colaboración con concellos,

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con ANPA e con entidades de iniciativa social. Estamos apoiando a conciliación de 7.000 familias galegas a través de programas de lecer en albergues e espazos xuvenís para menores de 16 anos coa Consellería de Política Social; e 1.759 actividades sociodeportivas coa Secretaría Xeral de Deportes e as dezaoito federacións deportivas —atendemos con isto 12.000 nenos e nenas en 128 concellos—. E apoiamos a conciliación de 1.050 familias galegas a través de bolsas de coidado profesional e actividades en bibliotecas, arquivos e museos de toda Galicia para menores de 16 anos coa Consellería de Cultura e Educación —ata o momento participaron neste programa 1.239 nenas e nenos—.

E non podemos falar de igualdade sen falar de emprego. Na actualidade en Galicia hai unha diferenza de 24.696 mulleres máis en paro que homes. Esta diferenza é idéntica no marco estatal. E pasa o mesmo coas afiliacións. Hai 21.687 mulleres menos afiliadas en Galicia respecto de homes —idéntica á comparativa a nivel estatal—. Segundo a Enquisa Anual de Estrutura Salarial do INE —do ano 2020, que é o último publicado—, a fenda salarial en Galicia é do 19,25 % —no Estado está no 19,5 %—. Si é certo que entre o ano 2009 e o 2020 o salario medio anual das mulleres medrou en Galicia un 17,90 %, cando a media nacional de crecemento é dun 15,21 %. De feito, no último ano, e tendo en conta a ganancia media da muller galega —que se incrementou nun 3,17 %—, somos a terceira comunidade autónoma con maior ritmo de incremento, só por detrás de Navarra e o País Vasco. Estamos, polo tanto, logrando avances que esperemos que se consoliden no tempo pero temos aínda moita marxe de mellora. E como sociedade non podemos seguir permitindo nin perpetuando desigualdades que afectan as mulleres, tanto na consecución dun posto de traballo en idénticas condicións que os homes como por suposto na súa promoción profesional, no acceso aos postos de máis responsabilidade e de toma de decisións nas organizacións.

Cada un destes aspectos implica ou trae causa dun motivo subxacente distinto ou mesmo de varios deles todos conxugados. Si é certa a falta de corresponsabilidade, e falaba antes da necesidade dos apoios á conciliación. Pero tamén hai que falar da falta de información en moitos casos que teñen as traballadoras e os traballadores, e tamén da falta de concienciación que se dá en moitísimos casos dentro do tecido empresarial. Polo tanto, hai que traballar dende moi diversas vías, con axudas, dende logo, pero tamén coa formación e a sensibilización, con modificacións lexislativas en todos os rangos de idade, dende as idades máis temperás ata as máis avanzadas, e tocando todos os colectivos profesionais.

Falaba antes de 2,3 millóns de euros para todo isto, para incidir na igualdade e no benestar laboral contando con múltiples programas. Coñecen todos os programas de formación para a negociación colectiva e para gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral e contra a fenda salarial. Traballamos en axudas para a elaboración e a implantación dos plans de igualdade nas empresas, actuacións dirixidas á promoción das relacións laborais e da RSE nas empresas, así como nese campus virtual de formación en igualdade laboral que traballa en aspectos tan variados como a conciliación e a corresponsabilidade, o rexistro retributivo, o acoso laboral ou o teletraballo, con docentes de primeiro nivel —maxistrados, catedráticos, inspectores de traballo e despachos de avogados especializados—. Comezamos todo este traballo no ano 2021 e algúns cursos son tan demandados que xa levan varias edicións. Trátase do primeiro campus virtual de formación en Igualdade Laboral desenvolto por unha administración autonómica. *(Aplausos.)* Estamos formando tres mil persoas ao ano e somos

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a primeira administración autonómica que ofrece Igualdade Laboral aos axentes socioeconómicos, pactado no Diálogo Social, con tres cursos específicos, un deles con rango de formación universitaria con 150 horas de formación. E, a maiores dese portal autonómico sobre Igualdade Laboral que conta con ferramentas tecnolóxicas complementarias, hai que destacar a Guía para a prevención e tratamento do acoso sexual no traballo e a ferramenta dixital de autodiagnose en materia de igualdade laboral.

Do mesmo xeito, temos esa nova certificación galega de excelencia de igualdade nas empresas. Está pactada xa hai uns meses co Diálogo Social e agora mesmo estase traballando —xa está en tramitación— o decreto co que se vai regular formalmente esta marca. Entendemos que é fundamental implicar as empresas —como dicía antes— para combater a fenda de xénero no ámbito laboral; e, polo tanto, hai que visibilizar e hai que recoñecer exemplos reais cercanos que realmente —por dicilo dalgún xeito— o están facendo ben. Este é o obxectivo que ten a marca, e creo que poderá estar operativo ese decreto, do mesmo xeito que a Lei de igualdade, nese primeiro trimestre do ano 2023. Hai que destacar que un dos eixos centrais desta nova marca, desta nova certificación, é a eliminación da discriminación salarial nos postos de traballo.

E non me gustaría rematar sen falar do Plan Emprega Muller, porque creo que está intimamente vinculado —como estou dicindo— ás políticas de igualdade. O Plan Emprega Muller puxémolo en marcha, como saben, xa no ano 2022 para apoiar o emprego e para apoiar a formación e o emprendemento do colectivo feminino. Vou destacar catro programas de axudas para este ano 2023 —son máis de 16 millóns de euros, e estimamos que imos chegar a unhas 11.840 mulleres beneficiarias—: esa liña específica, dirixida só para mulleres, do Programa Galicia Emprega; programas integrados de emprego exclusivos para mulleres en colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro dirixidos á mellora da inserción laboral das mulleres; o Programa de mellora das capacidades dixitais para mulleres residentes no medio rural —un programa principalmente dirixido a facilitar novas oportunidades laborais a mulleres desempregadas de concellos de menos de 30.000 habitantes—; e o Programa Emega, que é sobradamente coñecido por todos vostedes e que para o ano que vén vai contar con máis de 4 millóns, co que prevemos chegar a unhas trescentas axudas. *(Aplausos.)*

Ben, e remato xa. Todas estas medidas están pensadas para conseguir unha Galicia que sexa equilibrada en talentos e en liderado, unha Galicia que desenvolva ao máximo todos os seus recursos humanos e en todas as esferas da vida dunha persoa — polo tanto, unha Galicia que ten que ser máis xusta en todos os sentidos—, e, sobre todo, unha Galicia libre de violencia de calquera tipo pero libre de violencia de xénero. E para chegar a garantir esa Galicia á que creo que todos aspiramos precisamos tamén da cooperación de todos, da sociedade no seu conxunto, por iso chamo unha vez máis á unidade de toda Galicia para esa loita común contra a violencia de xénero.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día, señora conselleira.

Eu quería comezar facendo dende aquí un recoñecemento ao movemento feminista, que ao longo dos últimos séculos conseguiu que a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a non discriminación fosen, en principio, recoñecidas nos marcos normativos dunha parte do mundo. E digo «dunha parte» porque é certo que sabemos que existen aínda moitos lugares —demasiados— nos que as mulleres aínda non somos libres. Pero é importante ir dando pasos para constituírmonos como referentes para eses lugares onde —como digo— o feminismo vaia triunfando.

E, grazas a esa loita feminista, as violencias machistas —e hoxe por economía do tempo só vou centrarme nesta cuestión, e certo é que está aí ás portas o 25 de novembro— deixaron de ser algo que formaba parte do espazo privado para converterse nunha cuestión pública que xa transcendeu a esa esfera privada. Foi esa loita feminista incansable a que conseguiu situar esta cuestión no centro das políticas e implicar así os poderes públicos, a todas as administracións.

Por suposto —xa se dixo—, Galicia non quedou fóra. No ano 2007, co consenso de todas as forzas políticas do arco parlamentario, aprobouse unha lei que daba resposta por fin a este problema estrutural. Por favor, isto non é unha lacra —o outro día tamén o comentabamos—, este é un problema estrutural que hai que combater con todas as nosas forzas.

Van xa quince anos da aprobación da nosa normativa, que, é certo, é permanentemente actualizada e, ademais —por que non recoñecelo—, ás veces mesmo por diante da normativa estatal. Pero aínda así a realidade é que as cifras seguen a ser as que son. Son arrepiantes. Estamos falando de que, dende o ano 2003, foron asasinadas no Estado polas súas parellas ou exparellas 1.171 mulleres —só en Galicia, 65— e 48 nenas e nenos. No que vai de ano son xa 38 as mulleres asasinadas; unha delas, efectivamente, Clotilde —galega—. Pero tamén dende 2009 se interpuxeron no Estado case dous millóns de denuncias por violencia de xénero e máis de medio millón de ordes de protección. Por favor, pensemos. ¡Medio millón de ordes de protección en pouco máis dunha década!

Segundo os datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, en Galicia as denuncias por violencia machista aumentaron no segundo trimestre deste ano, deste mesmo ano, un 10 % con respecto ao ano anterior. E tamén aumentou —porque podemos pensar que agora as mulleres denuncian máis— nun 10,7 % máis o número de mulleres consideradas como vítimas.

De desigualdade salarial e de fenda de xénero no emprego tamén mellor non falar. Así que nós pensamos que hoxe o que toca é facer autocrítica, hoxe toca facer autocrítica. Algo non estamos facendo ben. E, por suposto, esta é unha autocrítica que debemos facer todas e todos, todas e todos. Pero recoñezan que vostedes gobernan e son vostedes os que teñen

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha maior responsabilidade nesta materia. Por suposto quede aquí claro que nesta cuestión sempre terán a man tendida do Partido Socialista, ¡sempre, sempre! E por iso rogo tamén que asuman con carácter construtivo, absolutamente construtivo, o que dende esta tribuna e en comisión parlamentaria moitas das veces propoñemos. Temos que avanzar e aquí si que debemos ir todas xuntas.

E comezo un pouco a facer a valoración do que nós consideramos que é a política do noso goberno nesta cuestión. No PSdeG, dende logo, reclamamos un maior esforzo orzamentario nesta materia. Galicia deberá ser exemplo de compromiso real coa igualdade incrementando fortemente, fortemente, os recursos para a súa promoción e tamén contra as violencias machistas. Pero vemos unha vez máis como estes esforzos se manteñen grazas ao compromiso do Goberno de España. Tanto é así que, nos orzamentos para o vindeiro ano, do total investido especificamente para políticas dirixidas á igualdade, a Xunta de Galicia só achega con fondos propios a terceira parte de todo o montante, sen que exista, ademais, un incremento forte e real acorde ás necesidades.

Diminúen —nun exercicio, para o Grupo Socialista incomprensible, de escapismo— o Programa de accións para a igualdade, protección e promoción da muller. Fala vostede de 11,3 millóns, pero quero lembrarlle que alá polo ano 2009 esa mesma partida superaba os 30 millóns de euros. *(Aplausos.)* E continúo. No canto de aumentar de maneira notable, recórtanse as transferencias a institucións sen fins de lucro para recursos integrais dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. E tamén reducen a partida millonaria dirixida a entidades que traballan con vítimas e para promover a formación e creación activa de emprego no marco das violencias machistas —ademais de tamén eliminar a específica de inserción laboral de vítimas—.

Eu teño que confesar que non comprendemos esa manobra de redistribución de fondos, que na nosa opinión o que supón é eliminar proxectos máis que necesarios. Porque as cifras de vítimas de violencia empeoran cada día e nós tememos que con estes movementos cada vez teñamos máis mulleres vulnerables.

Ademais, diante do exponencial aumento de casos de violencia sexual —ao que vostede non fixo alusión na súa primeira intervención, supoño que o fará na seguinte—, especialmente ese incremento de violencia sexual entre a poboación máis nova, a nós preocúpanos a situación na que se atopan eses centros de crise 24 horas dos que nada sabemos. Non sabemos absolutamente nada, nin da súa estrutura nin da súa localización nin moito menos da súa xestión nin do orzamento. Non sabemos nada. Si sabemos que teñen que estar funcionando a 31 de decembro do ano 2023. Pero, claro, aquí aparécennos moitísimas preguntas.

A primeira é: cada un deses centros ¿vaise emprazar en edificios novos? Porque, claro, de ser así, non hai tempo para construílos —é dicir, para licitar e despois executar esa obra—.

Tamén se nos ocorre pensar no persoal que van ter, como vai ser esa xestión ou con que recursos se van soster. ¿Vanse soster con recursos propios da Xunta? Nós tememos, señora conselleira, que non van chegar, que non van chegar a ese prazo, lamentablemente, e que serán realidade, como moi pronto, no ano 2024. Pero tampouco temos demasiadas esperanzas.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, mentres tanto, ¿que facemos?, ou ¿que fan? Encargar unha macroenquisa acerca desta cuestión entre a mocidade. Ben, nós aplaudimos a realización desa macroenquisa, pero pensamos que chega tarde. Son moitas as institucións e os organismos internacionais que están precisamente poñendo de relevancia o perigo que está agora mesmo acontecendo coa cuestión das novas tecnoloxías e da violencia sexual, cada vez máis acuciante entre a xente nova. ¿Que pensamos? Xa está, encargaron esta macroenquisa. E ¿que máis? Xa temos cuberto ese campo. A partir de aí xa non facemos nada máis.

Nós o que lles dicimos é que, por favor, sexan valentes e incorporen dunha vez a educación afectivo-sexual nos currículos de todas as etapas educativas. *(Aplausos.)* De feito, xa se fixo noutras comunidades autónomas. Sexan valentes e fágano así. Porque este problema só se combate de raíz con educación e máis educación. Esa é a única fórmula que existe. E non pensen, por certo, que esta é unha ocorrencia máis da esquerda bolivariana. Non, non, isto é unha recomendación de todos os organismos internacionais oficiais.

Non entendemos tampouco —e así tamén o temos denunciado neste Parlamento— que aproben no mes de outubro, no mes de outubro, o I Plan galego contra a trata con fins de explotación sexual cunha vixencia 2022-2024. Claro, é un plan. Dende logo nós, como partido abolicionista que somos, aínda temos que poñer horizontes e miras moito maiores, e non só esa suposta explotación sexual senón toda a prostitución. Pero está ben dar este paso. Nós pensamos que é algo verdadeiramente necesario e que, ademais, nos sitúa á vangarda do Estado tamén. Pero, claro, o primeiro ano de vixencia xa vai, xa pasou, só quedan dous. Iso, como digo, tamén o denunciamos aquí.

Sacan tamén peito con ese VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Claro, pero teñen sen avaliar o VII. Do VII aínda non sabemos nada. Por certo, algo comprometido para o anterior período de sesións. Esta mesma deputada conseguiu neste Parlamento que presentarían esa avaliación do plan antes deste verán. E de momento non sabemos nada. Nós preguntamos onde imos co novo plan se non coñecemos realmente a eficacia do anterior.

Anuncia, ademais, vostede que en 2023 xorde unha nova liña de axudas de 1,4 millóns para apoiar os concellos na mellora de infraestruturas e equipamentos deses centros de información á muller —dos que esta tarde ademais falaremos largo e tendido—. Señora conselleira, o que precisan os CIM son fondos para contratar máis persoal, tal e como advirte, ademais, a propia Fegamp e como imaxino que lle dirá ese 12 de decembro próximo. Nós aplaudimos que vostedes convocasen a Fegamp para tratar este asunto, porque para nós é de máxima prioridade. Pero anuncian tamén un incremento do orzamento para eses CIM do 3 %. Claro, é que resulta un pouco máis de 100.000 euros para repartir entre os oitenta e catro CIM que existen. Boten contas. Dá a mil euros e pico cada un. Non pensamos que sexa un incremento, dende logo, para sacar peito. A nós, dende logo, parécenos claramente insuficiente ese incremento, e máis cando as partidas destinadas a ese fin, como tamén se dixo aquí na interpelación do pleno anterior, son as mesmas que dende a súa creación.

O que os CIM precisan, conselleira, é, primeiro e ante todo, máis recursos para —repito— contratar o persoal necesario que lles permitan exercer con eficacia todos os labores que

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teñen encomendados —que, por certo, non son poucos—. *(Aplausos.)* E, ademais, tendo en conta que non está cuberto todo o noso territorio con CIM, con esa nova liña en realidade só axudan a metade da poboación, en realidade con iso só axudan a metade da poboación. O que pedimos nós é que aumenten as subvencións, tal e como solicita a Fegamp —repito—, e que destinen eses cartos a favorecer que se cubra todo o noso territorio con ese recurso imprescindible. Non é de recibo que as mulleres de 120 concellos que quedan aínda sen dispoñer deste recurso queden abandonadas ao seu destino.

En definitiva, señora conselleira, atopámonos un ano máis con poucas opcións novas, apenas ningunha —por non dicir ningunha— en prevención, e ningunha a priori que nos faga albiscar un cambio de políticas, o que se traducirá nun camiño lento cara a esa erradicación da violencia machista. O obxectivo debe ser, dende logo, o de violencia cero. Ese debe ser o único obxectivo co que debemos traballar.

E a realidade é que nos tempos nos que agroman forzas políticas machistas e negacionistas —por certo, coas que, ademais, vostedes conforman gobernos—, Galicia deberá ser exemplo de compromiso real coa igualdade incrementando fortemente os recursos para a súa promoción e tamén contra esas violencias machistas; traballar a prevención, señora conselleira, o que se converteu xa nun mantra deste Grupo Socialista: prevención, prevención que só se consegue con educación e con sensibilización. E deixe que lle diga que, lamentablemente, esforzos nesta materia vemos poucos.

Dito isto —repito— tendémoslle a man para traballar conxuntamente nesa erradicación destas violencias machistas, porque son posibles —dende logo nós pensamos que si o son— moitos e maiores esforzos para, como digo, conseguir ese propósito de acadar esa violencia cero.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Benvida tamén á conselleira á Cámara, e ás persoas que están sentadas aí na bancada de convidadas.

Eu intentarei ser un pouco telegráfica porque o tempo é moi limitado e a cuestión moi ampla. Pero si quería dicir unha cuestión previa, porque hai un ano, o 23 de novembro de 2021, comparecía vostede nesta Cámara, e naquel momento anunciábanos outra vez a lei de igualdade que vostede acaba de anunciar para o primeiro trimestre de 2023. Vostedes daquela dicían —e cito literalmente porque teño aquí o *Diario de Sesións*—: «Presentarémola proximamente na Cámara». Ben, transcorreron trescentos sesenta e cinco días e aínda imos

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ter que esperar ao primeiro trimestre para que vaia ao Consello Económico e Social. Nós defendemos moito o sosego, a calma, a participación, a transparencia, por suposto, na tramitación, pero hai cousas que deberían xa estar en vigor neste país que están pendentes da aprobación desa lei; por exemplo, as cláusulas de igualdade, que vostedes decidiron incorporalas á lexislación por esa vía. Sabe que son o resultado dun acordo parlamentario que impulsou o BNG no ano 2019. Daquela fixabamos no acordo unánime desta Cámara un prazo de seis meses para que se redactasen esas cláusulas para que puidesen entrar en vigor. Vemos que todo se toma con excesiva calma e ese é un pouco o leitmotiv que eu vou usar na miña intervención.

Non podemos perder tempo. Necesitamos axilidade, compromiso e, sobre todo, decisión, que nós é o que botamos un pouco en falta —dicíallo na interpelación que fixemos no pasado pleno— na Xunta de Galiza. E digo isto a respecto do Proxecto de lei de igualdade e das cláusulas de igualdade, pero poderiamos dicilo tamén a respecto do plan de igualdade que ten que ter a Xunta de Galiza polo que di a lei neste país desde hai quince anos e que aínda non o temos. Está aprobado única e exclusivamente o do Sergas e tamén —comentábao agora a señora Díaz— eses catro centros de atención integral de 24 horas para mulleres vítimas de violencia sexual —que saben que para nós non é o modelo, non nos gusta ese formato que vén financiado con fondos finalistas e condicionados por parte do Goberno español, pero, en todo caso, tamén cremos que deberían xa estar polo menos deseñados ou previstos—. Tamén o dicía vostede, anunciábao hai un ano, e aínda —insisto— non sabemos nada deles.

En definitiva, e xa entrando un pouco máis no cerne da intervención e as reflexións que queriamos trasladar hoxe desde o BNG a esta Cámara, pasaron quince anos desde que se aprobou a Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista (galega). Reformámola en dúas ocasións, no 2016 e hai escasamente un ano, para seguir facéndoa non só actual senón pioneira no conxunto do Estado —e tamén me atrevería a dicir que en moitos países da nosa contorna europea—, pero quen ten o deber de executala, que é quen goberna, e quen ten o deber de implementala, non pode en ningún caso caer nin na rutina nin na inercia nin no conformismo. Por iso nós o que cremos é que debemos ampliar e reforzar os servizos e os recursos públicos de prevención e os de atención ás mulleres vítimas de violencia machista, pero, sobre todo, tamén garantir o cumprimento escrupuloso desa lei, que digo que está aprobada e en vigor neste país desde hai quince anos.

Benvidas todas as persoas que acabades de entrar tamén. *(A señora Rodil Fernández diríxese á tribuna do público.)*

E vou centrarme sobre todo en catro cuestións ou elementos que para nós son centrais.

O primeiro é o orzamento. Eu agradezo que vostede puxese as cifras de cal é o orzamento que se destina no programa específico de loita contra a violencia machista no proxecto de orzamentos de 2023. Dicía exactamente vostede a cifra: 20,5 millóns de euros. Iso representa o 0,16 % do orzamento consolidado, de gasto non financeiro, digamos, da Xunta de Galiza. Por iso insistimos tanto desde o BNG en que nos marquemos como obxectivo gastar, ou investir —mellor dito— o 1 % do orzamento da Xunta de Galiza para 2023 na loita e na pre-

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vención da violencia que se exerce contra as mulleres, como violación flagrante que é dos dereitos humanos.

Nós estamos convencidas de que este país pode facer moito máis, de que podemos mirar con máis ambición os recursos públicos que se destinan a loitar contra a violencia machista. E cremos de verdade que cun goberno que para o ano que vén vai manexar máis de 12.000 millóns de euros públicos podemos facer ese esforzo colectivo de investir un, ¡un euro!, de cada cen na loita contra a violencia machista para traballar na prevención, na detección e na atención ás mulleres nesta situación.

Nese sentido, para nós hai un elemento que é central, que é reforzar os recursos e servizos públicos. Falabamos e falaremos moito esta tarde dos centros de información ás mulleres, dos CIM, de que temos un sistema de financiamento na súa parte estrutural —para manter o seu servizo en funcionamento— practicamente igual desde hai vinte anos. Saudamos a reunión e tamén eses fondos destinados a mellorar as infraestruturas, moi necesarias no caso dalgúns concellos, e tamén, digamos, os propios espazos e equipamentos dos que están dotados eses centros. Pero nós insistimos en que o que necesitamos é incrementar o persoal. Formalo, por suposto, está moi ben, pero sobre todo hai que incrementar o persoal que traballa neles. Isto é unha evidencia, é un clamor, ademais, de todos os concellos, da propia Fegamp e da asociación que representa as traballadoras dos centros de información ás mulleres.

Hai que reforzar, mellorar e ampliar os servizos —tamén cumprindo o que di a lei desde hai quince anos—. Para nós é unha cuestión vital a atención psicolóxica —artigo 25.1 da Lei de violencia machista do ano 2007, que di que temos que prestar esa atención psicolóxica para as vítimas de violencia machista como un servizo de atención primaria—. Hoxe o que temos son dez sesións gratuítas grazas ao convenio asinado pola Xunta co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza. A súa presidenta estivo aquí recentemente, non hai moito tempo, na Comisión de Estudo en Materia de Igualdade e dicía que era insuficiente. Dicía que estaba ben porque, ao final, podes facer —digamos— unha intervención urxente con esas mulleres, pero que necesitamos —dicía a propia presidenta do colexio— mellorar esa atención, e garantir que se presta na atención primaria, que é onde se debe dispor dela. E seguía insistindo en que se doten desa psicoloxía clínica, con recursos económicos e humanos, os centros de saúde —na atención primaria, por suposto—, para as vítimas de violencia machista pero tamén para o conxunto da sociedade galega. Sabemos que hai un enorme problema coa saúde mental —por exemplo, agora que vemos as rapazas e os rapaces, o estudantado, que acaba de entrar na Cámara— que tamén afecta, e moito, as xeracións máis novas do noso país. E non podemos escatimar esforzos e recursos en dotar a atención primaria desa atención psicolóxica para cumprir tamén o que di a Lei de violencia machista neste país —insisto, no artigo 25.1— desde hai quince anos.

E a cuarta cuestión —vostede tamén a sinalaba— é a formación do persoal que traballa de maneira directa ou indirecta con mulleres en situación de violencia machista a través da rede de servizos públicos da que dispomos no noso país.

É verdade que despois de quince anos fomos avanzando, iso é innegable. Sempre hai que poñer en valor e ter perspectiva. Alguén dicía o outro día —incluso non sei se sería a señora

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Díaz na propia Comisión de Igualdade ou se faciamos referencia a algunha persoa— que estabamos combatendo dende hai, pois, pouco máis de dous séculos o que é unha discriminación milenaria contra as mulleres. Nunca podemos perder esa perspectiva. E avanzouse moito. Hoxe é parte do debate público e político que necesitamos reforzar ou dispoñer de recursos, de servizos e dun compromiso total e absoluto da sociedade do noso país e do conxunto da humanidade para garantir os dereitos humanos e fundamentais das mulleres. Iso xa é un avance. Pero en materia de formación especificamente, e centrándome niso, temos moitísimo, moitísimo traballo, por facer.

E eu quería traer dous exemplos de dous servizos que son básicos na prevención e na detección, que son a educación e o ámbito sanitario. Eu pregunteilles a traballadoras directamente, e unha delas é a miña compañeira Noa, que, como saben, ademais de ser deputada nesta Cámara agora é profesora en prácticas. E eu preguntáballe: ¿que formación tedes? E leo literalmente: «Para o funcionariado en prácticas hai un curso obrigatorio de formación inicial en igualdade de vinte horas» —supoño que hai profesoras e profesores arriba tamén—. «Os contidos que tratan non están nada mal» —dicía— «e os materiais tampouco. ¿Que acontece? É algo que queda escasísimo e está convertido en rutineiro. Non se parte da diferente formación que pode ter cadaquén e, sobre todo, non volve haber nada obrigatorio de formación na función docente nin hai nada previo. Por iso, nós trouxemos aquí a necesidade de incorporar como materia específica no máster habilitante para poder ser docente neste país materias específicas de violencia machista que seguen sen incluír no currículo. Entón —dicía— todo queda á vontade do profesorado de autoformarse. Respecto da violencia, isto é peor aínda, porque precisas formación para poder detectar, para poder previr. A isto súmase o que xa sabes» —dicíame—, «cero tempo do profesorado na aula e fóra para poder dedicarllo a isto». Están afogados tamén polo seu propio traballo burocrático para poder engadirlles aínda máis funcións. «Xa sei que parecemos choróns» —dicíame— «pero é verdade. Non hai tempo nin coordinación, e as comisións de igualdade non funcionan. Falta tamén moito coñecemento sobre os protocolos e a súa aplicación. Pasa cos de violencia machista e cos de identidade de xénero de forma escandalosa».

E no ámbito da saúde hai formación xenérica na carreira na materia de Medicina Legal. Hai unha formación específica para os MIR en forma de clase maxistral, e non se socializan, na maior parte dos casos, os recursos, que son bos e necesarios, como esa guía que vostedes aprobaron de detección en atención primaria da violencia machista. ¿Que acontece? E con isto remato, que, se temos afogada a porta de entrada, a base que sostén o sistema sanitario, se temos a profesionais, médicas e médicos, atendendo cupos de máis de 50 persoas, ao final non podes dedicarlle o tempo que se necesita a alguén que che vén aparecendo con dolores de cabeza, con malestares xerais, que están somatizando, que non é unha enfermidade como poidamos entendela senón un caso de discriminación ou de violencia constante e permanente, psicolóxica ou doutro tipo.

En síntese, e remato: máis orzamento, máis e mellores recursos para garantir máis dereitos á metade da humanidade, e ser máis fortes todas e todos como sociedade para combater o que é unha vulneración dos dereitos humanos máis elementais.

Máis nada. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Saudamos agora o último grupo xa dos alumnos de terceiro da ESO e de primeiro de bacharelato do centro Santo Tomé do Frexeiro, en Vigo. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día.

Benvidos, alumnos e alumnas de Vigo e tamén os compañeiros da comarca de Ordes que hoxe nos acompañades para ver este debate no Parlamento de Galicia, un debate que creo que, ademais, é moi interesante para a xente nova.

Señora conselleira, en primeiro lugar, moitísimas grazas. Grazas polo seu traballo e pola súa dedicación a dous ámbitos fundamentais do Goberno, o emprego e a igualdade. Son dúas materias que, se se me permite dicir, son ambas transversais, porque a educación está relacionada coas mellores expectativas de emprego. A mellor política social é o emprego, e non as «paguitas» que sempre nos ofrecen os grupos da esquerda. A aposta por axudar á creación de empresas non é axudar uns señores que fuman puros, non, é axudar aquelas persoas, aqueles empresarios e empresarias, que queren apostar e que queren arriscar o seu patrimonio para xerar actividade económica e para xerar, en definitiva, emprego.

E as políticas de igualdade tamén están presentes en todas as áreas de goberno, como a conciliación. De aí a importancia da gratuidade das escolas infantís, o incremento de prazas en residencias de maiores e de persoas con discapacidade, o fomento do emprego feminino, a política de prevención da violencia de xénero dende o ámbito educativo, social e sanitario, así como, dende o ámbito empresarial, loitar contra a fenda salarial ou contra o acoso no ámbito do emprego. E, cómo non, están os recursos destinados ás vítimas da violencia de xénero, dende a primeira atención psicolóxica e letrada a unha prestación periódica para non depender economicamente do seu maltratador, o programa de vivenda e de emprego para vítimas de violencia de xénero, e o mantemento e o reforzo dos centros de información a mulleres espallados por todo o territorio. E vostede acábanos de anunciar, señora conselleira, que hai dous máis que están a punto de abrirse.

E hoxe quero poñer en valor o traballo que se está facendo en Galicia, e non só dende o Goberno, senón tamén dende este Parlamento, onde abordamos a igualdade dende un ámbito de consenso e non de confrontación. Isto non foi por xeración espontánea, non. Créanme que hai moito tempo que as cousas aquí eran doutro xeito. Os grupos independentistas e de esquerdas pois non querían pactar nada co Partido Popular, a pesar dos fallidos intentos que este grupo facía para intentar consensuar e chegar a acordos en materia de igualdade, o que nos parecía fundamental para sacar adiante políticas públicas nun ámbito no que todos tiñamos o mesmo obxectivo, que era axudar as mulleres e promover a igualdade real entre homes e mulleres. Era difícil, pero conseguimos que houbese un punto de inflexión no ano 2017, no que non eramos tres forzas parlamentarias senón que eramos cinco. Conseguimos

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sacar adiante un pacto cunha serie de medidas para incorporar no Pacto de Estado para a eliminación da violencia de xénero. E, a partir de aí, conseguimos facer un traballo parlamentario consensuando todas as leis que saían deste Parlamento e aprobando todas as leis en materia de igualdade por unanimidade. As catro últimas leis deste ámbito que foron aprobadas neste Parlamento foron aprobadas co voto unánime de todas as forzas políticas. E creo que hoxe iso é importante poñelo en valor; sobre todo, no contexto que estamos a vivir. *(Aplausos.)*

Neste ámbito, señorías, todo o que fagamos é pouco, todos os recursos que poñamos a disposición das vítimas son poucos. Elas merecen toda a nosa atención e todos os recursos. Dicía eu antes que conseguimos mandar un pacto dende Galicia ao Estado, e no 2017 asinouse ese pacto de Estado baixo o Goberno do presidente Mariano Rajoy. E houbo un orzamento. Onte dicía un deputado, o señor Gonzalo Caballero —agora non está, pero despois coméntanllo—, que dicía que non tiña orzamento ese pacto. É falso, era un orzamento de mil millóns de euros para executar durante cinco anos. No ano 2018 o Goberno de Mariano Rajoy puxo 200 millóns de euros nese pacto de Estado, e eses 200 millóns de euros foron prorrogados catro veces seguidas, porque o Partido Socialista, cando entrou coa moción de censura, non foi quen de sacar adiante un orzamento do Estado e prorrogou as contas do Partido Popular durante catro exercicios orzamentarios. Durante eses catro exercicios orzamentarios o Partido Socialista, co señor Sánchez no Goberno, dispuxo de 200 millóns de euros cada exercicio orzamentario para desenvolver o Pacto de Estado. ¿E que fixeron? Nada, ¡nada!

Cando a señora Díaz dixo que tiñamos que facer autocrítica, eu pensei que tamén ía facer algo de autocrítica neste ámbito. Pero non, vese que fixo autocrítica selectiva. Non desenvolveron a meirande parte das medidas incluídas no Pacto do Estado. De feito, a proposta do Partido Socialista no ano 2021 foi prorrogar a vixencia do Pacto de Estado. Pero o que é máis sangrante é que no último ano, dende que fixeron esa prórroga, tampouco fixeron nada. De feito, señorías, o Partido Socialista o pasado 11 de novembro fixo outro acto co señor Formoso e coa secretaria de Igualdade do Partido Socialista e ¿cal foi a proposta? Renovar o Pacto de Estado outra vez. Pero ¿que fixeron este ano? Pois a verdade é que absolutamente nada. Dixo a señora secretaria de Igualdade: «*Hace un año firmamos el compromiso de renovación con todos los partidos políticos, menos con VOX, y estamos manos a la obra para que el Congreso y el Senado emitan su dictamen de renovación*». E mentres vostedes seguen «*manos a la obra*», as medidas do Pacto de Estado seguen sen aprobarse, e a lexislación que hai que modificar —que é lexislación importante e fundamental, e eu agora voulle dicir cal— segue na cola. Porque para vostedes é máis prioritario modificar o delito de sedición —modificalo non, eliminalo— ou modificar o delito de malversación que introducir modificacións importantes, como na violencia sexual, na violencia dixital ou na lei de trata, que están pendentes de aprobar no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* Porque isto non está nas prioridades do Partido Socialista.

Pero, claro, non sei se será mellor que non lexislen, porque a verdade é que, postos a facer autocrítica, eu estou asombrada de que no contexto actual no que estamos vivindo, cunha saída masiva de agresores sexuais dos cárceres... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe en Galicia hai un violador máis nas rúas, o violador de Xinzo de Limia, señorías. As nosas fillas están menos protexidas porque hai unha lei chapuceira do Partido Socialista, apoiada polo Bloque Nacionalista Galego, que está permitindo que se reduzan as penas aos agresores sexuais. E diso aquí hoxe non se dixo nada. Eu, como representante do Grupo Parlamentario Popular, quero amosar toda a nosa solidariedade con esas vítimas, *(Aplausos.)* que están vendo asombradas como se lles reducen as penas e as condenas aos seus agresores e como a vítima de Xinzo de Limia está totalmente desprotexida vendo como ao día seguinte da entrada en vigor da lei ese señor sae á rúa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: E ¿que lle parece? ¿Parécelle ben, señora Castro? ¿A vostede parécelle ben? A vostedes, que son tan respectuosos e que nunca interrompen cando estamos no uso da palabra, xa sei que non lles gusta escoitar isto, señorías. Pero a nós tampouco nos gusta que estean reducindo as penas aos agresores sexuais. A nós tampouco nos gusta que haxa un violador máis na rúa —e moitos máis que caerán—. Dicía hoxe o fiscal xeral do Estado: «*Por favor, que sea rapidito, que salgan todos rapidito*». ¡Claro!, ¡claro!, que saian *rapidito*, ¿non? *(Murmurios.)* Iso é o que queren vostedes, axilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois, non. Miren, señorías, o que teñen que ter é axilidade para volver modificar a lexislación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu xa o sei, pero é que o problema é que isto sucede con máis leis, porque teñen a Lei «trans» tamén en pleno debate. E ¿que están facendo vostedes coa Lei «trans»? Pois non escoitar tampouco os informes do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Vostedes están dividindo e confrontando o feminismo, porque, miren, non o digo eu *(A señora Prado del Río le un documento)*: «*La Ley trans agrava la división entre las socialistas*». É que xa non é que dividan o feminismo clásico, é que non escoitan a feministas que levan anos e anos traballando polos dereitos das mulleres *(A señora Prado del Río le un documento)*: «*La Ley trans puede destrozar toda la legislación de igualdad*». Isto dío Carmen Calvo, que foi... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, claro, ¡claro!, pero a vostedes isto parece que lles dá igual e van seguir adiante. ¿Que fixeron? Cortarlle a cabeza politicamente. Cesaron a señora Calvo e cesaron o ministro de Xustiza, Campo, por advertir de que a lexislación do «*solo sí es sí*» ía provocar as consecuencias nefastas que estamos vendo estes días. *(Aplausos.)*

E ningunha das dúas voceiras, da esquerda e dos independentistas, tiveron hoxe o valor, cando subiron a esta tribuna, de solidarizarse con esas vítimas. ¿Cal é o seu feminismo, señora Rodil? ¿Cal é o seu grao de compromiso co feminismo? Dígao. Se fose o Partido Popular o que aprobase esta lei, tería que escoitala eu aquí nesta tribuna, *(Fortes murmurios.)* teriamos que escoitala. *(Murmurios.)* Pero, non, como son os seus socios de goberno e como vostedes votaron a favor desa lei, vostede hoxe está calada. Vostedes, os do Bloque Nacionalista Galego, están na procesión dos caladiños. Iso é o que lles importan a vostedes as vítimas, esa é a importancia que lles dan.

Falaba a señora Díaz de que lle pedía á conselleira que fixesen algo en materia de violencia sexual. Mire, señora Díaz, a señora Carmona —a presidenta do Observatorio contra a Vio-

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lencia Doméstica e de Xénero do Consello do Poder Xudicial— o pasado marzo de 2021, na súa comparecencia no Congreso, no seguimento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, advertiu de que había que realizar cambios no Código Penal para tipificar a ciberdelincuencia de forma más específica ante a cantidade de denuncias de mulleres que sofren violencia no ámbito dixital. Carmona falou das dificultades para encaixar nun tipo penal as denuncias que chegan aos xulgados sobre violencia de control, ameazas ou violencia psicolóxica a través de móbiles ou doutros dispositivos dixitais. E dixo que as redes eran un caldo de cultivo para o control da vítima. Díxoo a señora Carmona, a presidenta do Observatorio contra a Violencia de Xénero e Doméstica. E vostedes ¿que fan? Absolutamente nada. Non modifican o Código Penal para introducir esta cuestión. ¿E vostede vén aquí preguntarlle á conselleira o que está facendo? Pois, mire, este grupo parlamentario presentou unha proposición de lei neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...para considerar a violencia dixital como unha das formas de violencia de xénero. E foi apoiada por todos os grupos porque todos consideramos que é fundamental e importante. Galicia é pioneira nas leis de protección ás vítimas, polo que se ve, no Estado. E o Partido Socialista, non. E nós non podemos modificar o Código penal, señora Díaz, non podemos.

Señora Rodil, vostede, que dicía que o orzamento para atención ás vítimas non chegaba ao 1 %, e a señora Díaz, que dicía que a prevención é fundamental, póñanse de acordo. Porque a prevención forma parte do combate e da eliminación da violencia de xénero. E claro que a conciliación, que as mulleres teñan gratis as escolas infantís para ter alí os seus fillos, que a vivenda e as prestacións, todo, todo iso suma, señora Rodil. A vostedes non lles importa. ¿Que pasa?, ¿iso non forma parte da eliminación da violencia de xénero? ¿Non? Pois eu creo que a prevención e as políticas de igualdade tamén se teñen que incorporar a ese orzamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que vostedes consideran só nos recursos e nas «paguitas». Para iso non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.

Ben, vou intentar contestar. Hai bastantes cuestións que creo que son conxuntas, do Partido Socialista e do BNG. En primeiro lugar está o maior esforzo orzamentario que solicitaba o Partido Socialista e ese 1 % ao que se refería o BNG.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vamos ver, eu creo que xa falei da subida en total das políticas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero, e enlázoo un pouco co que acaba de dicir a señora Prado. Creo que non podemos considerar as partidas de xeito illado pola súa denominación. A realidade é que a subida de todas as partidas desta Consellería —soamente desta Consellería— dende o inicio da lexislatura supera o 60 % en igualdade. Pero se nós queremos analizar os datos, os datos da totalidade do investimento —collendo as súas palabras—, do investimento do Goberno galego en políticas de igualdade, e se incluímos as políticas de conciliación —é dicir, todas elas, que creo que é o que ten que ser—, actualmente, e sen considerar o capítulo I, neste ano 2023 o Goberno galego está investindo 199,5 millóns de euros. No ano 2009 —e non digo que para esta equiparación non avanzasen moito as cousas, pero hai que ver tamén como avanzamos orzamentariamente— en políticas de igualdade e conciliación —sen capítulo I tamén— estábanse investindo 54,7 millóns de euros cando chegamos. É dicir, por cada euro que se gastaba naquel momento estanse investindo agora mesmo catro euros. E, se non collemos as políticas de conciliación —é dicir, collendo simplemente políticas de igualdade e violencia de xénero—, este ano son 31,9 millóns de euros; e no 2009, 13,81. Entón, creo que as cifras tamén é importante telas claras.

Polo tanto, e con estes datos, con estes 199,5 millóns de euros —repito, sen contar o capítulo I—, hoxe en día no presuposto global da Xunta deses 12.620 millóns estamos investindo en igualdade, violencia de xénero e conciliación máis dun 1,5 % do orzamento. Isto é importante dicilo e sabelo. A maiores, nesta Consellería hai un incremento respecto do ano pasado dun 41,4 %.

E volven con esa teima —sobre todo o Partido Socialista— de que mantemos todas estas cifras grazas ao compromiso do Goberno de España. ¡Home!, é que só faltaría que o Goberno de España —cun ministerio de igualdade, ademais—, non tivese compromiso coa igualdade.

Vamos ver, primeiro, eu estou un pouco farta de escoitar que executamos os fondos do Goberno de España ou que executamos os fondos do Goberno do señor Sánchez. Os fondos son os fondos de todos os españois, e son en parte fondos europeos; é dicir, nin sequera son fondos propios do Goberno de España, son fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia moitos dos fondos que estamos orzando. Entón, creo que o valor é que se están orzando ben, que se están orzando en tempo e forma e que se están executando en Galicia de xeito adecuado; cousa que non está sucedendo en todas as comunidades autónomas. En moitas comunidades autónomas están tendo graves problemas de execución, e precisamente na meirande parte dos casos polo mal deseño dos programas por parte dos ministerios —e falo, no meu caso, tanto por parte do Ministerio de Traballo como do Ministerio de Igualdade, que está dilatando moitísimo a execución dos programas—.

Sobre os «centros de crise» —do que preguntaban, creo, os dous grupos—, este é un exemplo claro de como se tiveron que dilatar. Os centros de crise, efectivamente, agora están prorrogados ata finais do ano 2023. ¿Por que? Porque como se deseñaron inicialmente nas primeiras conferencias sectoriais era absolutamente imposible executar estes centros. Eu coincido con vostede, señora Rodil. Eu non estou tampouco a favor do modelo que creou o Ministerio de Igualdade. Pero —como sempre facemos neste Goberno— imos executar ata o último euro que se transfira por parte do Ministerio de Igualdade. Estamos en prazo des-

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pois desa modificación. Repito, o prazo é ata decembro do ano 2023 e vaise executar —xa llo adianto— a través dunha colaboración co Sergas nas distintas áreas sanitarias; porque entendemos, dentro do modelo absolutamente incomprensible que delimitou o Ministerio de Igualdade para este tipo de centros, que, polo menos, por un criterio de eficiencia e de eficacia os centros se van implantar próximos ás urxencias hospitalarias. Neste sentido están xa delimitados os espazos para as áreas sanitarias de Santiago e O Barbanza, de Vigo, de Ferrol, de Lugo, da Mariña e de Monforte. ¿Vale? E quedan por delimitar nas outras tres áreas, co cal non se van ter que construír novos edificios. Eu conto con poder executar isto nos prazos correspondentes.

E respecto dos CIM, ben, creo que a señora Díaz dicía que non se necesitan infraestruturas, que non se necesitan. Tamén se necesitan infraestruturas, tamén. Pero quero recalcalo, porque ese millón e pico de euros que está no orzamento... Eu tamén escoito o persoal dos CIM —non soamente vostedes—, eu tamén escoito os directores dos CIM, eu tamén vou polos concellos ver os CIM, e realmente creo que é necesario mellorar as infraestruturas de moitos CIM, de aí esa partida orzamentaria, que tamén é necesaria. En canto ao demais, pois, xa o dixen aquí, creo que hai que traballar coa Fegamp. Sempre recalco que é con independencia da colaboración que sempre imos ter por parte do Goberno galego. É moi, moi, importante, é moi importante o que os concellos teñan que dicir —que os centros son seus—, e de aí a colaboración coa Fegamp. E, a partir de aí, pois veremos como deseñamos e como intentamos equilibrar o persoal destes centros en relación ás súas áreas xeográficas.

Lei de igualdade. Ben, non sei, creo que vostede colleu o *Diario de sesións*. Sempre dixen que a intención era, por suposto, que viñese no ano 2022, creo que dixen moitas veces «a finais do ano 2022». Desculpen se vai entrar no primeiro trimestre do ano 2023. Que isto se poida tachar como de que esta Consellería é lenta, bueno, pois permítame que discrepemos, señora Rodil. O que si lle podo asegurar é que eu non vou apurar unha norma, como, por certo, si se fai por parte do Goberno central. E faise tanto nun ministerio coma noutro respecto dos que eu teño colaboración, que son o Ministerio de Traballo e o Ministerio de Igualdade. Apuran as normas sen conseguir consensos, sen escoitar os órganos correspondentes cando sinalan críticas construtivas. Aquí vaise facer a tramitación da norma con tranquilidade —que é o que estamos facendo— e escoitando a todo o mundo. Vaise tratar de adaptar o texto —xa o dixen— ao que dixeron as distintas alegacións —e agora ao que digan os distintos informes—. E vaise traballar co que diga o CES. A miña intención —volvo dicir— é que poida estar nese primeiro trimestre do ano, pero eu non me vou poñer nerviosa por que, en vez de no primeiro trimestre, veña no segundo, sempre que haxa unha garantía de que o texto é un texto que estea acordado e que estea ben feito. Creo que esa é a prioridade, non hai que traballar con présas dentro dun marco que creo que é absolutamente asumible, como é o feito de que a tramitación dunha norma deste calado e desta transversalidade leve máis dun ano para a súa elaboración e tramitación por parte do Goberno.

No eido educativo, eu estou completamente de acordo —e creo que así o estou manifestando de xeito continuado— en que hai que insistir nas políticas de formación e de sensibilización. Nunca vou discutir sobre este eido. Estou segura de que a súa compañeira deputada a está

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

informando do que está habendo agora mesmo, pero eu teño tamén que poñer en valor todo o que creo que si se está facendo. E, a partir de aí, podemos continuar falando e podemos —e anótoo como crítica construtiva— ver que máis se pode facer. Pero eu vou, de momento, relatar unha serie de cuestións que se están facendo dende o ámbito educativo: dous plans Proxecta sobre igualdade todos os anos, unidades didácticas sobre mulleres científicas e deportistas galegas, unha guía sobre literatura infantil e xuvenil para a igualdade, unha guía coeducativa para os centros escolares, unha guía para actuación nos casos de violencia de xénero no ámbito educativo, unidades didácticas para ESO e bacharelato sobre feminismo, xornadas sobre violencia sexual en universidades —este ano foron máis de douscentos os asistentes—, os *stands* de «agresións off» estanse levando este ano por primeira vez aos centros, e as xornadas para o persoal docente sobre actuacións ante casos de violencia de xénero —estamos xa na edición sétima—.

Sobre o Plan estratéxico de igualdade, o VII Plan estratéxico si está avaliado. Si é certo que probablemente non trouxen a avaliación en ningún momento a esta Cámara, pero está avaliado e está presentada a avaliación ao Consello Galego das Mulleres. Non hai problema en dar conta pormenorizadamente. Agora dígolles os datos xerais. Saben que tiña un orzamento de 392 millóns. Executáronse 216 medidas das 253 que tiña o plan; co cal, o cumprimento do plan creo que é satisfactorio, porque é o 85 % do plan ou das medidas do plan as que están completamente executadas e rematadas.

Quero aproveitar a comparecencia e incidir nunha cuestión que creo que é importante que se coñeza, que é como se está traballando co Ministerio de Igualdade en relación con todos os plans que se están poñendo en marcha do propio Pacto de Estado. Xa tiven oportunidade nalgún momento de falar un pouco disto, porque nos preocupa a falta de seriedade que está tendo o Goberno central e de respecto institucional —e creo que o deben saber aquí, dende o punto e hora que é un goberno apoiado ou en coalición con vostedes— por como está traballando este ministerio.

Eu pido ao Ministerio —estouno pedindo en conferencia sectorial, e acabo de enviar unha carta á ministra Irene Montero— o mesmo diálogo e o mesmo intercambio co que creo que si se está traballando en Galicia, co que si se está traballando neste Parlamento pola totalidade dos partidos políticos. A mesma forma de traballar é a que estamos pedindo ao Goberno central.

Fíxoo co Plan Camino. O Plan Camino é un plan que presenta o Goberno para dar alternativas económicas, laborais e sociais ás vítimas de trata e explotación sexual. É absolutamente incomprensible que, cando hai unha medida do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que exixe —e dicíao a señora Prado— unha lei orgánica contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, non saibamos nada desta lei orgánica e non se dea ningunha explicación. O que se fai é aprobar un plan sen ningún coñecemento nin da intervención por parte das comunidades autónomas nin do terceiro sector de acción social; un plan que coñecemos despois da súa aprobación por parte do Consello de Ministros e porque o solicitamos ao Ministerio —porque nin sequera era público—, cando resulta que a maior parte das medidas de intervención social e de intervención laboral son competencia das comunidades autónomas. Entón, como mínimo, hai que coñecelo.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Xa lles dixen aquí —creo— que, cando ese pacto de Estado chegaba á súa fin e se manifestou nunha conferencia sectorial a finais do ano 2021 por parte de Galicia a preocupación pola súa continuidade, o que dixo a secretaria de Estado é que estaba nun período de reflexión sobre o Pacto de Estado. A partir de aí presentouse un borrador —un borrador que non tiña financiamento dos servizos para loitar contra a violencia de xénero— que se rexeitou pola totalidade das comunidades autónomas. E, por fin, o 22 de xullo puido aprobarse ese novo Pacto de Estado, esa prórroga do Pacto de Estado. E tamén se aprobou cun financiamento grazas a todas as comunidades autónomas. Galicia en moitas das conferencias, das comisións técnicas, fomos os primeiros en reclamar esa prórroga, ese financiamento, cousa na que, como digo, estaban en reflexión no Ministerio de Igualdade. Eu pregúntome como é posible que nun tema que está absolutamente consensuado e que está consolidado se poida manifestar publicamente que se está nun período de reflexión.

E agora imos coa seguinte cuestión: a estratexia para combater as violencias machistas. Na pasada conferencia sectorial, o 15 de setembro, ía exclusivamente un único punto para a aprobación na orde do día, que era un catálogo mínimo de servizos e de atención á violencia de xénero para todo o país, para toda España. Nós apoiámolo —e non o fixeron así todas as comunidades autónomas—, e votamos a favor dese catálogo. Considerámolo adecuado, consideramos, ademais, que a maior parte das cuestións que están nese catálogo están xa levándose a cabo nesta comunidade autónoma. E outro punto —sen votación— era un informe sobre a estratexia para combater as violencias machistas, que se explica tarde, mal e a rastro pola señora secretaria de Estado. Pois ¡cal é a sorpresa cando sae desa conferencia sectorial e dá unha rolda de prensa na que indica que se acababa de aprobar co voto a favor das comunidades autónomas a estratexia para combater as violencias machistas! ¿Vostedes cren que se pode traballar cun goberno que fai as cousas dese xeito? Por suposto mandei unha carta á ministra de Igualdade para sinalarlle o meu estupor e para que aclarase o malentendido polos mesmos medios que acababa de utilizar. Porque ¿é isto dialogar e consensuar?, ¿inventar os consensos e non entregar os documentos para que non os coñezamos e, polo tanto, non os poidamos criticar? *(Aplausos.)*

Repito, este comportamento non o entendemos. E non estou xulgando o fondo das políticas que fan, simplemente creo que non actúan con seriedade nin con respecto nin ao sistema nin ás institucións. E isto estase levando a cuestións como as que estamos vendo estes días, a desprezar absolutamente a quen están tamén traballando pola mesma finalidade.

É unha maneira de actuar que creo, como dicía antes, que é absolutamente contraria a como estamos traballando en Galicia por parte de todos —non soamente por parte do Goberno de Galicia—. Grazas a isto, este ano xa conseguimos aprobar tres dos catro plans que imos aprobar en total ao longo do ano. Son ese VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidade 2022-2027; o III Programa de muller e ciencia 2022-2025; o I Plan galego contra a trata de seres humanos 2022-2024; e estamos a piques de aprobar —contamos con aprobalo a final de ano— o seguinte Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, ata o ano 2025.
E tamén quero poñer en valor a totalidade dos órganos consultivos, de participación e asesoramento que ao longo do tempo, de todos estes anos, conseguimos poñer en marcha e que ademais están funcionando e están manténdose en activo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A totalidade, si, eu penso que si están en activo. Son a Unidade de Muller e Ciencia

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—que crearon no ano 2007—; no ano 2012 conseguimos crear a Comisión Interdepartamental de Igualdade, o Consello Galego das Mulleres e o Observatorio Galego da Violencia de Xénero; no ano 2018 creouse ese Observatorio contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero; e agora, coa aprobación desa nova lei de igualdade, e tamén coa proposta de todos os grupos parlamentarios, crearase ese novo Observatorio da Muller Rural e do Mar.

Polo tanto, creo que diso se trata. Trátase de integrar todos os coñecementos, toda a información dispoñible, de estar actualizados, de traballar coa sociedade. Critican, ou non lles parece suficiente, esa macroenquisa. Eu creo que é relevante coñecer tamén —ata o de agora non se traballara— o que pensan e a percepción que teñen os menores a tan curta idade, desde os 12 anos, para, a partir de aí, tamén poder adaptar as políticas, dotar os sistemas e mellorar a prevención entre a mocidade.

Estamos elaborando un estudo específico para ver a situación sociolaboral do colectivo LGTBI. Estamos traballando, no seo do Consello Galego das Mulleres, nun estudo de corresponsabilidade, de repartición do traballo doméstico e de coidados. E por primeira vez vai existir —isto é en colaboración co Consello da Cultura Galega— unha guía-itinerario que recolle un mapa da totalidade dos recursos que existen en Galicia de todas as administracións e de todas as institucións, que vai estar, por suposto, á disposición das vítimas, pero que creo que tamén vai mellorar o traballo que teñen todos os operadores que están traballando nesta protección e neste tratamento das vítimas de violencia de xénero.

Polo tanto, somos conscientes de que queda por facer, pero creo que tamén é de recibo recoñecer que en Galicia estamos avanzando, que se está avanzando con paso firme, avanzando con apoios reais, con apoios efectivos. Temos programas que levan en activo máis de vinte e seis anos. Atopámonos sempre entre as comunidades autónomas con maior grao de execución das medidas e dos fondos do Pacto de Estado. É absolutamente indiscutible que constitúe unha prioridade deste Goberno loitar contra a violencia de xénero, garantir prestacións, apoios, atención integral ás vítimas, e facer da nosa comunidade unha comunidade en igualdade e sen discriminacións.

Polo tanto, penso que esta é a nosa meta e é tamén a de todos os que estamos aquí. Convídoos novamente a seguir traballando neses aspectos que son compartidos, na proposta de melloras que sexan realistas e que sexan viables. Porque na proposta desas melloras realistas e viables —evitando a confrontación e a crítica que sexa inútil ou que non sexa construtiva— pois creo que está o camiño para que poidamos continuar avanzando na loita pola igualdade, na loita contra a violencia de xénero.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.
Imos á rolda especial de aclaracións.

Por cinco minutos ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Prado, ten vostede un serio problema de ansia —penso eu— por estar no Congreso dos Deputados. Eu fago dende aquí algún rogo para que o Partido Popular a inclúa nas vindeiras listas electorais. *(Aplausos.)* Por suposto, calculamos que desa ansia por non estar, que provoca unha forte frustración, debe vir ese ton virulento ao que estamos acostumadas xa nesta Cámara. É absolutamente demencial e irresponsable a súa intervención de hoxe. Tamén é algo ao que nos teñen acostumadas. É absolutamente demencial e irresponsable. Eu prégolle simplemente que esta tarde revise na hemeroteca a anterior intervención que vostede tivo, e tamén, de paso, aos servizos de comunicación do seu partido que lle envíen o decreto que onte ditaba a Fiscalía Xeral do Estado. En definitiva, acerca desa lei, non vou entrar máis nesa cuestión porque, ademais, penso que non é hoxe o propósito.

Pero tamén lle vou dicir unha cousa. E lamento ter que gastar tempo —porque isto é gastar tempo da miña intervención, que hoxe tiña que ir dirixida á conselleira, e recórdolle que estamos aquí para iso— rogándolle que a min e que ao Grupo Socialista o Partido Popular non lle dea nesta materia ningunha lección. *(Aplausos.)* ¡Lecciónes, as xustas! ¡Si, si!, porque a recordo a vostede nun titular de prensa —o que pasa é que non tiven tempo para que o imprimisen— que dicía: «¿Pactar con VOX? Non pasa nada». Non pasa nada, non pasa nada con pactar con VOX e que as mulleres de Castela e León, grazas a súa posición irresponsable —que iso si que é irresponsable—, hoxe non teñan prestación. *(Aplausos.)* A partida de protección ás vítimas en Castela e León acabou nuns pírricos 15.000 euros. ¡Nuns pírricos 15.000 euros! *(Aplausos.)* Son titulares de hai tres días. Así que lecciónes, as xustas. E nesta materia, ningunha. Son vostedes os que introduciron os negacionistas da violencia machista nas institucións. *(Aplausos.)* ¡Si, si! ¡Nós, non! ¡Cómplices diso, non! Así que lecciónes, como digo, as xustas.

E agora, señora conselleira, vou cambiar o ton. Desculpen ese ton meu pero creo que ás veces hai que colocar os puntos sobre os is. Vou con vostede, señora conselleira, porque a vostede si que lle agradezo sempre o ton respecto do que hoxe trata aquí. A pesar das críticas que poidamos facerlle, eu voulle contestar co mesmo ton que tamén recibín de vostede.

Nós o que pensamos é que en realidade o que hai que facer é sumar máis esforzos na loita contra a violencia contra as mulleres, e repito que fundamentalmente dende a educación. Nós poñemos moita énfase nisto da prevención, e é aí onde temos que poñer o foco de maneira contundente e urxente. As cifras de violencia machista entre a mocidade, unidas, ademais, ao avance desas novas tecnoloxías, sitúanos nun escenario moi preocupante ao que debemos pór freo de maneira inmediata. Aplaudimos esa macroenquisa, pero pensamos que chegamos quizais un pouco tarde, porque entre que se realiza e desenvolvemos despois as accións quizais cheguemos xa un pouco tarde. Temos que ser valentes e incluír nos currículos de todas as etapas educativas materias de educación afectivo-sexual para que estes rapaces e rapazas xa vaian preparados para o futuro que van ter. Cremos que aí é onde hai que poñer o foco, unha das cousas nas que hai que poñer o foco.
A respecto do Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, señora conselleira, a min encántame que se presentase no Consello de Mulleres, pero o mandato deste Parlamento —por iniciativa, ademais, do Grupo Socialista, desta mesma deputada— era que se presentase no Parlamento. Entón, eu agradezo, se é posible, que, por favor, poidamos debater aquí acerca desa avaliación dese plan estratéxico. Haberá que ver cal foi ese

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grao de execución, que medidas deixaron de desenvolverse, pero si agradezo que houbese un 85 % de execución. Para min, francamente, si que é un bo dato.

Remato xa. A loita contra a violencia sexual é outra cuestión prioritaria, dende logo, na axenda feminista —que por suposto asumimos na axenda socialista—, cunhas terribles cifras de incremento —sobre todo entre a mocidade—. Volvemos insistir en que o traballo debe desenvolverse especialmente dende idades temperás mediante unha educación sexual incorporada ao ámbito escolar. Fronte a posturas conservadoras cargadas de falso puritanismo —o director xeral da CRTVG hai pouco acusábanos diso precisamente na Comisión da CRTVG— os socialistas e as socialistas galegas reclamaremos sempre a inclusión desta materia nos currículos escolares.

E remato —agora si remato— solicitando un maior esforzo en prevención, e tamén, por que non dicilo, unha maior fiscalización das accións que a Xunta non xestione directamente. E disto mellor falaremos outro día.

Se todo o noso traballo se centra no asistencial —que non está mal, e nós aquí non o criticamos, sabe vostede que nunca aquí criticamos as medidas de protección das vítimas—, se todo o noso traballo se centra nesa parte asistencial, será imposible acadar o obxectivo de erradicar estas violencias, que tamén hai que dicir que compete aos homes. Aquí vostede hoxe non falou demasiado dos homes, e son eles, estas violencias son cousa dos homes e da súa posición privilexiada. Así que poñamos aí o foco con valentía pero tamén con xenerosidade, porque a liberdade das mulleres, certamente, é tarefa de todas, pero sobre todo é tarefa de todos.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, Noa Díaz.

Quenda para o Bloque Nacionalista Galego.

Dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

É vostede unha pirómana. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É vostede incendiaria e chapotea gustosa na lameira. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Pero tamén lle digo unha cousa. A nosoutros e a nosoutras nunca nos van atopar aí abaixo, ¡nunca! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos e murmurios.)* E eu pídolle unha cousa, pídolle unha cousa. Pídolle que retire dúas cuestións que dixo. Unha é a de ligar ou intentar facer crer que os dereitos sociais da xente son «*paguitas*». ¿Son as prestacións económicas para vítimas de violencia machista *paguitas*, señora Prado, ou son dereitos das mulleres, as que garanten o dereito a vivir libremente? *(Aplausos.)* ¿É a risga, señora Prado, a renda de inclusión social ou o ingreso mínimo vital, segundo vostedes, señorías do Partido Popular, unha *paguita* ou é o dereito a ter ingresos que che permitan vivir con dignidade pagar a casa, facer a compra e comer todos os días? *(Aplausos.)* ¡Retire iso!

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os dereitos sociais non son regalos, ¡eh! Custou moito, moito, moito traballo conseguilos e ter unha vida digna, que é o que pagan as prestacións económicas de violencia machista ou a risga. Digo que chapotea gustosa nesa lameira e que é vostede politicamente unha pirómana. E repítollo: pídolle que retire o que acaba de dicir aquí intentando xerar un alarmismo social baseándose na mentira. Retire o de que acaban de saír alegremente violadores neste país coma se se abrisen as portas dos cárceres, porque é absolutamente mentira, ¡mentira! *(Aplausos.)*

Están instalados nunha política incendiaria que ten consecuencias directas na sociedade de Galiza —e vostede tamén, porque lle escoitei a entrevista recentemente esta fin de semana—. Están instalados nunha política absolutamente desprezable. Dígollelo: politicamente non todo vale, ¡non todo vale! *(Aplausos.)*

¿Queren que falemos da Lei de liberdade sexual? Falemos da Lei de liberdade sexual. Foi un enorme avance en dereitos para cumprir algo básico —que vostede vai defender, ou alguén do Partido Popular esta tarde ou no día seguinte—, que é que a lexislación e a normativa española se adaptase ao que di desde o ano 2011 —subscrito desde o ano 2014 polo Goberno español— o Convenio de Istambul, que pedía que tiña que pivotar o delito contra a liberdade sexual sobre o consentimento. E eu —que unha é de espírito curioso— fun ver o expediente da Lei de liberdade sexual —que todo o mundo sabe que está pendurada na páxina web do Congreso dos Deputados e das Deputadas para quen o queira ver e introducirse no contexto— e ver o que era que presentaba o Partido Popular no proceso de emendas. *La enmienda 284 del Grupo Popular* pretendía suprimir todas as modificacións do Código Penal e que quedásemos como estabamos. Que quedásemos como estabamos, señora Prado, significa que para que unha persoa, un home, fose condenado por violación había que determinar e demostrar que ofreceras un grao de resistencia tal que demostrase que había violencia e intimidación. *(Aplausos.)* Vostedes o que querían e o que queren é que no Estado español as cousas sigan como cando saímos as feministas mobilizarnos ás rúas porque acababan de ser absoltos do delito de violación *los cinco de La Manada*, condenados única e exclusivamente por un delito de abusos. *(Aplausos.)* ¿E lembran por que o Xulgado da Audiencia Provincial de Navarra e o Tribunal Superior de Xustiza de Navarra absolvían do delito de violación os da Manada e só os condenaban por un delito de abusos? ¿Lembra vostede por que? Porque dicían que non había violencia e intimidación na violación de cinco homes, que quero lembrar aquí que violaron penetrando por boca, ano e vaxina unha muller nun cuartucho dun portal.

Non imos volver atrás. É un enorme avance a Lei de liberdade sexual para situar o Estado español e o seu Código Penal no que di o Convenio de Istambul desde hai moitos anos. Todas as leis deben ser analizadas, revisadas, e, se existe unha distorsión entre a vontade da lexisladora ou o lexislador e o que logo se aplica na práctica, debe ser modificado, pero non imos volver ao que había, non imos, porque nos custou moitísimo traballo chegar ata aquí. *(Aplausos.)*

E eu remato, señora conselleira, co mesmo que lle dicía ao comezo. Poden sumar vostedes aos orzamentos en materia de loita contra a violencia machista, se quere, as escolas infantís, ou seguramente tamén hai algunha partida, non sei, na Consellería de Industria e Innovación que vaia promovendo a igualdade. Nós estamos falando —busquen as escusas que

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

queiran— das partidas e programas específicos na prevención, na atención e na detección da violencia machista, que é un programa concreto que está atribuído á Secretaría Xeral de Igualdade. Cremos que temos que ser ambiciosas, que este goberno pode e debe, como o conxunto do país e da sociedade galega, facer un esforzo maior para garantir o que é un dereito fundamental, o dereito humano esencial de vivir, tamén as mulleres, vidas libres de violencia.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Quenda do Grupo Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Unha das últimas noticias do día 19 —probablemente, hoxe incrementaranse os casos—: «*Ley del solo sí es sí. Los tribunales ya han rebajado 12 condenas de abuso sexual y excarcelado a 5 personas. Los jueces han dictado al menos otras 4 nuevas sentencias con rebajas en las que aplican la nueva ley impulsada por Igualdad. Yolanda Díaz pide prudencia sobre la Ley del solo si es si hasta que se pronuncie el Supremo*». Creen que lo va a arreglar el Supremo, ¿verdad?

Mire, ¿quen contribuíu á lameira, señora Rodil? ¿Quen aprobou esta lei, señora Rodil? ¿Quen votou que si a esta lei, señora Rodil? Vostedes. E teñen mala conciencia. E agora vén vostede aquí «languideciendo» e dicindo que eu estou na lameira e que son unha incendiaria. Incendiaria é vostede, que acaba de dicir unha cousa sobre A Manada.

Mire, precisamente a Lei *del solo sí es sí* xorde cando se produce a sentenza da Manada, efectivamente. Pois con aquela lei que nos parecía insuficiente condenouse por violación a ese señor que vostede acaba de citar. E ese individuo hoxe está pedindo a redución da pena pola Lei *del solo sí es sí*. ¿¡Quen introduciu unha lameira neste país, señora Rodil!? *(Aplausos.)*

Feminismo non é por ser muller, que vostedes están todo o día dicindo que son feministas porque teñen unha muller lideresa. Non, o feminismo practícase doutro xeito, señora Rodil, o feminismo é outra cousa. *(Murmurios.)*

Vostede dime aquí que nós non defendemos os dereitos sociais. Claro que si. Eu contextualicei e dixen que para nós a mellor política social é o emprego, e dixen que nós non estamos de acordo coas *paguitas* porque iso é asistencialismo. E vostede mesma onte nesta tribuna criticou o asistencialismo. ¿En que quedamos? ¿Quere asistencialismo?, ¿si ou non, señora Rodil? *(Aplausos.)* Si, vostede mesma onte, o Bloque Nacionalista Galego.

Mire, señora Díaz, eu xa estiven no Senado, xa estiven no Senado, eu non teño añoranza ningunha polas Cortes Xerais. Estou aquí perfectamente defendendo os galegos e as galegas. E ¡que gran oportunidade acaban de perder as dúas voceiras do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego para solidarizarse coas vítimas dos agresores que están saíndo á rúa!

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque si, porque en Xinzo de Limia hai un individuo que saíu á rúa antes de terminar a condena que lle impuxeran antes da Lei do *solo sí es sí*. ¡Que gran oportunidade perderon de solidarizarse aquí coas vítimas! Eu son a incendiaria e eu son a que fago aquí unha lameira.

Miren, cando alguén se equivoca, o seu é asumir o erro e con humildade intentar rectificar ou poñer os medios para resolver a situación. E, lonxe de asumir o erro, vostedes botáronlles a culpa aos xuíces e aos fiscais, aos xuíces e xuízas —porque maioritariamente son mulleres as que están agora na carreira xudicial—. Vostedes din que non están formados, tacháronos de machistas, tacháronos de fascistas e dixeron que volvía o heteropatriarcado. E ¿saben que lles digo eu, señorías? Eu dígolles que eses mesmos xuíces que vostedes están criticando hoxe aquí porque hai unha lei que pon penas inferiores son os mesmos xuíces que condenaron a eses agresores con penas superiores cando a lei poñía penas superiores. Son os mesmos xuíces, coa mesma formación e co mesmo sesgo de xénero, señorías. *(Aplausos.)* É moi fácil botarlles a culpa a outros cando un fai unha chapuza lexislativa.

E, mire, non é un decreto, señora Díaz, a da Fiscalía é unha instrución. E si que a lin, non fai falta que ma pase ningún equipo de comunicación. ¿E sabe o que di a instrución da Fiscalía? *(Murmurios.)* Si que a lin, señorías, léana vostedes. *(Murmurios.)* Pois, mire, o que di é que non se vai impedir a avalancha de recursos provocada. E di que sexan os xuíces... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señorías, ¡vamos ver!, se o vai resolver todo a Fiscalía... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, eu xa sei que a Fiscalía... *(Murmurios.)* ¿De quen depende? ¿De quen depende a Fiscalía? Xa o sabemos todos. *(Murmurios.)* Pero, miren, a Fiscalía non pode resolver todo. Isto é unha chapuza lexislativa de tal magnitude que nin a Fiscalía a pode resolver, señorías, ¡nin a Fiscalía a pode resolver!, porque hai uns principios xerais do dereito que hai que cumprir e hai unha lexislación que hai que cumprir. Os xuíces están para cumprir a lei e para facer cumprir a lei. E iso é o que vostedes non entenden. Porque xa o seu voceiro no Congreso, o señor Patxi López, dixo: «*Bueno, no pasa nada, que se vuelva a modificar la ley, que se pongan penas superiores y los devolvemos a la cárcel*».

Pero ¡vamos ver! Pero ¿vostedes tómannos en serio? ¡¿Vostedes toman este país en serio?! ¡É unha vergonza, señorías!

E hoxe, aproveitando un debate de igualdade e falando de violencia de xénero e falando de vítimas, vostedes non tiveron unha soa palabra para as vítimas que hoxe están vendo os seus agresores reducindo as penas. E chámanme a min incendiaria, que eu estou incendiando cando estou poñendo enriba da mesa unha verdade como un templo. Vostedes quérenme calar. ¡Pois, non, señorías, non me van calar! *(Aplausos.)* Hoxe temos en España en vigor unha lei que reduce as penas de seis a catro anos. A agresión sexual con acceso carnal pasa de seis a catro anos, señorías. Non son eu a que estou poñendo as mulleres nesa tesitura, non estou eu creando unha alarma social. Non, non, é que a alarma social creouna esa lei que vostedes votaron a favor no Congreso dos Deputados.

E, por certo, explíquelle ao señor Rego que, efectivamente, aquí aprobamos leis por consenso, e que a de violencia vicaria foi por proposta do Bloque Nacionalista Galego. Pero explíquelle tamén que a de violencia dixital foi por proposta deste grupo. Porque, ¡home!, dicir no Congreso dos Deputados que as dúas foron por proposta do BNG... Mire, non pasa nada,

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro, non, non, sigan vostedes...!, pero explíquello vostede. Xa sei que manda máis que a señora Pontón, pero, ¡home!, pódenlle explicar iso, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Miren, no de botarlles a culpa aos xuíces e dicir que os xuíces son machistas e que non hai formación, sinceramente, señoría, recoñezan o seu erro. Intenten ter un pouquiño de humildade. Pídanlles desculpas ás vítimas e deixen de enlamar. Porque aquí os únicos que están enlamando son vostedes. Houbo un erro na lexislación, houbo un erro porque non quixeron escoitar nin os informes pertinentes nin os informes do Consello Xeral do Poder Xudicial nin as súas compañeiras de partido.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: E, advírtollelo, está no Congreso dos Deputados a Lei trans. E miren: «*Un documento del PSOE pide purgar a feministas históricas contrarias a la Lei trans*». Fáganlle caso. Se non queren facer caso a este grupo, se non queren facer caso ás feministas do Partido Popular, se non queren facer caso ás feministas clásicas que defenden os dereitos das mulleres con independencia da ideoloxía, fáganlles caso, polo menos, ás que lles están advertindo dos riscos da Lei trans. Porque cando a aproben e vexamos as consecuencias nefastas que vai ter, chamaranme alarmista, incendiaria e pirómana.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: E, non, señorías, eu o que estou poñendo enriba da mesa é o que vostedes queren ocultar. E non nos van calar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda de dúplica.

Ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Eu vou facer unha recapitulación. Pero si me gustaría dar dous datos. En relación cos pactos, a min sempre me molesta moito que se vincule o que está facendo o Partido Popular con calquera outro partido político, dígoo sempre. Creo que o dixen tamén no debate de orzamentos na Comisión, porque aquí está gobernando o Partido Popular. De todas as maneiras, hai un dato que seguramente non coñezan, e é para pensar: ¿Saben quen votou a favor dese catálogo de servizos mínimos para a violencia de xénero —houbo comunidades autónomas que votaron en contra—? ¿Pois saben unha que, ademais de Galicia, votou a favor? Castela e León. ¡Home!, creo que non dá igual que apoien un catálogo de servizos mínimos contra a violencia de xénero. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¡Home, señora Rodil!, non quero, de verdade, converter isto nun debate sobre a Lei do «só si é si». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non mencionei —creo— a lei en ningún momento, pero si creo —como vostede se referiu ás entrevistas que fixen eu— que eu fun moi clara no que dixen. En ningún momento puxen en tea de xuízo a necesidade da lei, e coñezo perfectamente o Convenio de Istambul e coñezo perfectamente a razón de ser da lei.

O que creo que eu dixen claramente sempre foron dúas cousas. A primeira —repítoa aquí, e é o que veño dicindo sobre o Ministerio de Igualdade— é a soberbia coa que traballan, a soberbia ideolóxica e intelectual continuada *(Aplausos.)*, que lles fai obviar por completo o que se lles di respecto das normas, dos plans, das estratexias coas que traballan. Esta é unha das cuestións que dixen. Creo que dixen —e, ademais, textualmente nalgunha entrevista— que Irene Montero non inventou o feminismo. E conviría que ela fose consciente de que non inventou o feminismo. Isto levouna a obviar —e non falo xa de alegacións nin do Partido Popular nin de ningún outro partido— o Consello Xeral do Poder Xudicial. ¿Por que? Porque teñen unha falta absoluta de respecto ás institucións. Teñen unha falta absoluta de respecto aos procedementos e demostraron que teñen unha falta absoluta aos poderes do Estado e ao poder xudicial. Eu creo que o error gravísimo que cometeu a ministra de Igualdade non foi tan sequera propoñer unha lei rápido e mal. Todo se pode corrixir. O poder executivo, o poder lexislativo, pódense equivocar. Pero o que creo que temos que facer os responsables públicos é asumir a culpa. E a reacción inmediata que tivo a señora Montero poñendo en tea de xuízo o Ministerio Fiscal e o poder xudicial é o que me parece absolutamente impresentable, e é o que levo defendendo todos estes días. *(Aplausos.)*

O que non se pode é partir da base de que unha morea de xuíces e xuízas en distintos puntos de España están tendo claras dificultades para aplicar esa norma e que a culpa, o descoñecemento e a falta de profesionalidade é desas xuízas e deses xuíces. Será que algo pasa na norma que está levando a unha dificultade na aplicación. E ese creo que é o error gravísimo que cometeu a ministra Montero, error gravísimo: achacar a culpa ao poder xudicial.

Paso xa a facer unha recompilación do dito. Respecto dos orzamentos, eu creo que que caia vostede, señora Rodil, en compararme os orzamentos de conciliación da Consellería de Política Social —dos que eu estou falando— cos da Consellería de Industria e Innovación é unha demagoxia que creo que non lle corresponde, sinceramente. Estou falando dos orzamentos para escolas infantís, para cheque infantil, para prestacións por fillo a cargo. Entón, se, para que vostede me crea sobre os 199 millóns, o que temos que facer é poñer esas partidas, en lugar de en política social, en igualdade, se este é o absurdo que vostede está plantexando aquí —porque por unha vez o 1,5 % do orzamento da Xunta se corresponde con políticas de igualdade—, creo que é intolerable. Seguramente exista algunha partida diso na Consellería de Industria e Innovación. ¡Home, por favor! Paréceme ata unha falta de respecto. Son os orzamentos da Consellería de Igualdade sumados ás políticas de conciliación da Consellería de Política Social.

En calquera caso, se falamos só dos orzamentos da Consellería de Igualdade, son 44,5 millóns de euros, un 61 % máis que ao principio da lexislatura; son máis de 20 millóns de euros para loitar contra a violencia de xénero, 11,3 para promoción da igualdade, 2,3 específicos

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para o benestar laboral, 14,6 para conciliación e corresponsabilidade só nesta consellería, e 16 para apoiar exclusivamente o emprego e a formación das mulleres.

É unha aposta polas políticas de igualdade que non é que se faga agora, que vén de moitas lexislaturas anteriores e que iso é o que está permitindo que no momento actual poidamos ter toda esa rede de recursos, toda esa rede de servizos, que están xa absolutamente consolidados.

Repito que somos conscientes de que temos que seguir incidindo neste eido, mantendo e mellorando os apoios que hai. E debemos estar actualizados. Estamos tratando de facelo, adaptando as leis, como estamos facendo, con programas estratéxicos, como estamos facendo, e mantendo ese contacto coa sociedade e cos distintos sectores, cos distintos colectivos e cos distintos rangos de idade. Anoto as críticas construtivas que fixeron no eido da formación e no eido da prevención. Estou de acordo. Estamos traballando e mantendo, por suposto, toda a rede de atención, porque creo que esa non se pode descoidar; pero intentando sempre incidir na prevención e na sensibilización dos profesionais —que son fundamentais—, da nosa mocidade —para evitar perpetuar eses modelos culturais erróneos e que, por suposto, son daniños para as vindeiras xeracións—, e incidir no tecido empresarial —que creo que tamén é básico para garantir contornas de traballo máis xustas que leven a unha maior conciliación—. En definitiva, hai que incidir en toda a sociedade, porque creo que aquí estamos todos de acordo, un cambio estrutural tan arraigado, tan complexo coma este, precisa dunha actuación contundente por parte de todos eles.

Seguimos, coma sempre, escoitando atentamente a todo o mundo, escoitando as achegas que poidan facer os grupos parlamentarios. Coma sempre, no meu ánimo vai estar o entendemento, vai estar o sentido común, vai estar a incorporación inmediata de todo aquilo que sexa susceptible de mellora por parte do Goberno de Galicia, e convídovos unha vez máis a todos e a cada un de vós a traballar todos a unha nesa meta común que é incorporar a igualdade de xénero e a perspectiva de xénero na vida de todos os galegos e de todas as galegas.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Procedemos a suspender a sesión ata a tarde. Reiniciarémola ás 16.00 horas.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos ao punto 3, de mocións, concretamente ao 3.1.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández, sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda que leva o número 44101 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Pérez López.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Noelia Pérez López, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Expresar o apoio ás mobilizacións feministas convocadas ao abeiro do 25 de novembro de 2022 contra a violencia machista, ás de 2022 e ás de todos os anos.

2.- No marco do acordo de colaboración coa Fegamp, subscrito o 15 de novembro de 2017, para impulsar a Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, colaborar máis intensamente para garantir unha formación especializada e continuada dos equipos profesionais que están en contacto con vítimas de violencia de xénero, promovendo e consolidando o enfoque de xénero, a interseccionalidade e o tratamento integral da violencia de xénero, atendendo así mesmo á diversidade dos nosos concellos e mellorando o financiamento en función das diferentes realidades locais».)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a moción ten a palabra dona Olalla Rodil por un tempo de dez minutos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Nas vésperas deste 25 de novembro —como saben, o Día Internacional contra a Violencia Machista—, desde o Grupo Parlamentario do BNG traemos a debate esta moción, que no seu primeiro punto pretende amosar o apoio do Parlamento de Galiza, do conxunto da Cámara, ás mobilizacións convocadas polo movemento feminista para este día, para este 25 de novembro. É un acto de recoñecemento a esta data —por suposto— e ao que representa na loita polos dereitos das mulleres, pero tamén un acto de recoñecemento ao feminismo, que foi quen puxo no centro do debate público e político os dereitos das mulleres. Foi o movemento feminista quen nos trouxo —a vostedes, señoras deputadas, e a min— até aquí; quen pelexou e loitou polos nosos dereitos civís e políticos como mulleres, para que puidésemos votar e ser votadas, divorciarnos, ser donas do noso corpo, traballar fóra da casa e cobrar un salario digno por iso; ou quen conseguiu que puidésemos abrir unha conta bancaria ou sacar o carné de conducir sen ter que pedirlle permiso ao noso marido ou aos nosos pais. Foi o movemento feminista quen pelexou e pelexa para que as mulleres sexamos cidadás de primeira, cidadás de pleno dereito. E entre eses dereitos está o de vivir unha vida libre de violencias, libre de discriminacións.

Diciamos hai quince días —ao inicio da interpelación que dá lugar a esta moción que hoxe debatemos— que a igualdade de xénero é un dereito fundamental pero, ademais, é un dos alicerces esenciais para construír un mundo pacífico, próspero e sustentable. Con ese obxectivo, desde o BNG presentamos hoxe esta moción que busca dotar de máis orzamentos os recursos e servizos públicos dirixidos a loitar contra a violencia machista; máis orzamen-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tos para ser —como diciamos pola mañá na comparecencia— máis fortes colectivamente contra o machismo, contra a discriminación por razón de xénero e, en definitiva, contra a violación dos dereitos fundamentais das mulleres. Ese é o obxectivo das tres propostas, ou medidas, que incluímos na parte resolutiva.

En primeiro lugar, situar no 1 % —volvo repetilo, no 1 %— o investimento da Xunta de Galiza na loita específica contra as violencias machistas, un de cada cen euros para atender as mulleres vítimas de violencia de xénero e os servizos que asesoran, acompañan e protexen esas mulleres —programa 313D dos orzamentos—.

En segundo lugar, reformar a resolución da convocatoria das prestacións económicas para vítimas de violencia machista incrementando as súas contías diante da crise tan brutal de prezos que estamos a padecer. Eu teño aquí a última, que é a resolución do 12 de febreiro, que modificaba a base de convocatorias do ano 2018 —tamén por impulso do Grupo Parlamentario do BNG— para recuperar naquel momento os tramos de renda que o Partido Popular recortara desde que entrou no Goberno no ano 2009. Chegamos a un acordo unánime. Esa resolución modificouse, pero —como poden comprobar se len a base da convocatoria— as contías seguen sendo as mesmas desde aquel momento. Non están adaptadas, polo tanto, esas prestacións, que van desde os 200 aos 800 euros en función da renda, á realidade das mulleres que as solicitan. Non están adaptadas a esta crise tan brutal de prezos que está mermando a capacidade adquisitiva de moitísima xente e tamén das vítimas de violencia machista.

E, en terceiro lugar —o que foi un dos elementos centrais da interpelación que formulamos á conselleira, e volviamos tamén falar a respecto disto pola mañá na comparecencia—, propoñemos abrir un proceso de diálogo e negociación entre a Fegamp e a Xunta de Galiza —e tomámoslle a man á Xunta con ese anuncio que facía a conselleira de Igualdade, que falaba dunha reunión xa o próximo día 12 de decembro—, para impulsar a necesaria reforma do decreto que regula a rede galega de centros de información ás mulleres e tamén a convocatoria de axudas que sosteñen o financiamento deste servizo, un financiamento estrutural por parte da Xunta de Galiza que é, e debe ser, unha garantía de sostemento do servizo e da súa prestación con criterios de equidade social e territorial.

O acceso das mulleres galegas a servizos de atención, de asesoramento, de acompañamento e de información ás mulleres non pode depender de se viven nun concello ou noutro, ou de que un concello teña máis ou menos orzamento. Por iso é necesario cambiar a aportación que fai a Xunta de Galiza para incrementar esa aportación que sostén o mantemento estrutural dos CIM, que é a mesma hoxe que hai case vinte anos: 45.000 euros de tope máximo de aportación da Xunta de Galiza para soster os centros de información de concellos que son —digamos— o único concello dunha área de atención.

Hai —é evidente, e eu creo que nin a Xunta é capaz xa de negalo— un infrafinanciamento dos centros de información ás mulleres. E isto ten unha repercusión directa na atención que poden prestar ás usuarias. Eu trouxen dous exemplos, dous das grandes cidades e cabeceiras de comarca. Voume centrar, polo tempo limitado, nos casos das dúas grandes cidades, as dúas cidades máis poboadas de Galiza.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na Coruña, con 131.662 mulleres —malia que debe atender, como saben, unha poboación diana maior, porque moitas das mulleres usuarias que acoden ao Centro de Información á Muller da Coruña veñen doutros concellos que non dispoñen deste servizo ou porque aquelas que tendo CIM no seu concello se senten máis seguras acudindo a un máis afastado do seu domicilio—, o Centro de Información á Muller da Coruña conta cunha avogada e unha psicóloga, o mínimo que exixe o decreto hoxe para a súa acreditación. Non teñen nin sequera persoal administrativo nin orientadora laboral nin axente de igualdade. Van co mínimo exixible. Ten 45.000 euros da Xunta de Galiza para o seu financiamento. A avogada da Coruña atende anualmente unhas oitocentas mulleres. As mesmas mulleres acoden —como poden as súas señorías perfectamente entender— varias veces, porque unha muller vítima necesita un seguimento e un acompañamento durante varios anos. A iso hai que engadir os informes, escritos e demais documentación que debe acompañar os procesos xudiciais, por exemplo, ou tamén a carga burocrática que exixe a tramitación da orde de axudas da propia Xunta de Galiza.

En Vigo, con 155.203 mulleres, a cidade máis poboada de Galiza, atende, ademais, poboación —mulleres— procedentes doutros concellos da súa contorna. Ten unha traballadora social, unha administrativa, unha avogada e unha psicóloga. A cidade máis poboada de Galiza e o seu CIM está sostido con 45.000 euros procedentes da Xunta de Galiza; 45.000 euros da Xunta de Galiza que dan para pagar o salario da avogada e da psicóloga —unha parte—. Atenden ao ano máis de mil mulleres. E —insisto— unha muller pode ir varias veces a consulta e ter un seguimento que dura anos.

Con estes vimbios eu creo que é fácil entender o que trasladan as traballadoras dos centros de información ás mulleres, que é que non dan feito. Cada vez teñen que asumir maior carga de traballo e maiores atribucións. Primeiro porque se reformou —unilateralmente e en solitario por parte do Partido Popular— o decreto que regula estes centros no ano 2016 para que asumisen unha maior carga de traballo, por exemplo con competencias en materia LGBT. E para nós —xa o dixemos daquela, dicímolo sempre e volvemos reiteralo agora— o que non se entende é que, habendo unha rede como son os centros Quérote —que foron deseñados e pensados precisamente para iso, para ofrecer asesoramento e información en materia de dereitos e liberdades sexuais, pensando especificamente na mocidade e no colectivo LGBT—, se pretenda, como se fixo, que sexan os CIM, que xa teñen abondo traballo, os que asuman esa tarefa. E así foi desde 2016.

Agora, co Proxecto de lei de igualdade, no que traballa a Xunta, tamén prevén incrementarlles as súas competencias e responsabilidades —por exemplo, en materia de orientación laboral—, cando hai moitísimos CIM que nin sequera teñen orientadora laboral. Isto, sen máis orzamento e máis persoal, é que é inviable. Podemos poñer no papel todo o que queiramos, que despois iso non vai materializarse, non vai ser real na práctica, porque é imposible facelo cos vimbios que temos.

¿Que é o que propón o BNG, polo tanto? Incrementar a partida orzamentaria, a achega que fai a Xunta ao conxunto da rede para que poida ampliarse o número de centros e, sobre todo, reforzarse aqueles que están máis sobrecargados; especificamente, incrementar a contía económica máxima que a Xunta achega para o financiamento estrutural dos centros, incor-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porando tamén ratios mínimas de persoal que deberán fixarse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo. Non podemos tratar cos mesmos criterios a cidade de Vigo, a cidade da Coruña, as sete cidades galegas, que as cabeceiras de comarca, que concellos do interior do país, porque non son realidades equiparables.

E o máis importante, desde o noso punto de vista, para poder avanzar despois de tantos anos e coa experiencia acumulada por este país é ampliar o persoal obrigatorio para a acreditación dos propios CIM e incorporar de maneira específica, e como mínimo, persoal técnico, axentes de igualdade, para que poidan cumprir con esa función de asesoramento, de información, pero, sobre todo, de sensibilización, de prevención e de dinamización social, e —unha parte fundamental— persoal administrativo que poida asumir esa carga burocrática de papeleo —se se me permite a expresión— que libere, polo tanto, a psicóloga e a avogada destas funcións para que poidan centrarse no que deben estas profesionais, que é a atención ás mulleres.

Son medidas concretas —remato—, realistas, perfectamente factibles, que poden, se hai vontade política, aplicarse este mesmo ano. Nós agardamos que para iso poidamos contar —para esta moción— co apoio do conxunto da Cámara.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Noelia Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señorías.

Que a igualdade de xénero é un dereito fundamental eu penso que niso concordamos todos, que un ano máis teñamos que falar de denuncias e dunha violencia de xénero que non cesa é unha triste realidade. E isto ten unha connotación negativa —que todos coñecemos como sociedade— para todos os homes e para todas as mulleres do noso país, e é que significa que queda aínda moito camiño por percorrer para acabar coa manifestación máis desgarradora da desigualdade entre mulleres e homes e acadar esa igualdade real e efectiva que todos perseguimos e que todos anhelamos.

E, se mo permiten, tamén quería facer unha lectura «positiva» —entre comiñas porque pouco ou nada hai de positivo arredor disto—, e é que cada vez as mulleres están a denunciar máis, que cada vez se está a visibilizar máis este problema. E quizais un dos motivos —o único positivo— sexa porque cada vez confían máis no sistema de protección que está tecido arredor delas *(Aplausos.)*, un sistema de protección co que no noso país a Xunta de Galicia asumiu un firme compromiso, un compromiso coa sociedade galega que debe ser un punto de unión entre todas as forzas políticas que estamos representadas nesta Cámara e un com-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

promiso que pasa inescusablemente pola loita contra a violencia de xénero. E isto non é unha afirmación con contido baleiro.

De xeito exhaustivo, esta mañá a conselleira xa deu conta de todas as accións e de todas as medidas postas en marcha ao longo destes anos para loitar contra esta lacra. Eu vou afianzar ese compromiso do Goberno galego con números que todos temos frescos hoxe e dos que estamos a falar estes días, que son os dos orzamentos que o Goberno galego adicará á área de igualdade no vindeiro ano.

Falamos de 44,5 millóns de euros, que supoñen un incremento do 41,44 % con respecto ao ano 2022 para loitar contra a violencia de xénero. É un incremento dun 61,27 % se o comparamos co exercicio do ano 2021. É un orzamento que permitirá, señorías, non só manter os recursos —manter os servizos e as prestacións que están á disposición nestes momentos de todas as vítimas—, senón que tamén vai permitir reforzalos e amplialos. E por iso presentamos unha emenda á súa xa recorrente iniciativa, señora Rodil. Porque, cada vez que se acerca o 25 de novembro, ao Bloque Nacionalista Galego lle acordan os CIM e reclama sempre o 1 % dos orzamentos para loitar contra a violencia de xénero.

E dende o Partido Popular —aínda que entendemos que hoxe non toca facer unha loita partidista disto, que isto non lles arregla nada ás mulleres— tampouco imos permitir que poñan en dúbida que nin esta bancada nin este goberno están a facer canto está nas súas mans por combater a violencia machista. *(Aplausos.)* Porque loitar contra a violencia de xénero require —a propia señora Díaz díxoo esta mañá— de moitas actuacións dirixidas non directamente ás mulleres que sofren a violencia; é tamén importantísimo evitala, sensibilizar e previla. E aí tamén está a traballar o Goberno galego.

Fronte á súa petición de que se incrementen os recursos ata chegar a destinar o 1 por cento á loita contra a violencia de xénero, eu quería facerlle as contas esta tarde. *(A señora Pérez López amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Mire: o que sae das contas ben analizadas, señora Rodil, é que o orzamento que destina o Goberno galego, o Goberno do Partido Popular, a combater a violencia machista representa máis do 1,58 por cento do global do presuposto elaborado pola Xunta de Galicia para este vindeiro ano 2023, que ascende a 12.260 millóns de euros. Moito máis, o 1,58 %, do que vostedes piden.

Para que vexan que hai cousas que propón o Bloque Nacionalista Galego que non podemos aceptar —porque estariamos restándolles prestacións ás mulleres, e iso non o imos facer nin esta bancada nin o Goberno galego— miren a columna da dereita. *(A señora Pérez López amósalles un documento aos membros da Cámara.)* A columna da dereita, señora Rodil, son os millóns de euros que o Bloque Nacionalista Galego investía na loita contra a violencia de xénero antes de que chegase o Partido Popular ao Goberno galego. ¿E sabe canto suman, señora Rodil? A cuarta parte do que se está a investir hoxe. Vostedes dedicaban a cuarta parte, redonda, á loita contra a violencia de xénero en Galicia.

Polo tanto, é unha realidade que a liña que amosa o compromiso da Xunta de Galicia nos últimos anos coas vítimas de violencia é sólida, é ascendente, e que a igualdade é unha po-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lítica transversal do Goberno galego para mellorar a calidade de atención ás vítimas de violencia machista no noso país. *(Aplausos.)*

E neste tema a implicación de todos é esencial. Por iso na nosa emenda tamén expresamos o apoio ás mobilizacións feministas convocadas para este 25 de novembro —e non só a de 2022; as convocadas durante todos os anos, señorías—, ademais de expresar o noso apoio ás accións silenciosas de tantas organizacións e de tantas persoas no noso país que están a loitar cada día para acabar con esta lacra. Porque o traballo ten que ser os trescentos sesenta e cinco días do ano, e temos que afrontalo todos xuntos.

Falaban vostedes na súa iniciativa de abrir un proceso de diálogo coa Fegamp. O diálogo coa Fegamp non se interrompeu nunca; entón, é moi difícil abrir algo que nunca estivo pechado. E por iso presentamos a nosa emenda. Concordamos con vostedes no fondo, aínda que non nas formas, e así o reflectimos, e por iso lles pido que a teñan en consideración. No que si os imos apoiar dende este grupo é no feito de impulsar, xunto coa Fegamp, un grupo de traballo que avalíe o Decreto 130/2016.

Xa hoxe a conselleira, pola mañá, avanzou unha data para reunirse coa Fegamp. E nós cremos que dentro dese grupo de traballo, señorías, se terá que avaliar cales son as necesidades reais das entidades locais. O que non podemos facer hoxe é votar a favor dunha proposta —como piden vostedes— dun grupo político, na que o Bloque Nacionalista Galego pretende substituír o debate dun grupo de traballo e pretende impoñer as súas conclusións e decidir unilateralmente o que hai que mudar dentro das administracións locais de Galicia.

Parécenos unha actitude máis que responsable. A nosa emenda é máis que rigorosa, e eu por iso lles pido que repensen aceptala e que sexan os concellos os que fixen cales son as súas necesidades e as súas prioridades, e sobre esa base poñernos a traballar todos. Eu creo que non estamos inventando a pólvora; que o que estamos é a ser rigorosos e que se queremos dar unha solución a unha problemática teremos que escoitar primeiro a quen padece esa problemática.

Pero dende o Grupo do Partido Popular imos máis alá. Propoñemos que no marco de colaboración establecido coa Fegamp —subscrito no ano 2017 para impulsar a Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, que a Xunta promoveu, por certo, dende o ano 2012, gobernando tamén este partido, este goberno— o Goberno ten que colaborar máis intensamente en dúas vertentes. Por un lado, garantir unha formación adecuada, especializada a todos os traballadores que están a desenvolver a súa actividade dentro dos CIM. Nestes momentos estase a desenvolver o IV Plan de formación dos centros de información á muller. E, doutra banda, atender a diversidade dos nosos concellos. Vostede mesma falou de que non teñen realidades equiparables. Polo tanto, será necesario escoitalos; será necesario mellorar o seu financiamento, pero melloralo en función das diferentes realidades locais que existen no noso territorio.

En todo caso, señorías, dicíao a conselleira esta mañá: a Xunta consignou nos orzamentos deste ano 2023 unha nova partida para os CIM, dotada con máis de setecentos mil euros, tanto para ampliar esa rede de recursos como para mellorar o seu equipamento.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero reitero: non podemos esquecer neste debate, porque sería un debate coxo, que os centros de información á muller son de titularidade municipal. Non podemos esquecer que a decisión de crear un CIM ou de ampliar un CIM nun determinado concello ten que ser unha decisión dunha corporación municipal ou dunha entidade local, que eles teñen algo que dicir. Como foi este ano a decisión do Concello do Pereiro de Aguiar ou de Carballeda de Avia, ou como foi a do alcalde socialista de Ponte Caldelas —apoiado, por certo, polo Bloque Nacionalista Galego—, que decidiu pechalo hai máis de catro anos nese concello. E se así o deciden os concellos, dende logo van contar co apoio da Xunta de Galicia, tanto a nivel técnico como para sostemento do persoal que os integran.

E vou rematando non sen antes reclamar que as vítimas de violencia de xénero precisan que as administracións públicas sigamos impulsando actuacións conxuntas e coordinadas para rematar con esta lacra. Neste senso, Galicia, aínda que queda moito por facer, está á altura con todas as prestacións e con todas as medidas que está a adoptar. Reitero que a loita contra a violencia de xénero precisa de toda a sociedade, de todas as institucións e de todas as administracións.

E eu antes de baixarme da tribuna queríalle facer un rogo como muller, señora Rodil —e sen ningún tipo de carácter incendiario; non quero que o vexa así—, ao Bloque Nacionalista Galego, porque me parece moi importante non deixalo pasar hoxe que estamos a falar de todas as mulleres que están a sufrir esta lacra no noso país... Eu queríalle facer un rogo ao Bloque Nacionalista Galego, que votou a favor da Lei do só si é si. Equivocouse. Aínda hoxe non escoitamos pedir perdón. Equivocouse. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Pedímoslles que deixen de apoiar un goberno que está a dar as costas a Galicia, que está a deixar desprotexidas as mulleres, tamén en Galicia, e que está a deixar as vítimas absolutamente soas. Mentres non fagan iso, poden vir aquí todas as veces que faga falta, porque a súa credibilidade para defender as vítimas estará sempre en entredito. E o Partido Socialista que non sexa cómplice do que está a facer o Partido Socialista a nivel estatal; que, por unha vez, levanten a súa voz e o fagan por todas as mulleres do noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde, señora Pérez.

Señoras e señores do PP, xa teñen vostedes o mantra para estas semanas. Nós tamén temos o noso, que é que o Partido Popular vota en contra dunha lei xusta e necesaria. E aí o deixamos. *(Aplausos.)* Aí o deixamos por non entrar en máis literatura. Porque aínda que vostedes aproveitan moitos espazos para falar do que non ten que ser, hoxe estamos falando aquí das políticas sobre violencias machistas desenvolvidas ou non en Galicia.

En fin, moitas mulleres do noso país descoñecen os recursos públicos de que dispoñen para superar determinadas situacións de vulnerabilidade. Para iso, os centros de información á

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

muller demostráronse instrumentos imprescindibles no ámbito local, non só na promoción da igualdade de xénero, senón tamén en todo o que ten que ver co asesoramento nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información. Dentro desa atención prestada por estes centros, destaca especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade, en concreto, o servizo prestado a mulleres vítimas de violencia machista ou que se atopan en risco de seren potenciais sufridoras desa situación.

Certo, señora Pérez, que os CIM son servizos municipais, pero é tamén certo que se existen... *(Murmurios.)* —rogaría algo de silencio, porque non... Moitas grazas— ...é porque boa parte do seu custo é sufragado con cartos doutras administracións, como é o caso da Xunta de Galicia. Digo boa parte nalgúns, agora explicarei. A Xunta de Galicia financia parte dos seus custos laborais. Pero a realidade é que, pese a estas axudas, moitas entidades locais loxicamente non son capaces de soster un recurso como o CIM por falla, precisamente, de orzamento. E, por esa razón, no PSdeG nós tamén reclamamos que o Goberno galego busque fórmulas máis axeitadas para achegar esta ferramenta a todo o territorio galego. Lembremos que son aínda cinco as comarcas e preto de cento vinte os concellos que carecen del, co cal todas as mulleres desas comarcas e deses concellos.

Nós facemos a nosa axenda feminista, que reclama a creación dunha verdadeira rede de centros de información á muller que sexa a garantía dun servizo integral ás mulleres dos trescentos trece concellos galegos, asegurando, por suposto, unha dotación económica suficiente para cubrir o seu funcionamento.

Sería necesario tamén elaborar unha estratexia galega que marque criterios de emprazamento e prestación de servizos tendo en conta factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características sociodemográficas, tal e como, ademais, sinala un informe da Asocim, precisamente tamén para a Fegamp. E este informe —outro informe moi, moi recente de hai uns días, precisamente da Fegamp— sobre este recurso apunta, de maneira textual e moi clarificadora, cales son as funcións actuais dos CIM. Di que os CIM desenvolven o seu traballo con carácter multidisciplinar, abarcando funcións tan amplas como —¡atención!—: prestar información sobre os recursos dispoñibles; difundir campañas de sensibilización cidadá acerca da vixencia e a aplicación do principio de igualdade; informar sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade; realizar conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade; desenvolver actuacións de dinamización; recibir denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero ou de identidade ou orientación sexual no ámbito da publicidade e nos medios; ou, entre outras, fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres en todos os ámbitos. Isto só.

Pero, ademais, anualmente os CIM teñen a obriga de elaborar unha memoria que deben remitir ao Goberno galego. Lóxico tamén, claro, tendo en conta que os fondos para subvencionar os CIM son cofinanciados na súa maior parte polo Fondo Social Europeo, unha axuda que ademais, por iso, require transferencia de boas prácticas. De aí ese informe que están obrigados a remitir.

A maiores, o Decreto de 2016 —xa o dixo tamén aquí a señora Rodil— supón novas obrigas para os concellos, que tamén —ben dito, de maneira unilateral— tiveron que asumir estas

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

novas obrigas en materia LGTBI, ou sexa, maior carga de traballo e responsabilidade sen que haxa máis recursos.

Xa nos dirán vostedes como poden desenvolver todas estas funcións cos escasos recursos que teñen, porque si, efectivamente, son escasos. Sábeno ben: un máximo de 45.000 euros para un centro de información á muller individual e de 120.000 euros para un mancomunado. De feito, este informe —que nós non estamos inventando— da Fegamp ademais foi realizado a partir dunha enquisa que contestaron o 95 por cento dos CIM que temos no noso país. Eses CIM aseguran que só poden destinar o 5 por cento do seu orzamento a algo tan necesario como é a prevención.

E agora veñen os datos. Nós, se atendemos á procedencia dos fondos de financiamento en función do orzamento que teñen os CIM, temos que nos concellos cun orzamento de menos de 50.000 euros para ese CIM, a Xunta asume o 62 por cento do financiamento deste recurso; nos concellos cun orzamento entre o 50.000 e 100.000, a Xunta xa só contribúe co 21 por cento, e baixa ata o 14 por cento nos CIM que teñen un financiamento maior de 100.000 euros.

E creo que aquí se aprecia bastante ben. *(A señora Díaz Varela amósalles un documento con gráficos aos membros da Cámara.)* O financiamento da Xunta nestes concellos, que son a minoría, é este. E aquí —vese neste azul escuro que vemos aquí—, este é o financiamento que ten a Xunta de Galicia para eses CIM.

En definitiva, a nós parécenos lamentable que unha estratexia que comezou a construírse hai case tres décadas, con poucos recursos e moita ilusión e esperanza, logo de tantos esforzos non se consolidase.

Por todo isto, nós dende logo asumimos a moción presentada polo BNG, que non é máis que asumir as conclusións e recomendacións dese informe do que falamos. Ese informe di que o establecemento ou a apertura dun CIM non responde a criterios de distribución estratéxica en función da demanda e da poboación, senón que depende da vontade e, sobre todo, da capacidade dos concellos; non tanto da vontade —que estou segura de que todos os concellos si teñen esa vontade—, senón da propia capacidade orzamentaria que teñen. Que a maior parte do orzamento dos CIM se dedica a cubrir datos de persoal. Que os profesionais dos CIM non sempre están a tempo completo e ás veces teñen que compatibilizar as súas funcións con outras. Que tan só o 5 por cento dos centros conta cun perfil dun auxiliar administrativo que alivie a carga burocrática ou evite interrupcións na atención ás usuarias —nunha atención tan esencial coma esa— por ter que abrir a porta ou coller o teléfono. Existe unha gran dificultade para prestar unha atención de calidade pola gran demanda que existe. E isto dino os CIM.

Como conclusión, como recomendación, o que di este informe da propia Fegamp, recollendo as opinións dos seus centros de información á muller, é que é preciso unha estratexia que estableza criterios de emprazamento e de prestación de servizos, tendo en conta factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características sociodemográficas, algo que parece moi lóxico. Di que cabe unha reforma lexislativa, como a que se pide hoxe aquí, que

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fixe, cando menos, ratios de profesionais en función da poboación ou en función da demanda recibida para ofrecer unha asistencia de calidade; que é preciso tamén adecuar o sistema de financiamento ás necesidades e prestacións reais destes centros de información á muller. Nós desde aquí reclamamos que, por favor, esas competencias volvan, efectivamente, a eses malogrados centros Quérote, que sobreviven non sabemos grazas á vontade de quen.

E remata tamén sinalando que é fundamental, tanto para dar cumprimento ás funcións encomendadas como para prestar un servizo de calidade e avanzar na igualdade, dispoñer de persoal cun perfil dinamizador e administrativo para descargar o persoal xurídico e psicolóxico de xeito que poida centrarse exclusivamente na atención especializada.

Nós tamén —despois da comparecencia, na Comisión non permanente da muller, da asociación Apaioga— pensamos que hai que incorporar un novo perfil, como é ese de axente de igualdade de oportunidades, aos CIM. A maiores —xa o dixemos esta mañá—, tamén pensamos que hai que incrementar eses orzamentos.

Un apunte, señora Pérez. Nesa comparativa que facía esquecíase vostede de mencionar eses oito millóns que chegan polo Pacto de Estado e que no ano 2009 non existían. Esqueceuse de dicir iso. Ademais tamén se esqueceu de facer as contas ben. E, se fai as contas ben, porcentualmente o peso que se dedicaba no ano 2009 a políticas dirixidas contra a violencia de xénero sobre o orzamento total da Xunta de Galicia era bastante maior que o que ten agora. Entón —digo—, de facer as contas, fagámolas completas, ¿non? *(Aplausos.)* Por suposto, tamén consideramos importante incrementar esas prestacións —de acordo, cando menos, co IPC—, porque esas mulleres vítimas non poden perder ese poder adquisitivo.

¿Todo isto que significa? Comprometerse coa igualdade; comprometerse en realidade coa igualdade. Nós, dende logo, si o facemos e por iso imos votar a favor desta iniciativa.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o peche da autora da moción.

Ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

E grazas tamén, antes de máis, ao Partido Socialista polo seu apoio á moción. Eu teño algunhas consideracións, sobre todo para a portavoz do Partido Popular, ao fío da emenda que nos presentaron.

Unha cuestión inicial. Nós imos traer —eu non sei as veces que trouxemos algunhas destas cousas, pero xa lle anuncio que as traeremos unha e mil veces máis— o do 1 por cento do orzamento especificamente nos programas de loita contra a violencia machista, o do reforzo e a modificación do decreto que regula os CIM e o da atención psicolóxica ás vítimas e ao

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conxunto da sociedade en atención primaria. ¿E sabe por que, señora Pérez? Á parte de polo carácter persistente do BNG, que iso é obvio, mire, nós tivemos que traer a esta Cámara no ano 2016 dúas veces —¡dúas veces!— unha proposta para que as prestacións económicas das que agora estamos falando puidesen ser solicitadas durante todo o ano, porque había catro meses durante os cales non podían solicitarse por como foran deseñadas e concibidas esas prestacións erroneamente en orixe, como unha subvención. A violencia machista non entende de períodos administrativos, e unha muller pode atoparse nunha situación de necesitar esa prestación en calquera momento do ano. ¡Dúas veces até que vostedes aceptaron esa reforma, insistimos! *(Aplausos.)*

No ano 2019, na lexislatura pasada —xa estabamos algunhas persoas do Grupo Parlamentario do BNG actual aquí—, tivemos que traer en varias ocasións tamén a modificación que eu lles comentaba hai un momento das bases de convocatoria desas prestacións para reverter os recortes en renda e patrimonio desas mulleres, que vostedes aplicaran en 2009, e volver incorporar aos tramos máis altos da renda as mulleres que podían percibir esas prestacións económicas. Varias veces houbo que traelo até que vostedes aceptaron recuperalas. E hoxe, por sorte e acordo unánime desta Cámara, están recollidas nas bases da convocatoria. E así podería falarlle de bastantes máis iniciativas.

Nós somos perseverantes, constantes, porque cremos de verdade que as iniciativas que traemos non son —non sei como dixo— partidistas ou unha teima ou un antollo. Cremos que é o que merece este país, que é xusto e que ademais nos beneficia a todas.

Por iso —e indo xa tamén á cuestión que vostedes formulan na súa emenda—, nós sempre temos a man tendida e a vontade de chegar a acordos. Entón, nós estamos dispostas a aceptar a coletilla —digamos, non me malinterprete— de sumarnos ao recoñecemento das convocatorias do movemento feminista do 25 de novembro todos os anos, este ano 2022 e todos os anos; estariamos dispostas a aceptalo sen ningún tipo de problema. E tamén aceptariamos —creo que é o punto 2, de engádega— o que fai referencia ao impulso da rede de entidades locais de concellos contra as violencias machistas. Aceptámolo como engádega, engadiriámolo como punto 5 á parte resolutiva da nosa proposta. E até aí.

E dígolle por que. Falaba vostede de que primeiro hai que escoitar os concellos. Dicía vostede que hai aberto ese proceso de diálogo, que nunca estivo pechado, e que hai que escoitar os concellos. Os concellos emitiron, a través da Fegamp, un informe no ano 2019. Todas as propostas que formula o BNG na súa moción sobre cara a onde debería ser modificado tanto o decreto como, especialmente, as bases de convocatoria das subvencións que sosteñen o financiamento estrutural dos CIM están sacadas, na súa literalidade, das conclusións deste informe. Este informe foi deseñado e publicado no ano 2019. Hai tres anos que vostedes, a Xunta de Galiza nomeadamente, saben o que hai. *(Aplausos.)*

Entón, a min permítame —como poderá comprobar e poderá entender— non poder aceptar unha fórmula máis para seguir non facendo nada; é dicir, darlle unha escusa máis á Xunta de Galiza para non facer nada, cando —insisto— hai tres anos que saben cales son as carencias, cales son as necesidades dos concellos e cales son as demandas que no nome deles fai a Fegamp. Por iso, e porque ademais nós cremos que é verdade que a autonomía muni-

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cipal está aí e debe ser sempre respectada. Pero iso non pode ser unha escusa para impedir que os grupos parlamentarios —todos os que estamos aquí e o conxunto da Cámara— se expresen sobre cara a onde cren que deben camiñar os servizos públicos desta índole ou de calquera outra. O BNG, o Parlamento e o conxunto da Cámara teñen todo o dereito —pero atreveríame a dicir que o deber e a obriga— de amosar a posición política e o proxecto político que nós temos, por exemplo, para unha rede tan básica e tan fundamental como é a dos centros de información ás mulleres.

E con isto remato. Nós o que cremos é que hai que reforzar o orzamento, especialmente reforzar ese financiamento de carácter estrutural. Cremos que hai que ampliar o persoal e os perfís profesionais do persoal que traballa con mulleres en situación de violencia machista e co conxunto das mulleres nos centros de información que existen xa neste país. E o máis importante: hai que axudar as que xa están traballando hoxe, liberándoas de carga de traballo que debería asumir un persoal técnico e administrativo. O que non pode ser é ter unha avogada ou ter unha psicóloga facendo o traballo burocrático da tramitación das ordes de subvención para poder xustificar os cartos que logo sosteñen os seus salarios, porque o tempo que dedican á tramitación desas subvencións —que é burocracia— non o están dedicando ás mulleres que deberían e teñen que atender.

Nós cremos —con esa proposta de transacción que despois tamén lles podo achegar por escrito, se así se considera máis claro— que podemos chegar a un acordo cunha proposta que é realista, que é factible perfectamente e que, se hai vontade política nesta Cámara, podemos levar á práctica este mesmo ano.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora Rodil.

Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre o transporte escolar público

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra a señora Otero Lago por dez minutos.

A señora OTERO LAGO: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Traemos hoxe de novo —desta volta en forma de moción, a ver se conseguimos unha postura responsable, unha mensaxe máis contundente, non da Xunta de Galicia, pero si do grupo maioritario do Partido Popular— unha problemática que padecen cada inicio de curso —pero non só cada inicio de curso— os usuarios e usuarias do transporte escolar na nosa comunidade e que padece, por certo, tamén o estudantado, que non conta con servizo específico.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sería desexable, despois de tantos debates —velaí está o *Diario de Sesións*—, non só este curso que acabamos de comezar, senón tamén o curso pasado —mesmo o ano pasado; esta lexislatura, sen ir máis lonxe—, cando menos ese exercicio de responsabilidade por parte da Xunta de Galicia na mensaxe de contundencia que ten que trasladar a esas empresas adxudicatarias. Porque —como dicía o conselleiro de Educación— son, efectivamente, millóns de euros os que se invisten de recursos públicos no transporte escolar. E que menos que exixir, que fiscalizar, que se cumpran os contratos e os mínimos legais en canto á calidade e á seguridade do servizo que se presta —insistimos— ás escolares e aos escolares na nosa comunidade.

En todas as ocasións en que o debatemos neste Parlamento —xa sexa neste pleno, en forma de preguntas, de iniciativas, na Comisión de Educación...— sempre nos atopamos coa mesma resposta: que se trata de casos illados e de casos concretos. Isto é unha fuxida cara a diante, unha maneira de sacar ferro ao problema ás múltiples queixas que se veñen repetindo por parte das ANPA, dos concellos...

E o único que concluïamos durante o debate da interpelación era que, segundo o conselleiro, todas esas queixas das ANPA, toda esa problemática —que hoxe lembraremos novamente— era un exercicio —dicía— de exaxeración deste grupo parlamentario. É máis, dicía o señor Rodríguez: «por unha árbore, cuestionan vostedes o conxunto do bosque». Realmente —dicía— caen —nós somos pecadores— «nun pecado político de exaxeración, de desproporción e, realmente, paréceme» —dicía el— «pouco edificante estar discutindo sobre casos concretos e puntuais, que xeran problemáticas, por suposto, pero que en ningún momento poden cuestionar a solvencia, a transcendencia e a importancia para Galicia do transporte escolar». E non somos nós —pecadoras e pecadores— os que cuestionamos a importancia e a transcendencia, senón que somos nós, señores do Partido Popular, señores da Xunta de Galicia, os que estamos defendendo, precisamente, a importancia do transporte escolar e pedindo que se revertan as problemáticas que, ano tras ano, inicio de curso tras inicio de curso, en moitas contornas —como, por exemplo, a área de Compostela— se veñen padecendo mes tras mes.

Para o señor conselleiro é algo pouco edificante vir pedir que se arranxe esta problemática de que arredor de todo o país —no inicio de curso, pero non só— haxa nenos e nenas que quedan tirados nas paradas, que cheguen tarde á clase polos atrasos, que queden tirados á saída das escolas, que teñan que coller VTC ou taxis porque quedan tirados, que cheguen autobuses con menos prazas das ofertadas e queden tirados, que nalgún caso —e está constatado e así reflectido por escrito nas queixas trasladadas a Mobilidade, á Consellería de Educación, por parte dos concellos e das ANPA— operen autobuses con antigüidades que están moi por riba do contratado, do recollido nos contratos, por riba dos mínimos legais —que moitas veces hai autobuses nos cales non funcionan os cintos de seguridade—. Para el é algo pouco edificante vir pedir neste Parlamento que se arranxe esta problemática.

Sobre o transporte escolar, segundo o conselleiro de Educación, só podemos aceptar da Xunta de Galicia loanzas, e esa grandilocuencia á que nos ten afeitos e afeitas o señor Rodríguez. Dicía que «é un orgullo». Esa era a resposta ante un problema —como di— «concreto e illado». Esa era a resposta que nos trasladaba hai dúas semanas, pola problemática que había, que novamente se repetía este curso escolar, pero tamén era un orgullo —dicía a con-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

selleira de Mobilidade, como lembrabamos— a finais do curso pasado, cando a miña compañeira Noa Díaz, curiosamente, recibía a mesma resposta: que eran problemas concretos e illados —falando do transporte escolar na área de Compostela—.

E vaiamos, polo tanto, ao máis básico, a ver se así, desta volta, vai. ¿Un feito illado e puntual que é? Algo que non se repite no tempo. Ben, pero é que este feito illado leva sendo illado moito tempo. Por exemplo, lembrabamos que no mes de xuño traïamos este problema a este pleno; tamén en diversas ocasións á Comisión de Educación e Cultura. E tamén a finais do ano pasado, no mes de xaneiro, coa entrada en vigor do novo contrato. Aí están as mobilizacións durante o curso pasado das distintas ANPA.

¿De puntual? De puntual si que ten algo. ¿Saben o que? Que este problema se repite puntualmente cada inicio de curso e cada poucos meses. Puntualmente —claro que si, iso si que é puntual— o alumnado galego sofre o deficiente servizo polo desleixo da Xunta de Galicia. Isto si que acontece de xeito puntual. *(Aplausos.)*

E nós ilustrabamos esta problemática, esta realidade, amosando unha compilación de titulares e de feitos que aconteceran nas primeiras semanas de curso. Trasladabamos as denuncias denunciadas —valla a redundancia— desde Arteixo, Negreira, A Baña, Brión, institutos de Ribeira, A Barcala, Poio, Curtis, Vedra, Betanzos, de concellos de Lugo, etc. Casos «illados e puntuais», di o conselleiro; tan puntuais que, a pesar de sermos todas e todos conscientes da importancia que ten o transporte público escolar para as familias, para o alumnado, para a conciliación, sobre todo para a vertebración do ámbito máis rural, é comezar un novo curso e puntualmente son ducias de nenos e de nenas que sabemos que chegarán tarde a clase ou a casa, que estarán agardando sen que chegue o servizo nalgunha ocasión. Puntualmente sabemos que cando chegue o autobús pode que non teña prazas porque chega con menos das contratadas e das previstas inicialmente. Tamén sabemos puntualmente que os mínimos de confortabilidade e de seguridade dos vehículos —así recollidos por contrato— non se cumpren en moitas ocasións. Sabemos e comprobamos como de xeito puntual a impuntualidade é tamén unha seña de identidade dalgunha destas empresas que presta este servizo.

Nós —desde o Grupo Socialista— preguntamos despois de detectar estes problemas que se repiten e son evitables, porque poderiamos entender que precisamente no inicio de curso e ao longo do curso —falando de tantas rutas, de tantas liñas e quilómetros— teña lugar algún tipo de avaría ou de incidencia. Pero falar de autobuses que veñen cunha idade superior á recollida no contrato, que veñen con menos prazas un día das que están ofertadas e recollidas, que chegan tarde constantemente, que teñen —como diciamos— fendeduras, que chove no interior, nos que moitas veces non funcionan —como diciamos— os cintos de seguridade, ¿son incidencias puntuais ou que non se poidan, deban e se exixa arranxar? ¿É tanto pedir —pedirlles ás concesionarias— que cumpran coa legalidade, que fagan unha planificación axeitada, pedirlles o cumprimento dos requisitos ofertados en canto a prazas, horarios, frecuencias e características técnicas dos vehículos? Seica para o conselleiro de Educación exixir isto neste Parlamento non é algo edificante.

E porque, ademais, pensamos que restar importancia desde unha administración, desde unha Consellería, que se chama a si mesma responsable, e cando estamos a ver ao longo de

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo este ano —e diciámolo do ano pasado tamén— como hai nenas e nenos moi cativos, desde os 3 anos, que empregan o transporte escolar e se constatan este tipo de incidencias —porque as teñen trasladado as ANPA aos propios concellos, en xuntanzas coas direccións xerais de Educación, con Inspección, e tamén en xuntanzas dos propios concellos coas empresas—, non é responsable e non é algo que poidamos tolerar.

Así que nós insistimos niso que trasladan as ANPA, que mesmo o menos grave para as familias —xa chegados a este punto— son ás veces os atrasos. O máis grave é que ousen desde as empresas, ás veces, enviar este tipo de vehículos cuxo estado é inaceptable, con datas de matriculación que superan os catorce anos, pilotos rotos, portas que non abren, vehículos sen cintos, vidros rotos, tapicerías rotas, golpes nos chasis, con fendeduras, asentos mollados —moitas veces porque chove dentro—, lixo...; problemas illados e puntuais.

Nós pedimos —xa que podemos estar tan orgullosos, e así o queremos, do transporte escolar— que garantan que este tipo de situacións non se repita en tantos municipios ou parroquias, polo menos na parte evitable e controlable. Esa é a responsabilidade que teñen, que as ANPA non definan o transporte escolar en moitas contornas —como, por exemplo, en Santiago de Compostela— de «absolutamente caótico». Porque hai centros, ademais, que denunciaban o ano pasado estes problemas, pero que este ano, coa entrada en vigor no mes de xaneiro do novo concurso, do novo contrato, volveron denuncialo. Neste comezo de curso o que nos veñen dicir é que non só esta problemática se mantén, senón que, segundo eles, aínda é peor e está afectando un maior número de liñas.

En moitos casos, como diciamos ao comezo e xa para rematar, os problemas, ademais de para o alumnado que ten dereito a transporte público escolar, tamén están a afectar a ese estudantado que non ten dereito a transporte, e que depende un pouco da situación; como acontece en Curtis, onde a falta de prazas nos autobuses da escola obrigou as familias e as administracións a buscar alternativas para FP, para bacharelato, que non teñen dereito a transporte escolar se non hai prazas libres nos autocares.

Nós rematamos e, como diciamos, se o conselleiro di que é un problema puntual ou illado, á vista de que non presentaron unha emenda —nin nesa liña que adoitan ter co de «seguir facendo» e de, se hai un problema puntual, arranxalo—, pois entendemos que non terán ningún problema en apoiar este tipo de moción.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra don Manuel Antonio Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai quince días, na interpelación, o señor Román Rodríguez ilustrábanos —aquí neste mesmo estrado— cunha reflexión que eu creo que é tremendamente clarificadora a respecto da actitude da Xunta neste tema en varios sentidos. Víñanos dicir algo así —nesta éxtase hiperbólica tan propia do señor Rodríguez— como que, se xuntásemos todos os quilómetros que se fan no transporte escolar en Galiza, podiamos dar tres voltas ao planeta cada semana. É dicir, 150 voltas —creo que dixo— ao planeta ao ano. E, claro, a consecuencia lóxica despois desta afirmación é que toda a comunidade educativa sufriu unha sorte de revelación na que non cabe ningún tipo de problema, ningún tipo de eiva no servizo de transporte escolar deste país. Pero, ben, nós, que somos xente ben mandadiña, de lóxicas dedutivas, deunos por debullar, diseccionar un pouco —se se pode—, este siloxismo. Porque eu creo que é importante que vexamos en que lóxica está situada a Xunta de Galiza para que sexamos conscientes de ata que punto son quen de manipular a realidade para gañar o relato.

Fixémonos. Premisa primeira: co transporte escolar en Galiza pódense dar non sei cantas voltas ao planeta. Premisa segunda —esta creo que é obxectiva e todos compartimos—: Galiza, ata o de agora, segue no planeta. Conclusión destas premisas: os problemas que está a denunciar a comunidade educativa, as familias e as ANPA, son casos illados, son exaxeracións que non se manteñen.

E, claro, o problema de todo isto é que isto non deixaría de ser certa lóxica do señor Rodríguez se non fose porque isto foi enunciado neste mesmo estrado pola persoa que ten a competencia, que ten a responsabilidade, do transporte dos nosos fillos e fillas neste país. E afondaba con este bombo de datos: 700.000 euros ao día, 80.000 alumnos transportados, 4.000 rutas, 20.000 paradas... E remataba —digamos— esta éxtase dicindo algo así como: «¿Onde hai un sistema de transporte mellor?». E isto é o que nós queremos abordar, porque no que estabamos —algo moi do señor conselleiro— é na típica falacia da evidencia incompleta —*cherry picking,* como din agora os modernos seica—. Porque ¿é certo que en Galiza temos un 20 % do gasto en transporte escolar do Estado? Si, en efecto, así é. ¿É certo que en Galiza ese 20 % do gasto escolar do Estado é para transportar un 5 % do alumnado? En efecto, tamén é certo, así é. Pero, ¿que é o que pasa? ¿Onde está a evidencia incompleta na que se refuxia o señor Rodríguez, que non nos quería trasladar aquí e que fai que todo o seu discurso faga auga? Pois en que ese 5 % do alumando no noso país está disgregado en case trinta mil núcleos de poboación; isto é, o 50 %, a metade, dos núcleos de poboación do Estado. Un de cada dous núcleos de poboación do Estado está en Galiza e, polo tanto, se temos a metade dos núcleos e o 20 % dos fondos, pois é onde empezan a xurdir, onde empezan a evidenciarse, os problemas que están a denunciar as ANPA, que están a denunciar as familias e os problemas que se ven en Ribeira, Curtis, Vedra, O Morrazo, Soutomaior, Lugo, Brión, Negreira..., e tantos lugares que sería imposíbel —por máis que dean en chamarlles «casos illados»— enunciar nesta intervención.

Son casos illados que podería alguén pensar que se circunscriben ao ámbito do rural, mais que están a ser denunciados tamén por ANPA de Compostela, de Lugo etc., e que eu creo que reflicten unha serie de reflexións que si están na práctica, no concreto, na realidade da problemática do transporte escolar, e que eu creo que é o que se debe abordar se o eixo central deste debate é poñer o alumnado e as súas necesidades de transporte no centro.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A primeira destas reflexións é a seguinte: hoxe por hoxe ese 20 % dos fondos para transporte escolar supoñen un pastel inmenso para os grandes *lobbys* do transporte. Ese pastel inmenso fai que en tantas ocasións estean a denunciarse prácticas absolutamente abusivas que fan que só poidan acceder a estas rutas, a estes lotes, os grandes *lobbys* do transporte e que queden desprazados, en ocasións, pequenas empresas que viñan ocupando ese servizo con éxito —con satisfacción, cando menos, para a comunidade educativa—.

A segunda das reflexións —eu creo que é unha das máis graves— é a seguinte: os incumprimentos. Porque xa non é problema que estes lotes se vaian ofertando a estes grandes *lobbys* do transporte, senón que se lles permite unha absoluta barra libre. Aquí todo o mundo o sabe —e está a ser denunciado por toda a comunidade educativa— que hai empresas que están a incumprir premisas tan evidentes e tan facilmente demostrábeis como é a antigüidade dos autobuses. *(O señor Lourenzo Sobral mostra un documento desde o estrado.)* ¡Coñéceo todo o mundo! Estas denuncias están en mans da Xunta de Galiza sen que ninguén faga absolutamente nada. *(Aplausos.)* Esas cuestións implican, por exemplo, que as medidas de seguridade dos autobuses que se están implementando estean máis relaxadas. Aquí díxose que non teñen en ocasións cintos de seguridade, que non teñen tantas prescricións técnicas que si aparecen nos lotes. Polo que —Deus non o queira—, se chegado o momento hai unha desgraza, ¿de quen vai ser a culpa?, ¿do maquinista?, ¿do capitán?, ¿do condutor? Polo tanto, hai moitos destes problemas que, se non os abordamos, poden ter consecuencias non só no servizo, senón en ocasións na propia seguridade do alumnado transportado.

Pero vaiamos a outro dos problemas, que ten que ver cos tempos. A lexislación estabelece un máximo dunha hora nos tempos de transporte para o alumnado. Todo o mundo sabe que eses tempos poden ser certos no *Google Maps* ou na solicitude dos lotes, pero na realidade é absolutamente imposíbel que esas rutas se cumpran nos tempos estabelecidos. Un exemplo é o do meu concello: para escasos 5 quilómetros, tiñamos nenos de 5, de 6 anos, tres cuartos de hora nun autobús. ¿Que é o que está a acontecer, entón, con aqueles alumnos que se teñen que desprazar —coas paradas de por medio, en ocasións— 30 ou 35 quilómetros? É unha obviedade que hai uns incumprimentos flagrantes e sistemáticos sen que ninguén lles poña solución.

Pero poderiamos continuar con cuestións que eu creo que son centrais e que, ademais, se poden abordar desde as propias competencias da Xunta de Galiza. Nesta mesma mañá —noite pechada ás oito e media da mañá, con choiva— hai nenos de 10 anos que teñen que percorrer dous quilómetros polas corredoiras deste país, porque o artigo segundo da instrución conxunta das consellerías de Educación e Mobilidade estabelece como marco xeral dous quilómetros para teren dereito ao transporte escolar —independentemente de se vives nunha aldea de Lugo ou de se vives no centro de Pontevedra con camiños escolares recoñecidos por pedagogos internacionais como Tonucci—. *(Aplausos.)* Esta realidade é así. E digamos que, ante isto, ¿hai alguén que se propoña modificar este artigo segundo desta orde?

Pero poderiamos seguir e afondar no que seguramente todas as persoas que aquí estamos e que sexamos do gremio docente coñecemos de primeira man. ¿Quen impón os horarios de apertura e de peche nun centro? ¿Quen determina que un centro abra ás oito e media da mañá ou ás nove? ¿A dirección?, ¿a xefatura de estudos?, ¿criterios pedagóxicos?, ¿criterios

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de conciliación? Non. Se chega alí Monbus e di que ese centro vai abrir ás oito e media da mañá, dá igual cal sexa o criterio pedagóxico, de conciliación ou da xefatura de estudos. Ese centro abre ás oito e media da mañá. E nós cremos que isto é un abuso absolutamente intolerábel que non se pode permitir nun ensino que aposte por poñer o alumno no centro, como todos entendemos e desexamos.

E vaiamos a outros problemas que teñen que ver co propio criterio de elección e co dereito do alumnado a poder escoller o seu itinerario de maneira libre. E por iso é central, é fundamental, que empecemos a falar —desde logo nós témolo absolutamente claro— de dereito ao transporte neste país polas casuísticas, pola realidade, e porque temos que habilitar un sistema de transporte escolar pensado desde nós e non desde as necesidades do alumnado de Medina del Campo —con todos os respectos—. Temos unhas casuísticas, unha realidade, unha forma de habitar o territorio diferente e precisamos unhas ferramentas de transporte diferentes. E por iso precisamos falar de dereito ao transporte escolar para o alumnado do ensino non universitario e superar o do dereito ao transporte escolar para o alumnado do ensino obrigatorio, que é o que estabelece hoxe por hoxe a lexislación.

Porque esa realidade vai permitir que calquera alumno do interior de Lugo, de Ourense ou de tantas vilas das provincias e lugares das provincias da costa poida optar a bacharelatos de artes —que sabemos que teñen unha oferta máis cativa neste país—, a ensino non obrigatorio, por exemplo, de formación profesional, tendo garantido o seu dereito ao transporte. E, por suposto, aquí pódese debater e pódese chegar a acordos nos termos de financiamento deste dereito, pero o que non pode ser é que un alumnado ou unha alumna, polo lugar de residencia, polo lugar no que naceu, non teña a mesma liberdade que outro para optar aos seus estudos posobrigatorios precisamente porque non hai un sistema de transporte que permita esta situación. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós cremos que é un debate central, e cremos que a actitude do conselleiro de Educación do outro día afondou no de sempre, na hipérbole, no autobombo, na exaxeración, e que pouco achegou. Mais antes que despois este país precisa reformular o dereito ao transporte escolar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...—remato, presidenta— do alumnado, e non teñan ningunha dúbida de que o BNG estará aí para garantir ese dereito.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don Ovidio Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, boas tardes.

A verdade é que, efectivamente, señora Otero, poderiamos apoiar esta moción se non fose porque xa se está facendo e se non fose porque xa se está executando.

Desde logo, o que non compartimos é toda a retahíla de cualificativos que vostede fixo aquí: buses antigos, que chove no interior, que funcionan sen cinturóns, que as portas non abren, que os asentos están mollados... Creo que iso, desde logo, non é xusto dicilo para o servizo de transporte, para o servizo de transporte escolar de Galicia. Como saben, falamos dun servizo complementario, o máis importante e o máis complexo de prestar de toda España. Porque, efectivamente, señor Lourenzo, Galicia conta con 33.000 núcleos de poboación aos que hai que achegar o servizo de transporte escolar como unha verdadeira medida de equidade, e así o está facendo Galicia dende hai moito tempo.

Galicia acaba de facer un esforzo importantísimo na renovación do cen por cento dos contratos do servizo de transporte escolar, que o sitúan no máis amplo e máis potente de todo o Estado. Porque Galicia conta co 4,9 % da poboación, efectivamente, como se dixo aquí, pero inviste máis do 21 % do total do Estado neste servizo. E repito este dato, porque vostedes o toman a broma: o 21 % do gasto de toda España en materia de transporte escolar faise en Galicia. Se a vostedes realmente lles preocupase o transporte escolar, non calarían, como calan sempre, cada vez que o señor Sánchez reparte fondos e non contempla os custos do transporte escolar nin os custos dos comedores nin os custos da dispersión nos servizos educativos, señorías. *(Aplausos.)*

Vostede, señor Lourenzo, fala aquí dun debate central e de que o BNG sempre estará. Vostedes nunca están. Vostedes sempre calan; vostedes sempre veñen aquí defender o señor Sánchez en vez de defender os galegos, señorías.

E a verdade é que vostede fixo a pregunta, pero non a contestou, señor Lourenzo, e fíxolla o conselleiro á deputada do Partido Socialista: ¿que servizo de transporte escolar é o seu modelo en España? ¿Cal é o modelo de servizo de transporte escolar en España? Non o teñen. Vostedes non o teñen, porque non o hai, señorías, porque falamos do servizo máis amplo, do máis importante, do que máis liñas, paradas e frecuencias ten de toda España. ¿E sempre vai haber incidencias? Por suposto, pero sobre todo cando se están a renovar o cen por cento dos contratos.

Polo tanto, vostedes pensan que con vostedes non había queixas no servizo de transporte escolar, e iso que vostedes non renovaron absolutamente ningún contrato nin fixeron ningunha mellora. Polo tanto, non podemos esquecernos —porque, se non, estamos falando dun debate falso— da implantación e renovación de todos os contratos de transporte escolar e tamén interurbano, que, efectivamente, estes contratos, señorías, eran do século pasado. Evidentemente, se obviamos este feito, non entenderemos nada, non entenderemos a dimensión do que estamos a falar, porque falamos da maior revolución feita nunca en materia de transporte en Galicia, señorías.

Miren, con vostedes —e xa llelo dixen antes e xa llelo dixo o conselleiro— tiñan moitísimas incidencias, pero é que vostedes se olvidan moi rápido. E non tiña pensado sacalas, pero

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ante tanta demagoxia, señorías... Miren, miren *(O señor Rodeiro Tato le uns titulares de prensa.)*: «*Uno de cada tres colegios tiene problemas con el transporte* —2006—». Había queixas de horarios, queixas na puntualidade, queixas nas paradas... É dicir, que o 31 % dos colexios con vostedes tiñan problemas de transporte escolar, señorías. E tería para botar aquí unha hora: «*Las ANPA de Carnota y Muros piden la mejora del transporte escolar*», incumprimentos de horarios, recorren a temerarios excesos de velocidade, hai denuncias de falta de acondicionamento de vehículos, denuncias trasladadas ao delegado da Xunta, que nin tan sequera os escoita, nin lles contesta nin resolve os problemas, a diferenza do que se fai agora, señora Otero. Porque vostede hoxe non trasladou aquí nin unha soa queixa que estivese sen resolver. De todas as que falou na interpelación ao conselleiro están todas resoltas, señorías. Iso é o importante. *(Aplausos.)*

Señor Lourenzo, dicía vostede que os autobuses poñen os horarios dos centros educativos. Mire vostede, marzo 2006 *(O señor Rodeiro Tato le un titular de prensa.): «El transporte condiciona el horario escolar en el 44 % de los colegios». (Murmurios.)* Claro, claro, claro. Pero grazas, señorías, á renovación de todo o transporte escolar, o horario dos centros só o pon a comunidade educativa, señorías; grazas a esa renovación de todos os contratos, señorías, grazas a iso. *(Aplausos.)*

«Alumnos do Ézaro (O Pindo) sofren deficiencias no transporte escolar». «*...Problemáticas a pesar de que la Xunta ha abierto un expediente a la compañía». «Tardanza de puntualidad, quince minutos en un montón de sitios...»* ¡Pero, señorías...! E isto pasáballes a vostedes sen renovar absolutamente un só contrato. Estamos falando de que nós renovamos o cen por cento dos contratos e de que iso permitiu un montón de melloras, moitísimas. Vostedes deberían tomar conciencia da dimensión do que estamos a falar, porque a renovación de todos os contratos nos permite unha ampliación sen precedentes no transporte en Galicia. Efectivamente, mentres se axustan eses contratos, pois, hai incidencias, pero incidencias coas que non facemos coma vostedes, senón que se están atendendo todas e cada unha delas.

Permítanme, señorías, felicitar o traballo dos técnicos das dúas consellerías, porque son consciente de que traballaron duramente durante a renovación de todos os contratos, o que permitiu tantas melloras no servizo en Galicia. *(Aplausos.)*

A verdade é que o Partido Socialista unha vez máis trae aquí, a este Parlamento, esta iniciativa para instar a Xunta ao que realmente está a facer: a exixir o cumprimento íntegro dos contratos. Como se está facendo. É lamentable, señorías, a intencionalidade de apoiarse en casos puntuais para cuestionar o todo, para poñer en dúbida a eficaz prestación dun servizo educativo que funciona adecuadamente na gran maioría dos casos. A Xunta fixo, fai e fará as adaptacións e os axustes necesarios para mellorar este servizo, poñendo especial atención nas contornas rurais, porque o servizo de transporte e os comedores escolares son o maior sinal de equidade do noso sistema educativo.

Polo tanto, non falamos de calquera servizo, como vostedes traen aquí; non señores, falamos dun servizo máis complexo, falamos do maior investimento público feito en España en transporte escolar: 120 millóns de euros cada ano.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu xa sei que a vostedes lles fai graza que o conselleiro dea os datos: 700.000 euros diarios en transporte escolar, 800.000 quilómetros só o transporte que fai a Consellería de Educación; e que, efectivamente, esta medida beneficia 774 centros en Galicia, que representan o 72 % do total, e un servizo que cobre 3.877 rutas e 20.561 paradas.

Pero o máis importante, o que hai que engadir, señorías, é a capacidade do sistema para dar resposta aos alumnos do ensino posobrigatorio a través da Tarxeta Xente Nova, que lles permite facer ata 60 viaxes gratuítas cada mes, das que desfrutan neste momento 130.000 mozos e mozas menores de 21 anos —que isto non pasa en ningunha comunidade en España, porque é unha medida pioneira— e que, ademais, permite un aforro de entre 500 e 1.800 euros ao ano ás familias, señorías. Creo que é tremendamente importante este dato que vostedes, desde logo, intentan descualificar. Nós, desde logo que non.

Polo tanto, falamos dun servizo que é tremendamente complexo; complexo, pese á visión negativa que transmiten desde a oposición. Cando hai incidencias puntuais, desde logo que se buscan solucións. E aínda que non o queiran admitir, en termos xerais, na inmensa maioría das rutas hai un bo funcionamento do servizo, e unha clara mostra é que hoxe non foron vostedes capaces de traer aquí unha queixa que pervivise no tempo. É certo que no mes de setembro e na primeira semana de outubro se resolveron, se intentaron resolver, a maior parte dos problemas, e así se fixo, esas denuncias foron subsanadas.

En total, recibíronse aproximadamente 331 escritos ou correos electrónicos que afectaban 166 rutas de transporte. Tendo en conta que o total das rutas licitadas ascende a 1.593, vemos que a porcentaxe das rutas das que se recibiron queixas foi do 10,42 %. Con vostedes —xa llelo dixen antes—, o 31 % dos colexios tiñan queixas do transporte. E estas fóronse subsanando, señorías. E aquelas deficiencias que non foron subsanadas por problemas dos autobuses antigos deron lugar á apertura, como dixo o conselleiro, de 24 expedientes por incumprimentos contractuais, que afectaron 21 lotes, señorías.

Mire —remato xa, señora presidenta—, Galicia é a comunidade que máis inviste en transporte escolar; 1 de cada 5 euros proceden da Xunta a nivel de toda España. Galicia acaba de facer un esforzo, renovando todos os contratos e todas as liñas, que, como dicía, eran do século pasado, fronte ao que fan vostedes, que son incapaces de poñer en marcha o servizo de transporte urbano en Pontevedra ou en Ferrol, señorías. Nin sequera son capaces de renovar o de Santiago de Compostela, a quen lle está, desgraciadamente, ardendo algún autobús. Ese non é o noso modelo. O modelo de vostedes parece que é que un rapaz que quere vir á súa casa á Coruña tarde catro días en comprar un billete. Este é o modelo de transporte do Partido Socialista, señorías.

Pero, miren, a Xunta mantén unha vixilancia estreita para dar resposta a calquera incidencia ou desaxuste que se poida producir e para poñer en marcha as solucións o antes posible.

Máis nada, señora presidenta.

Quero saudar os membros que nos acompañan na tribuna desta Cámara.

Boas tardes. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Rodeiro.

Eu tamén quero dar a benvida aos alumnos de 4º da ESO do CPR Santiago Apóstol, de Narón. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Para pechar, ten o turno dona Noelia Otero, por cinco minutos.

A señora OTERO LAGO: Non tiña vostede, señor Rodeiro, pensado sacar as novas; tróuxoas de adorno, por se acaso. *(Aplausos.)* Curiosamente, o conselleiro de Educación, no debate da interpelación tampouco tivo tantos argumentos solventes para defender o servizo de transporte público e argumentar, como el di, que non existe esta problemática, que estamos moi orgullosos e que son casos concretos e illados, que, curiosamente, tamén trouxo —el dixo— non titulares de hai doce, trece ou catorce anos... ¡Como levan vostedes poucos anos gobernando, máis dunha década, pois, claro...! El dixo que a resposta foi ante a falla de argumentos sólidos. Dixo que traía un lote de fotocopias de problemas co transporte escolar de había quince anos, de cando gobernaba o Bipartito. ¡Iso é solvencia, é seguridade, é orgullo sobre o servizo que están a prestar as empresas de transporte público escolar! ¡Si, señor! *(Aplausos.)*

E dicía vostede tamén, señor Rodeiro, que non é xusto dicir que chove nalgúns autobuses ás veces, que hai nenos e nenas que viaxan sen cinto, que hai nenos e nenas que quedan tirados nas paradas, que chegan tarde á clase... Non é xusto. Eu pregunto: ¿non é xusto ou é mentira? ¿Non é xusto ou é mentira que existen estas queixas, non deste curso, senón do pasado, que están postas en coñecemento da Consellería de Mobilidade e de Educación? ¿Para quen non é xusto? ¿para os nenos e as nenas, os menores que as padecen, ou non é xusto para as empresas, que vostedes defenden máis como un servizo, como dicimos, digno de calidade e cuns mínimos? O que se pide é que cumpran con eses mínimos.

Argumentan tamén que Galicia ten, efectivamente —como se ten dito aquí e como se iso xustificase algo—, o transporte escolar máis amplo de toda España. Xa se ten explicado a realidade, a vertebración do territorio en canto a quilómetros. Pode funcionar de risa, non de risa, de pena, pero ten o máis amplo de España. Xa nos vale tamén.

Que non vemos tampouco a magnitude económica do servizo de transporte escolar que ten Galicia, dicía o conselleiro e di vostede. Que o Goberno dedica —non esquezamos— os cartos das galegas e dos galegos, aproximadamente setecentos mil euros ao día, ao transporte escolar. E engadía transporte escolar que, por suposto, é cen por cento gratuíto para as familias. ¡Faltaría máis, señor conselleiro! ¿Pero están exixindo ás empresas que presten este servizo, que están a levarse estes cartos, incumprindo —insistimos— a legalidade e os mínimos recollidos no contrato? Non.

Falaba o conselleiro —e pediamos datos tamén— e dicía que se abriron expedientes de penalización, que houbo «desaxustes», como lles chaman; ás veces son casos illados, concretos, outras veces desaxustes puntuais, «incidencias» dicía vostede, que se comunican á inspección, á administración, que se toma nota, que se subsanan, e que se puxeron en marcha vinte e catro expedientes. Hai vinte e catro expedientes de penalización.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cando dos casos denunciados, das queixas formais dos concellos e das ANPA teñen vostedes o dato, e nós liamos titulares, non un lote de fotocopias como dicía o conselleiro de hai quince anos, senón do acontecido neste inicio de curso escolar. E dicía vostede: o primeiro mes que lle nomease un caso dalgún centro de ensino onde se alongase máis alá da primeira semana máis ou menos do inicio do curso escolar a problemática. O email e o correo escolar da ANPA de Vedra que lemos aquí eran precisamente porque máis dun mes despois, case oito semanas despois, estaban a documentar as problemáticas nas distintas liñas, e estaban fartos de pedir xuntanzas coa consellería e estaban ademais a trasladar que xa non estaban a poñer o acento —como diciamos antes— nos atrasos, uns días de quince minutos, outros de corenta e cinco minutos, senón que temían pola seguridade dos seus fillos e das súas fillas. E iso non aconteceu na primeira semana do curso escolar, como vostede sabe.

Curiosamente, poucos días antes de ter o debate da interpelación neste Parlamento, esa mesma ANPA púxose en contacto con nós para dicir que tiñan recibido afortunadamente a chamada da Consellería de Educación e da de Mobilidade. E nós alegrámonos porque —como diciamos— o que pretendemos é que o transporte escolar se preste tendo en conta a súa importancia e transcendencia —como dicía o conselleiro— nunhas condicións dignas, nun mínimo de calidade, e tendo en conta, ademais, a cantidade de recursos públicos que se están a dedicar.

Entón, insisto no que dicía antes tan sinxelo, porque nin presentaron emendas; seguir facendo, xa se está facendo. Ás veces, iso déixano así por escrito a ver se o aceptamos e lavan un pouco a cara. Pero desta volta nin iso.

Se está tan claro que se está a cumprir, que é un problema illado, que podemos estar todas tranquilas de que de aquí ao curso que vén, que si que igual ao inicio do curso pode haber algún desaxuste, non haberá que lamentar máis deficiencias deste tipo, apoien esta moción para dar un servizo tan necesario de xeito digno a todo o estudantado galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre un pacto galego pola industria

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

«1º) Aumentar un 0,4 % do PIB o gasto nos programas de I+D+i, de tal forma que Galicia poida acadar este mesmo ano a media estatal, que supera o 1,4 % do PIB, para aproximar ao obxectivo do 3 % do PIB en cinco anos.

2º) Consensuar co Goberno do Estado a participación de Galicia nos Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Moi boa tarde.

Cando da situación da industria en Galicia falamos é forzoso facer varias paradas. A primeira parada debe ser a evolución do emprego neste sector, que é o dato que mellor ilustra a saúde do sector a nivel global, a súa vitalidade e a súa capacidade para xerar riqueza nun país determinado. Sabemos —e sobre isto existe acordo unánime— que o emprego no sector industrial ten un plus en canto a valor social, xa que comunmente vén sendo un emprego máis estábel e mellor retribuído que noutros sectores. Polo tanto, xoga un papel principal á hora de xerar o que se denomina «emprego inducido» noutros ámbitos.

O dato de emprego no sector industrial, de destrución de emprego no sector industrial, durante estes trece anos de goberno do Partido Popular, non é que sexa unha mancha no seu expediente, é un auténtico burato negro. A súa política industrial durante estes trece anos provocou, colaborou ou consentiu a destrución de quince mil empregos no sector industrial, ¡quince mil empregos destruídos en trece anos! Son vostedes un auténtico burato negro para o sector industrial do noso país. *(Aplausos.)*

Outra parada necesaria para testar a saúde do sector industrial e ao mesmo tempo para predicir a evolución probable no futuro é deterse no nivel de investimento ou formación bruta de capital. Este investimento caeu na Galiza un trinta por cento desde o ano 2009. Visto en termos relativos, en termos de produto interior bruto, o investimento caeu na Galiza desde o 25 por cento do PIB do ano 2009 até o 15 por cento do PIB no ano 2021; é dicir, deixamos dez puntos de PIB nos trece anos de goberno do Partido Popular.

Sobre a importancia do investimento tamén hai consenso unánime. Sen investimento non hai futuro ou cando menos non haberá un crecemento sólido e, desde logo, non haberá transformación do sector industrial para adaptarse e ser competitivo nos novos escenarios que a transición enerxética e dixital presentan.

Terceira parada —e directamente relacionada coa anterior—: o investimento ou esforzo en I+D+I. Vou repetir aquí algúns datos que son coñecidos, máis que son importantes porque deben ser a nosa referencia sobre os niveis de investimento en I+D+I nos países da nosa contorna no ano 2020, que é o último ano do que hai datos:

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Alemaña, 3 por cento do seu PIB; Portugal, 1,6 por cento do seu PIB; Italia e Grecia, 1,51 por cento; a media da Unión Europea, 2,5 por cento. A media do Estado español está no 1,4 por cento, e dentro do Estado español hai variedade: Euskadi está nun 2,08 por cento, Cataluña no 1,61 por cento e Galiza no 1,1 por cento. Estamos moi lonxe da media española, máis lonxe aínda de Portugal, de Cataluña ou de Euskadi, máis lonxe aínda da media da Unión Europea. De feito, estamos entre o 25 por cento das rexións menos innovadoras de Europa.

O señor vicepresidente sempre xustifica este baixo nivel de investimento no noso país en comparación con outros países en que nesoutros países o esforzo investidor por parte do sector privado é moi superior ao de Galiza. Unha xustificación que, a verdade, non é máis que unha escusa de mal pagador, porque sendo certo que o noso país ten un tecido de empresas, na súa maioría microempresas e pequenas empresas, que non dispoñen dos medios nin da capacidade para investir en I+D+I, sendo certo este feito, o que fai precisamente é exixir do sector público un plus, exixir do Goberno galego que dobre a aposta se non queremos quedar atrás. Para o BNG ese plus, ese esforzo investidor do Goberno galego en I+D+I está no 3 por cento dos orzamentos. Esta é unha das propostas da moción que hoxe traemos a debate.

Nós comezariamos —neste sentido temos presentado múltiples iniciativas— por coidar e cultivar as persoas investigadoras, por coidar e cultivar o talento. Comezariamos por crear a carreira profesional que o Goberno galego xa prometeu en varias ocasións, por crear un instrumento para a retención, recuperación e captación de talento, que nós denominamos Innogal. Mais a proposta de hoxe deixámola en comprometer a Xunta de Galiza a achegar ese 3 por cento dos orzamentos.

Outra das tres propostas que presentamos hoxe na moción é que as tres forzas políticas representadas no Parlamento galego fagamos fronte común na defensa das competencias do Goberno galego para a planificación económica e o desenvolvemento industrial. O que se traduce en exixir do Goberno estatal a transferencia a Galiza dos fondos para a recuperación económica.

Dispoñer deses fondos é unha cuestión vital por dúas razóns. A primeira, porque temos a necesidade, precisamos dese investimento. Os datos que daba de inicio, quince mil postos de traballo destruídos no sector industrial e un trinta por cento de caída do investimento nos trece anos de goberno do Partido Popular, acreditan esta necesidade. E temos a responsabilidade e a obriga de aproveitalos, sobre todo porque imos ter que pagalos. Imos pagar os fondos para a recuperación literalmente por activa e por pasiva, porque son en parte débeda e en parte adianto do marco plurianual do orzamento da Unión Europea. Así que imos pagar por activa, facendo fronte ao pagamento da débeda, e imos pagar por pasiva asumindo a diminución das partidas que estamos gastando agora. E non nos van preguntar canto diñeiro dos fondos se gastou na Galiza; imos pagar a mesma cantidade que calquera outro cidadán ou cidadá do Estado español, cando menos nominalmente, porque en termos materiais para nós o esforzo vai ser maior.

E ¿que fai o Partido Popular? Nada. Aquí na Galiza, e sobre todo aquí no Parlamento galego, sempre deixan constancia da crítica —supoño que para os efectos do inventario— de que os

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fondos están xestionados moi mal, e que vostedes piden —xa non se sabe porque a cousa vai cambiando— sexa a descentralización dos fondos, sexa a participación, sexa un PERTE específico ou que se escoite as comunidades autónomas. Isto en público. ¡Vaia vostede saber o que di ou demanda o presidente Rueda nas súas visitas a Madrid, por non falar do que defenden os dez deputados e deputadas galegas do Partido Popular no Congreso, que nin se sabe!

A terceira das nosas propostas é a constitución dunha empresa pública de enerxía. As razóns polas que desde o BNG defendemos esta proposta no marco dun pacto galego pola industria son varias.

Estamos claramente nunha fase de transición enerxética e nunha fase de desenvolvemento das enerxías renovables. ¿Cal é o modelo da Xunta de Galicia do Partido Popular? Barra libre sen condicións. Estes, máis ou menos, son os megavatios que hai instalados na Galiza actualmente no sector da eólica, 3.837. *(O señor Fernández Alfonzo amósalles aos membros da Cámara un gráfico con varias columnas.)* Estes son os que ten previsto instalar a Xunta; é dicir, outro tanto, queren duplicar. Estes todos, 9.206, son os que están solicitados e xa teñen acceso á rede, e son os que están premendo os gobernos para que lles tramiten os expedientes.

¿Que conseguiron con este sistema de barra libre sen condicións? O colapso da administración; tiveron que decretar unha moratoria; aí están 9.206 megavatios en solicitudes. O peche de empresas que traballaban na fabricación de complementos para a eólica; aí están Siemens, Gamesa e Vestas. E varias sentenzas contrarias ás actuacións da Xunta na autorizacións de parques, no que xa se coñece como *annus horribilis* da Xunta. ¡Todo un éxito!

Pero este modelo falido da Xunta e do Partido Popular, e non quere dicir que a transición enerxética non haxa que afrontala, é unha necesidade que para Galiza debe ser tamén unha oportunidade. O modelo que propón o BNG é un modelo planificado e ordenado, debidamente secuenciado en función das necesidades e das posibilidades, respectuoso ambiental e socialmente, e que transforme os recursos enerxéticos do país en riqueza para o país, para Galiza, en termos de emprego e rendementos, e tamén en termos de ofrecer uns prezos eléctricos competitivos que signifiquen transformar os nosos recursos enerxéticos —os ríos e o vento— nunha vantaxe competitiva para a nosa industria.

Para iso é preciso contarmos cos instrumentos axeitados, léase unha empresa pública. Xa temos explicado noutras ocasións que Galiza conta con multitude de concesións hidroeléctricas que poderían ser a base desa empresa pública de enerxía; concretamente, contamos con 3.729 megavatios de potencia instalada nos ríos galegos.

Lembramos que as concesións das centrais teñen unha data temporal, que se xustificaba na necesidade de que a empresa que realizaba o investimento, é dicir, que pagaba a construción da central, puidese amortizar ese investimento. Pois ben, algunhas desas concesións venceron, outras vencerán e outras poden rescatarse por incumprimentos das empresas que explotan as concesións.

Aquí temos a base do que podería ser unha empresa pública produtora de electricidade, en principio, hidroeléctrica. Unha empresa que se Galiza tivera un goberno con ambición po-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dería actuar tamén no desenvolvemento eólico e mesmo nas tecnoloxías de autoabastecemento e gases renovables. O mellor aliado ou *partner* estratéxico —como din agora— que podería ter o Goberno galego para enfrontar con garantías este proceso de transición.

E insistimos nisto: si que podería ofertar prezos eléctricos competitivos, prezos eléctricos máis baratos que os que hoxe calquera pode atopar no mercado, xerando —como dicía antes— unha vantaxe competitiva para a industria galega, mais xogando tamén un papel social cando fose preciso. E coido que ninguén poñerá en dúbida que estamos nun deses momentos. Familias, autónomos e autónomas, pequenas e medianas empresas e mesmo a grande industria, todo o mundo está a queixarse do encarecemento dos prezos eléctricos, todo o mundo contra as cordas.

Nós, desde o BNG, non entendemos, non asumimos como normal que o Goberno galego estea de brazos cruzados nesta situación, nun país, nun territorio produtor excedentario de electricidade.

Estes son os tres puntos da nosa moción, do pacto que desde o BNG propoñemos pola industria. Un pacto para lanzar o investimento en I+D+I até o 3 por cento dos orzamentos, para achegarnos simplemente ás medias dos países da nosa contorna. Un pacto para defender as competencias do Goberno galego en ámbitos vitais como son a planificación económica e o desenvolvemento industrial, exixindo a transferencia dos fondos para a recuperación. E un pacto para crear un instrumento, unha empresa pública de enerxía, que sería o mellor aliado estratéxico que podería ter o Goberno galego para enfrontar a transición enerxética con garantías e para que os recursos enerxéticos galegos xeren riqueza e emprego no noso país.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Se a principios do mes de marzo de 2020 a realidade da pandemia da covid-19 nos levou a unha situación extraordinaria que nos afundiu nunha crise sanitaria, económica e social sen precedentes, en febreiro deste ano viamos como, cando aínda nos estabamos recuperando desta grave situación, entramos nunha nova situación extraordinaria e sen precedentes, sumando á situación anterior as graves consecuencias da guerra en Ucraína debida á invasión rusa. Unha situación que alterou o contexto xeopolítico e económico dos estados membros da Unión Europea e que entre as súas repercusións estamos vivindo o aumento do prezo da enerxía, dos alimentos, das materias primas e tamén unhas menores perspectivas de crecemento.

Se a actuación do Goberno do Estado encabezado por Pedro Sánchez foi fundamental para superar as peores consecuencias da crise económica, sanitaria e social derivada da pandemia

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da covid-19, volven ser as medidas adoptadas polo Estado ante a crise da guerra as que están permitindo que sexa España dentro da Unión Europea a economía que máis medra, nun 4,5 por cento do PIB para 2022, segundo os datos publicados pola Comisión Europea. É a segunda economía coa inflación máis baixa en toda Europa, un 7,3 por cento para o mes de outubro, sendo máis dun punto e medio menos que a correspondente ao mes anterior, debido fundamentalmente ás medidas adoptadas polo Goberno do Estado para baixar o prezo da electricidade e dos combustibles ás economías familiares e ás empresas.

Hoxe mesmo temos que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo resolveu a convocatoria do mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro, polos que Galicia vai recibir 44,2 millóns de euros, o que supón o 18,14 por cento do total das axudas. Unha axudas que amosan o compromiso do Goberno en reforzar as capacidades industriais e o emprego dun sector clave en España nun momento no que é necesario aumentar o peso da industria para acelerar a recuperación económica e social.

Diciamos antes que mentres que para o conxunto do Estado a inflación está nun 7,3 por cento, na nosa comunidade, en Galicia, o IPC para o mesmo mes de outubro segue a ser moito máis alto que no conxunto do Estado, un 7,8 por cento; tal e como vén sendo durante todos os meses no que vai deste exercicio 2022.

E mentres tanto o Goberno galego non tomou nin unha soa medida extraordinaria que complementase as do Estado para rebaixar esta suba dos prezos da enerxía que está a afectar a todas as economías, pero con máis intensidade a aqueles fogares máis vulnerables e ás empresas máis afectadas pola suba dos prezos da electricidade ou dos combustibles.

Tal como vimos onte, nada fai pensar que cos orzamentos para 2023, que acadan cifras históricas de 16.600 millóns de euros de gasto non financeiro, a Xunta de Galicia vaia mudar a súa falla de aposta política para axudar a poboación e o sector produtivo galego ante unha escalada de prezos que fai ás familias máis vulnerables e ás empresas menos competitivas.

Se entramos na situación actual dos sectores produtivos, onte mesmo os deputados e as deputadas do Partido Popular impediron que prosperase unha emenda presentada polo Grupo Socialista, na que propoñiamos un reforzo de 478 millóns de euros para os sectores produtivos en Galicia. Esta incluía un plan para compensar as persoas autónomas, os profesionais, as empresas e os sectores afectados polo incremento dos custos do transporte e a enerxía; un plan de reforzo para as industrias electrointensivas; axudas ao comercio e á hostalería; actuacións cara á descarbonización e a transición xusta, e 236 millóns de euros en I+D+I. Son 478 millóns de euros que impactarían directamente na recuperación da empresa e da industria en Galicia.

Estes 236 millóns de euros de incremento en I+D+I, que os deputados e as deputadas do Partido Popular votaron en contra, permitirían incrementar nun 0,4 por cento do PIB o investimento en I+D+I, de tal forma que Galicia puidera acadar neste ano a media estatal para aproximarse ao obxectivo do 3 por cento do PIB marcado pola Comisión Europea. E recordo que partimos do 1,1 por cento do PIB e que Galicia é das rexións menos investidoras de toda Europa.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe teñen unha nova oportunidade de votar a favor da nosa emenda, para que sexa incorporada na tramitación destes orzamentos da Xunta de Galicia para 2023.

Miren: a ciencia e a innovación son as principais pancas do progreso social e económico, tal e como demostra a correlación entre o benestar dun país e o seu investimento en I+D+I. Este incremento que propoñemos os socialistas supoñería a aposta que a nosa economía precisa para poñernos na senda do crecemento social e económico nun país con maiores niveis de benestar.

Nestes momentos de reconstrución e de reactivación, Galicia segue a ter un sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación debilitado, que necesita dunha reforma urxente e de reformas estruturais. O Goberno de Galicia debera participar activamente, debera actuar como motor no deseño da estratexia de innovación e investigación da man dos axentes sociais, nun contexto de cooperación e sincronización coas accións que se adopten no Estado e no conxunto da Unión Europea.

O Goberno galego precisa fortalecer e multiplicar os instrumentos para o fomento do investimento privado en I+D+I, que sexa capaz de manter e desenvolver as capacidades das nosas empresas, e ao mesmo tempo tamén debera definir unha carreira estable para as persoas investigadoras, con contratos estables e avaliacións xustas e inclusivas.

Onte mesmo saía na prensa do *Faro de Vigo:* «*La receta para captar talento digital. Uno de cada cuatro graduados gallegos en ciencia y tecnología se marcha a trabajar fuera de Galicia*». Non podemos seguir, señores e señoras do Partido Popular, nesta dinámica de formar persoas investigadoras para ser exportadas como man de obra cualificada e que sexan outros territorios os que se beneficien do investimento que se fai na nosa comunidade.

Para este Goberno galego dirixir a Xunta de Galicia redúcese a xestionar os recursos que veñen do Estado ou que lle transfire a Unión Europea, sen asumir que teñen a obriga de achegar recursos propios para axudar as persoas e os sectores produtivos na nosa comunidade que peor o están pasando.

E ante a súa incapacidade sempre empregan o comodín do Estado ou do presidente Pedro Sánchez, a quen lle outorgan a culpa de todos os males, porque vostedes non son capaces de xestionar esta comunidade autónoma. Se falamos de sanidade, a culpa é de Pedro Sánchez. Se falamos de medio ambiente, a culpa é de Pedro Sánchez e neste caso tamén dos concellos. Se falamos de políticas sociais, tamén volve ser Pedro Sánchez e os concellos. E se falamos de industria, a culpa é de Pedro Sánchez. E tal e como acabamos de escoitar na anterior PNL que se debateu aquí, e segundo o voceiro do Partido Popular, resulta que a culpa do transporte escolar que non funciona en Galicia tamén é de Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

Daquela, eu pregúntolles, señores e señoras do Partido Popular, ou pregúntenlle vostedes ao Goberno galego: ¿de que lles vale ser o Goberno dunha comunidade autónoma que conta con competencias propias que lle outorga o Estatuto de autonomía, no que se establece que a Xunta de Galicia ten competencias exclusivas en materias como sanidade, educación, política social e industrial entre outras?

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con este comportamento o que demostran é a súa falla de proxecto de país, falla de estratexia política para conducir o futuro da nosa terra, para acadar esa Galicia verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente, e sen que ninguén quede atrás, e que ademais teñen a obriga de acadar.

O III Informe da conxuntura económica, elaborado polo Foro Económico de Galicia, constata tamén novamente a serie de eivas que ten a nosa economía e das que vimos advertindo os socialistas de maneira reiterada. Di o Foro Económico de Galicia que a reactivación da economía galega segue a ser menos intensa que a do conxunto do Estado, ralentizada no último trimestre publicado, o segundo correspondente a este exercicio, e que se sitúa no 4,4 por cento; sete décimas menos que nos dous trimestres anteriores. E tamén di que aínda que esta moderación no ritmo de crecemento se rexistra tamén nas economías da Unión Europea dos Vinte e Sete e da zona euro, a economía española, por contraste, ten un maior dinamismo económico fronte ao decrecemento da economía galega.

Ben, vou dar dous datos máis, porque vexo que o tempo vai rematar.

O último informe sobre o índice de produción industrial publicado polo IGE, e referido aos datos ata setembro deste ano, incide tamén nesa incompetencia do Goberno galego en planificación económica e industrial na nosa comunidade. E revélanos que o IPI industrial en Galicia rexistrou no que vai de ano, é dicir, de xaneiro a setembro, un retroceso do 1,3 por cento respecto do mesmo período do ano pasado; mentres que para o conxunto do Estado o incremento foi do 3,5 por cento. É dicir, Galicia 4,8 puntos por debaixo do que crece o conxunto do Estado.

Se miramos a demografía empresarial, segundo os últimos datos publicados, elaborados por D&B, dinos que en Galicia, de xaneiro a setembro deste ano, se constituíron un cinco por cento menos de empresas que para o mesmo período do ano pasado. E que o capital investido para o mesmo período foi de 157 millóns fronte...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...aos 182 do ano pasado.

E como teño que rematar vou dar un último dato, que non coincide exactamente co que deu o voceiro do BNG, pero que segundo os meus datos, as miñas pescudas, é que Galicia non ten recuperado o nivel de ocupación no sector industrial dende 2009. Comparando o terceiro trimestre do 2009 e o terceiro trimestre de 2022, Galicia ten 19.900 persoas ocupadas menos; cunha taxa de ocupación para este trimestre que se recupera só un 0,11 por cento, mentres que para o conxunto do Estado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...é dun 2,57 por cento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Simplemente, unha vez máis emprazámolos a que traballen, a que establezan unha estratexia de país que dea cabida ao consenso e aos acordos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Iso xa é obriga dos deputados. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...con todos os sectores e actores implicados, incluídos estes grupos parlamentarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para que todos xuntos rememos no mesmo sentido e poidamos saír o menos desiguais posibles...

O señor PRESIDENTE: Iso xa é obrigación de todos os deputados traballar polo ben de Galicia.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...destas crises.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A verdade é que, señor Fernández Alfonzo, resulta paradoxal que o BNG da pancarta, os do non á industria, veñan aquí a este Parlamento pedir un pacto pola industria. ¿Pero que industria, señorías?, ¿a que deostan vostedes continuamente neste Parlamento?

Miren: é que vostedes non cren na iniciativa privada e opóñense a calquera alternativa que supoña crecemento, que supoña riqueza ou que supoña emprego en Galicia. E os datos están aí, vounos dicir, e os galegos sábenos.

Vostedes queren pechar Ence, igual que fixeron con Elnosa e coas centrais térmicas. Vostedes queren apartar Navantia da construción militar. Vostedes queren incluso evitar a posibilidade de estudar a posibilidade da eólica mariña en Galicia. E colócanse sempre frontalmente en contra de calquera proxecto de enerxía renovable en Galicia, tanto proxectos eólicos como proxectos de centrais hidráulicas. Opóñense a calquera proxecto de minería. E agora acabamos de escoitar aquí o señor Lourenzo falar tamén en contra do transporte, de calquera empresa de transporte en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, ¿a quen queren enganar, señorías do BNG? *(Aplausos.)* ¿Que pacto pola industria pode vir vostede pedir aquí? Eu agradézolle moito o seu ton, pero a cuestión está no que vostede di. E onte escoitabamos falar aquí a señora Presas de emerxencia climática. Señora Presas, se vostedes son uns negacionistas, están en contra de calquera proxecto de enerxía renovable. ¿Que ecoloxistas son vostedes? Ecoloxistas de pancarta, iso é o que son vostedes.

Vostedes van quedar sós, vostedes e as súas plataformas; esas que avivaron en contra da enerxía renovable. E é que en definitiva, señorías, o BNG está en contra de calquera tipo de iniciativa empresarial que beneficie a Galicia. Os datos están aí: eu este ano levo debatido vinte e oito iniciativas en contra de proxectos eólicos para Galicia. Os datos son os seus, do BNG; iniciativas do BNG en contra de calquera proxecto, señorías. Entón, claro que o Grupo Parlamentario Popular non comparte a súa animadversión á iniciativa privada, nin tampouco a súa alerxia, señor Fernández Alfonzo, á colaboración público-privada. Tampouco compartimos a súa estratexia de bloquear calquera alternativa industrial que supoña crecemento, riqueza e emprego, e que non cumpra cos seus criterios. O que os leva a vostedes incluso a pedir o peche de empresas. Unha vez máis, señorías, o que demostra o BNG nas súas propostas é o seu sectarismo ideolóxico, que en lugar de primar o servizo público e a solución dos problemas, pois prima o seu sectarismo.

O BNG pretende trasladar sobre a nosa economía, señorías, unha imaxe negra, falsa e moi afastada da realidade. E Galicia, señor Fernández Alfonzo, non se para por moito que vostedes se empeñen en querer pechar industrias e illarnos do resto do mundo.

Eu agora mesmo estaba aquí nunha guerra de cifras entre a señora Rodríguez Rumbo e o señor Fernández Alfonzo, que non se poñen de acordo, e len o Informe de conxunturas do Foro Económico segundo lles apetece. E o que di este informe é que o investimento en Galicia, señor Fernández Alfonzo, medra de forma interanual un 0,4 por cento. Iso é o que di tamén a estatística completa do IGE, que o investimento en Galicia leva crecendo de maneira continuada dende o ano 2014; só se freou durante o ano da pandemia.

E vostede, señora Rodríguez Rumbo, ¿como leu vostede o informe do foro? Porque di claramente que Galicia se atopa preto de acadar o nivel precrise; páxinas 2 do Informe de conxunturas, si. E a economía española está moito máis rezagada. Si, señora Rodríguez Rumbo, e tamén... —señor presidente, estou intervindo e a señora Rodríguez Rumbo quere intervir tamén—. *(Risos.) (Murmurios.)* Xa, é frecuente.

Señora Rodríguez Rumbo, vostede despois pide que esteamos en silencio. ¡Por favor!, interrompe constantemente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu estou dando uns datos e a vostede tócalle escoitar, igual que escoitei eu caladiña cando vostede falou. Si, señora Rodríguez Rumbo.

E tamén sinala ese informe que a industria manufactureira galega presenta unha caída inferior á media estatal. Vostede lea ben o informe porque o le como lle apetece.

Vostede ten aquí a cara de dicir a caída do IPI. Pero, ¿sabe vostede por que cae o IPI?, ¿por que cae? Porque a fabricación de material, equipamento eléctrico, cae un 26,5 por cento, e a

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

metalurxia e todas as producións de ferroaliaxe, un 23,8 por cento. Aínda así, o IPI no ano 2021 medrou máis en Galicia que no conxunto de España, señora Rodríguez Rumbo. Eu rógolle que actualice os seus datos.

E vostede tamén sacou aquí o tema dos fondos europeos. E a vostedes, señor Fernández Alfonzo e señora Rodríguez Rumbo, o que lles proe é que Galicia teña proxectos e que teña presentado máis dunha trintena de proxectos —si, ao seu presidente e á ministra Teresa Rivera e á ministra Calviño o presidente Rueda—, e vostedes seguen facendo caso omiso deses proxectos Next Generation, que o Goberno central ten bloqueados. Hai dous ou tres plenos veu aquí o señor vicepresidente primeiro comparecer e explicarlles os proxectos.

Eu, se quere, recórdollelos: temos proxectos de economía circular, como é o de Altri ou da planta de transformación de fertilizantes de Reganosa, Repsol e Naturgy. Temos proxectos de novas fontes de enerxía renovables, como o hidróxeno verde, o biogás ou a eólica mariña, como a planta de hidróxeno de Reganosa e das Pontes, ou o de Nervión, de estruturas para a eólica *off shore*. Temos tamén proxectos de biotecnoloxía como son os de Zendal, Indukern e Lonza. Temos do sector agroalimentario, como Estrella Galicia, Profam, Geal ou Jealsa. E tamén proxectos relacionados con habilidade do futuro, como o de Stellantis.

Señoría, proxectos realmente transformadores e maduros, financiables coa realización de proxectos PERTE que realmente se axusten ás necesidades do tecido empresarial, para os que seguimos sen resposta, señorías do PSdeG.

E vostedes, señorías do BNG, son cómplices. Si, vostedes, co seu voto, fixeron presidente ao señor Sánchez. Vostedes, coa súa abstención, van facilitar que se aprobe un orzamento do Estado que non beneficia para nada a Galicia. E vostedes son cómplices dun presidente do Goberno que se segue a negar a unha cogobernanza e a colaborar en calquera formulación promovida dende Galicia. E o que si que fai este presidente do Goberno de España é ofrecer axudas directas a determinados proxectos e territorios, o que evidencia que a concorrencia dos fondos europeos, señorías, se teledirixe dende Ferraz.

Polo tanto, non busquen escusas. Galicia ten unha axenda industrial de cara ao ano 2030 porque, sen dúbida, o eixo industrial xoga un papel determinante no futuro de Galicia. E non se pode estar, señorías do BNG, continuamente demonizando os empresarios como fan vostedes. Unha axenda que o próximo orzamento do ano 2023 —si, escoiten ben— sete de cada dez euros que vai xestionar a Vicepresidencia Económica da Xunta, é dicir, un total de 360 millóns de euros, vai acompañar a todos os proxectos industriais que se están xerando no marco da Next Generation.

Analizando outra das novidosas propostas do Bloque Nacionalista Galego, pois é sempre o mantra do investimento galego en I+D+I. É que, señorías, levamos dez anos aumentando o orzamento da Axencia Galega de Innovación, que leva creada dende o 2012. Non fai falta crear ningún chiringuito dos seus para empregar os seus, señor Fernández Alfonzo. A Axencia Gain leva incrementando o seu orzamento dende o ano 2012. *(Aplausos.)* E este ano conta con 163,4 millóns de euros, que triplica o que tiña en 2013. E se se suman todos os investi-

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentos que hai nas outras consellerías, como Mar, Medio Rural, Educación e Sanidade, suman case trescentos millóns de euros.

Dende o ano 2013 o investimento en I+D do sector público ten medrado en Galicia un 41,2 por cento fronte ao 14,3 por cento do total nacional, señora Rodríguez Rumbo. Eses son os datos. E toda esta acción está guiada pola estratexia RIS3 de especialización intelixente, que —como saben— é a nosa credencial ante Europa para acceder aos fondos comunitarios. É unha estratexia que no pasado permitiu que Galicia mellorase dezaseis puntos o seu índice global de innovación. E no futuro levaranos a acadar o obxectivo do 1,7 por cento no 2027 e do 2 por cento no 2030.

Non, señorías, non como vostedes, nós confiamos na capacidade do tecido empresarial e na colaboración público-privada para afrontar todas as dificultades que os retos do contexto actual nos obrigan a ter. Todo o contrario do que vostedes, que desprezan as empresas e actividades que son claves para o futuro económico de Galicia.

En canto ás propostas enerxéticas, señor Fernández Alfonzo, pois volven ás do pasado, as mesmas da súa historia, como a tarifa galega. A tarifa galega agora téñena un pouco máis de lado dende que cambiaron o do 30 por cento que rebaixara a luz e agora pasaron a un 10 por cento. Entón, sabe vostede, pois ademais vostede coñece o tema, que co peche das térmicas Galicia xa non é excedentaria moitos dos días. Daquela a min gustaríame que na súa seguinte intervención me explicara que ocorrería cando non somos excedentarios. Teriamos que pagar máis pola luz. Entón, o que ocorre aquí é que a demagoxia e o sectarismo do BNG seguen sendo o seu mantra.

Propoñen unha empresa pública, unha empresa pública de enerxía. ¿Con que enerxía? Din agora que coa hidráulica, esa que vostedes deostan constantemente, pero agora din coa hidráulica. Pero eu creo que vostede coñece —e imos ser realistas— cal é a potencia instalada en Galicia e quen é o propietario da potencia maior instalada en Galicia. É a Confederación Hidrográfica, case un oitenta e nove por cento da potencia instalada pertence á Confederación Hidrográfica.

Esas concesións —vostede sábeo, e se non veña aquí e diga cal vai caducar proximamente— moitas teñen cincuenta anos de caducidade; por certo, moitas delas concesionadas de novo polo Goberno socialista do señor Zapatero. Veña vostede aquí e dígame unha das grandes que podería subministrar enerxía que vai caducar proximamente. Sabe que é falso. A potencia hidráulica instalada en Galicia que pertence a Galicia Costa representa un dez por cento da demanda que necesitaría só Galicia. Polo tanto, cun dez por cento, señor Fernández Alfonzo, Galicia non pode abastecerse de enerxía. Pero vostedes o que queren é que pechen as industrias e que non utilicen a enerxía; iso é o que vostedes queren. E vén poñer exemplos aquí doutros lugares que teñen precisamente empresas públicas de enerxía nas que está máis cara a luz, como é Italia ou Francia, onde está máis cara que en España. Ou poderiamos ver o exemplo de comercializadoras públicas como en Cádiz ou Barcelona, que cobran a luz, señorías, máis cara que as comercializadoras privadas. Pero vostedes seguen coa súa demagoxia.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A realidade é que vostede sabe que esas propostas son de competencia estatal, as dúas propostas: a da tarifa eléctrica galega e a da empresa pública de enerxía. Oia: vostedes levábanas no Pacto de Ana e Adriana, non as cumpriron, reclámenllas ao señor Sánchez. Vaian reclamarllas alí. Si que poden facer algo. Se non lles fan caso, pois plántense.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Pero vostedes iso non.

En canto á emenda do Partido Socialista, resulta curioso e gracioso que pida a colaboración e consenso. ¡Home!, señora Rodríguez Rumbo, o consenso vostedes rómpeno. En canto o presidente da Xunta, o señor Rueda, sae da reunión alí rompen o consenso; alí naquel momento saen saudar a prensa, din que van facer consenso, pero logo cero investimentos para Galicia. Esa é a súa realidade: investimentos, si, en proxectos de PERTE, cero. Dígame vostede algún anuncio. ¡Ah!, si, fixeron un anuncio recentemente: 15 millóns para Stellantis Vigo. Outros proxectos de automoción para Valencia ou para Barcelona, 500 millóns de euros, pero para Galicia 15 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ¡Por favor!, señora Rodríguez Rumbo, un pouco de respecto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Señor presidente —remato xa—, obviamente imos votar que non porque nós non compartimos o seu discurso, señor Fernández Alfonzo, en contra da iniciativa privada.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

É unha mágoa que o partido político hoxe maioritario hoxe na Galiza estea instalado na mentira, no ruído e no barullo. Pero Galiza ten alternativa.

O investimento en I+D+I —e certamente non o negamos— vén subindo nos orzamentos, pero é absolutamente insuficiente. Teño que insistir en que se o Goberno galego quere realmente apostar pola transformación económica de Galiza ten que asumir a obriga de suplir, de completar o menor esforzo do sector privado galego. E o primeiro é mellorar as condicións do persoal investigador, a comezar por cumprir coa palabra dada, por deseñar e artellar esa carreira profesional e por constituír un instrumento de retención, recuperación e captación de talento. E isto require de recursos, require de consignacións

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

orzamentarias. Para o BNG isto debe facer parte dun acordo de toda a Cámara, conscientes como somos de que os recursos non son infinitos e que poñer nun lado é quitar doutro. Máis moi conscientes tamén de que a I+D+I debe ser unha aposta de carácter estratéxico para Galiza.

En canto á proposta de pactar nesta Cámara tamén unha posición sobre a transferencias dos fondos para a recuperación, cremos que xa é unha necesidade evidente. Na medida en que a outra posibilidade, é dicir, seguir igual que até o de agora non dá resultados. Válennos as cifras que deu onte o conselleiro de Facenda: el cifraba nun 3,9 por cento dos diñeiros públicos adxudicados a través dos PERTE os recibidos por empresas galegas. Parécenos unha cifra optimista. Mais dada a dificultade de acceder a unha fonte de datos inequívoca e actualizada non o imos discutir. En todo caso, a cifra queda por baixo de calquera magnitude habitual, poboación ou PIB. E non só é unha cifra escasa senón que escapa tamén a calquera criterio ou planificación.

Xa sabemos que ao Partido Popular a palabra «planificación» lle produce sarpullidos, pero terán que recoñecer que os proxectos que vostedes consideran estratéxicos están quedando fóra deses elixidos. Terán que recoñecer que non estamos a priorizar en función de criterios públicos, claros e transparentes.

Van acceder aos fondos as empresas máis grandes, as mellor conectadas ou as mellor informadas. Estáselle furtando a Galiza a posibilidade de encamiñar a súa recuperación e o seu futuro e de apostar por proxectos estratéxicos de interese público. E, insisto, pagamos todos e todas a escote.

O Partido Popular debe decidir se participa deste modelo que furta recursos económicos a Galiza ou se lle fai fronte con determinación, non con titulares —haberá que recoñecer que as visitas a Madrid do presidente Rueda non valen para nada—, e cambia de estratexia. Nós apostamos polo segundo.

En canto á empresa pública de enerxía, dicíalle antes que Galicia ten instalados 3.729 megawatts nos seus ríos. Uns son competencia do Goberno galego e outros do Goberno estatal, evidentemente. Por iso propoñemos un pacto de todas as forzas políticas desta Cámara. Tres mil setecentos vinte e nove megawatts non está nada mal. ¿Saben cantos ten instalados Naturgy na Galiza? Mil trescentos dezasete. ¿Cantos ten instalados Iberdrola na Galiza? Dous mil douscentos vinte e un. ¿Cantos ten instalados Endesa na Galiza? Tres mil douscentos noventa e un. A potencia instalada nos ríos galegos supera a que xestiona calquera das grandes empresas enerxéticas aquí na Galiza.

Esta é unha riqueza que podería ter mellores destinos que o de ir parar aos petos dos accionistas desas grandes corporacións. Teñen beneficios escandalosos á conta, en parte, dos nosos recursos. ¿Sabe canto leva gañado até setembro calquera destas empresas? Naturgy, 1.061 millóns de euros; 36,6 % máis que no mesmo período do ano anterior. Endesa, 1.651 millóns de euros; 13,16 % máis que no mesmo período do ano anterior. Iberdrola, 3.104 millóns de euros; 29 % máis que no mesmo período do ano anterior.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por certo, todas, as tres, ofrecen prezos eléctricos por debaixo dos prezos do mercado regulado e teñen beneficios milmillonarios. ¡Fíxese se se poden facer cousas cos prezos eléctricos!

Este é o prezo regulado. *(O señor Fernández Alfonzo mostra un gráfico.)* E estes son prezos do mercado libre que ofrecen estas empresas: 68,33 %; 71,23 %; 72 %... Nun caso, 68,33 %. ¿Por que? Porque son produtores. Porque poden xogar —e de feito é así e así o fan— coas diferentes tecnoloxías do seu *mix* de xeración, entre as que destaca —por certo—, polo seu baixo custo, a hidráulica. Por iso sería tan importante recuperar as concesións hidráulicas e poñelas a producir por fin para Galiza, para os galegos e para as galegas.

Eu remato xa insistindo en que é unha mágoa que o partido político que hoxe é maioritario nesta Cámara estea instalado no barullo. Evidentemente, é tamén a maneira de furtar o debate e de non entrar a valorar as alternativas. Pero —insisto— Galiza ten alternativa.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

¿Sobre a emenda do PSOE? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.).* Non.

Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pasamos ás votacións das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil, sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista.

¿Hai unha proposta de transacción? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non a aceptan. Entón votamos a moción tal e como está.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández, sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Noelia Otero Lago, sobre o transporte escolar público.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre o transporte escolar público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, sobre un pacto galego pola industria.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre un pacto galego pola industria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional con motivo do Día Mundial en Memoria das Vítimas de Accidentes de Tráfico e Violencia Viaria, que di así:

«No ano 2005 a Organización das Nacións Unidas instaurou o terceiro domingo do mes de novembro como o Día Mundial en Memoria das Vítimas de Accidentes de Tráfico e Violencia Viaria.

Coincidindo con esta conmemoración, o Parlamento galego quere recoñecer o traballo feito polas asociacións de vítimas, así como o de moitas entidades públicas e privadas que, dun ou doutro xeito, están contribuíndo na elaboración e implementación de políticas públicas de seguridade viaria.

O traballo feito é moito, pero aínda é necesario seguir chamando a atención á sociedade e ás institucións sobre a obriga de mellorar a calidade de vida das vítimas de accidentes de tráfico.

Reafirmamos o compromiso deste Parlamento coa mellora continua da seguridade viaria. De feito, este mesmo ano a Comisión non Permanente de Seguridade Viaria aprobou un do-

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cumento, por unanimidade de todos os grupos políticos, que contribúe a complementar o Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025, impulsado pola Xunta de Galicia e que cómpre seguir desenvolvendo en toda a súa intensidade.

Valoramos o traballo das distintas administracións, organizacións sociais, empresas e cidadáns na mellora da seguridade viaria para seguir afondando nun maior compromiso político e nunha mellor coordinación. Agradecemos a dedicación e a entrega de todos os axentes de tráfico e profesionais que traballan para mellorar a seguridade nas nosas estradas. E rendemos homenaxe aos que perderon a vida mentres traballaban para garantir a seguridade viaria dos demais.

Toda morte e lesión grave en tráfico é evitable e, polo tanto, inaceptable. Por iso, as políticas de seguridade viaria deben considerarse un investimento cun elevado nivel de retorno social, pois, ademais do sufrimento padecido por vítimas, familiares e persoas próximas, os accidentes supoñen perdas económicas significativas. Ademais, a resposta integral ás vítimas de tráfico debe ser efectiva despois do sinistro, isto é, incluír apoio mental, social e legal para as vítimas, sobreviventes e as súas familias.

A seguridade viaria aféctanos e benefícianos a todos, e depende de cada un de nós. Debemos crear unha clara conciencia sobre os riscos e fomentar un sentido de responsabilidade e respecto das normas de tráfico que garanta unha convivencia segura nas estradas e nas rúas».

Esta é a declaración.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento)*

Continuamos coa orde do día, co punto cuarto, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pardo.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

O pasado mes de xullo cumpríanse vinte e cinco anos do cruel asasinato do concelleiro popular de Ermua, Miguel Ángel Blanco, un asasinato que supuxo un punto de inflexión na reacción social contra o terrorismo de ETA, cunha reacción que deu lugar ao nacemento do espírito de Ermua, unha resposta social que se uniu ao redor dunha mensaxe: memoria, dignidade e xustiza.

Por iso, a importancia desta proposición non de lei —para a que agardo un respaldo maioritario de todas as forzas deste Parlamento—radica en que, vinte e cinco anos despois do

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seu asasinato, debemos lembrar ese mozo inocente, pero tamén ese movemento que permitiu apuntalar durante anos os nosos principios democráticos fronte a unha das principais ameazas que a sociedade española tivo que superar ao longo do último medio século, como foi a lacra do terrorismo.

Este texto foi unha declaración institucional deste Parlamento o pasado 13 de xullo, na cal se reclamaba, entre outras cousas, o compromiso de todas as administracións públicas para o que o legado da memoria de Miguel Ángel Blanco e de todas as vítimas de ETA seguise vivo. Posto que, como finalizaba a antedita declaración, «cada un deses homes e mulleres forman parte imprescindible da historia do noso país». *(Aplausos.)*

Non os vou enganar, esta PNL vén motivada por un estudo sociolóxico que saíu este ano, un estudo preocupante realizado pola empresa GAD3 e cunha mostra de máis de 1.200 entrevistas. Entre os datos que amosaba o seguinte estudo están os seguintes: o 95 % dos españois descoñece o número de vítimas de ETA; o 60 % da mocidade española non sabe quen foi Miguel Ángel Blanco; o 70 % descoñece que Ortega Lara foi o secuestro máis longo da banda terrorista; un 68 % da mocidade recoñece que non estudou nunca nin no colexio nin na universidade a historia do terrorismo; só un 38 % dos mozos e mozas recoñece a Irene Villa como vítima de ETA; máis da metade da mocidade descoñece o atentado de Hipercor de Barcelona en 1987, no que morreron 21 persoas —todas civís e incluídos varios menores— e foi o atentado máis brutal da banda terrorista. Tamén descoñecen o asasinato, no seu despacho da Complutense, do expresidente do Tribunal Constitucional Francisco Tomás y Valiente, que fixo que case un millón de persoas por aquelas datas saísen á rúa en Madrid reclamando o fin de ETA; ou tamén o caso de Ernest Lluch, de cuxo asasinato se cumpriron precisamente onte vinte e dous anos. E desgraciadamente o 80 % da mocidade tampouco sabe identificar o asasinato deste exministro socialista de Sanidade.

Estes datos evidencian o esquecemento e descoñecemento que se ten deste difícil episodio da historia recente española, incluído o das vítimas máis coñecidas e simbólicas da banda terrorista. Por iso, neste ano no que recordamos o vixésimo quinto aniversario do tráxico secuestro e asasinato de Miguel Ángel Blanco ou o vixésimo segundo aniversario do asasinato de Ernest Lluch, hai que actuar para que o legado deles e das 835 vítimas ás que o terrorismo lles arrebatou a vida sigan presentes na nosa memoria. *(Aplausos.)*

Outro dato que xustifica a importancia desta proposición non de lei é que tan só un 5 % dos españois ten coñecemento de que, nos seus máis de cincuenta anos de historia, ETA asasinou a centenares de civís. Este foi o caso de Carlos Alonso Palate e Diego Armando Estacio, que foron as últimas vítimas de ETA no atentado da T4 hai doce anos.

Todas as vítimas do terrorismo de ETA en España deben ser recordadas, pero o secuestro e posterior asasinato de Miguel Ángel Blanco supuxo unha reacción nunca antes vista na sociedade española, cunhas mobilizacións que supuxeron o nacemento do espírito de Ermua e que supuxeron un auténtico punto de inflexión na loita democrática contra o terrorismo etarra. E, como diciamos todos os grupos nesa declaración institucional do mes de xullo, Miguel Ángel Blanco converteuse nun símbolo da loita da sociedade española por seguir construíndo unha España democrática, plural, respectuosa e libre da senrazón terrorista, baixo un berro unánime: «Basta xa».

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Foi unha figura, a de Miguel Ángel Blanco, que a senrazón terrorista non deixou nin descansar en paz. E, por iso, uns anos despois a familia tivo que trasladar os seus restos ao panteón familiar na parroquia de Faramontaos, no concello ourensán da Merca.

Por iso, por respecto a todas as vítimas e once anos despois do cesamento da actividade armada de ETA, é máis preciso que nunca manter viva e presente a verdade do que pasou. Unha verdade que ten que reflectir o compromiso da democracia española cos máis de 800 asasinatos, cos case 2.500 feridos polos actos terroristas ou cos case 90 españois que foron secuestrados. En definitiva, un compromiso coa verdade, coa memoria, coa dignidade e coa xustiza. O cruel asasinato de Miguel Ángel Blanco supuxo un cambio radical na sociedade. Un cambio na sociedade que se levantou e dixo «¡basta xa!». Un berro que uniu persoas de diferentes ideoloxías e xente de toda España co obxectivo de opoñerse ao terrorismo en calquera das súas formas, co obxectivo de apoiar as súas vítimas e defender o Estado de dereito, a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía do País Vasco.

Por iso temos a obriga de manter vivo ese espírito, porque se non o mantemos vivo algúns gañan. Gañan aqueles aos que os demócratas non lles podemos permitir que escriban o relato do que foi e do que é a democracia española. Unha democracia española que ten na revolución das mans brancas un fito mediante o que a sociedade española lle dixo a ETA e a todos os seus colaboradores políticos que xa non ía seguir ese muro de silencio. Un muro de silencio co que pretendían, mediante o medo, calar unha sociedade que só quería ser libre. Un muro de silencio co que querían impedir o avance da democracia. Un muro de silencio co que tiñan secuestrada toda unha sociedade e que supuxo en cincuenta anos de sufrimento mortes innecesarias e dor.

Este sufrimento non pode ser en van e non o foi. Por iso a democracia española é o que é grazas, entre outras cousas, a esta unión que fixo que derrotásemos o terrorismo etarra. Temos que seguir reivindicando a Transición, a democracia, a Constitución e todos os que foron asasinados por defendelas. Temos que seguir mantendo esa memoria e seguir dando as grazas. Grazas ás forzas e aos corpos de seguridade do Estado, que nos anos máis duros do terrorismo arriscaron as súas vidas para vencer a ETA. Grazas a todos os concelleiros, en especial do Partido Socialista, da Unión do Centro Democrático e do PP, que foron militantes da democracia e que viron na política unha forma de servir o seu pobo e foron a voz de moitos vascos fronte á imposición do medo que trataba de facer o terrorismo abertzale. Grazas á sociedade civil, que soubo manter a dignidade por riba do medo e da barbarie e, por suposto, grazas ás asociacións de vítimas do terrorismo por manter viva a memoria de todos eles.

Hoxe, máis que nunca, temos que seguir reivindicando esa España, esa España unida, como a que se fraguou co espírito de Ermua; unha España comprometida coa memoria, a dignidade e a xustiza das vítimas do terrorismo; unha España na que ninguén en ningún lugar teña que sentir medo, ser increpado ou ser ameazado por defender as súas ideas. Por iso é necesario non manter a equidistancia entre os que mataban e os que foron vilmente asasinados. Non podemos manter a equidistancia entre a verdade e os que tratan agora de reescribir a historia. Non podemos manter a equidistancia entre os demócratas e os que non condenan de forma clara os máis de 800 asasinatos.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, o que pretendemos desde o Grupo Popular con esta proposición non de lei é manter o legado de Miguel Ángel Blanco e das máis de 800 vítimas como símbolo de liberdade. E por iso temos un compromiso claro, que non é outro que que non haxa en España nin un mozo que non coñeza a figura de Miguel Ángel Blanco e de todas as vítimas do terrorismo de ETA, xa que só así honraremos a súa memoria e dignidade.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

A verdade é que quería comezar agradecendo a exposición e o ton dun conselleiro do Grupo Popular —voceiro de mocidade— e os datos arredor dun asunto, efectivamente, tan importante, nun día, ademais, no que ás veces... Hoxe, que se falou de vítimas, por exemplo, do terrorismo machista, dá un pouco de medo que tipo de debates imos manter ou non aquí. Así que, igual que censuramos cando consideramos o contrario —que estamos desacertados—, eu quería recoñecer a exposición de motivos feita polo señor Pardo, que, como dicía, estamos a piques de rematar xa un ano no que acabamos de conmemorar, non de celebrar, pero si de lembrar eses vinte e cinco anos do secuestro, do asasinato a sangue frío de Miguel Ángel Blanco. Por ese motivo, ademais desas múltiples homenaxes, lembranzas que se teñen feito a nivel oficial, a nivel estatal no conxunto do Estado e tamén no País Vasco por parte das asociacións de vítimas —como lembraba o voceiro popular—, protagonizamos neste Parlamento unha declaración institucional sentida, sincera, unánime tamén por parte de todos os grupos políticos. Todo isto con ese obxectivo principal non só de manter viva a memoria de Miguel Ángel Blanco, senón tamén de aproveitar para reafirmar —aproveitando este aniversario— o compromiso político, social, contra a violencia e, por máis anos que pasen, de manter vivo ese espírito de Ermua —como dicía—, porque, ademais, hoxe chega esta proposición tan só unhas horas despois de conmemorar os vinte e dous anos do asasinato de Ernest Lluch.

E, por suposto, é fundamental —consideramos— manter esa memoria e que a historia das vítimas e da banda terrorista ETA non se converta, como amosan eses datos, nun murmurio, nun feito descoñecido cada vez máis lonxano para a mocidade.

Nós queriamos lembrar tamén que é importante manter esa memoria e —dicía— comezar recoñecendo cando se fan exposicións de motivos xustificadas e co ton que é preciso, porque, por desgraza, nos últimos meses, nas últimas semanas, nas últimas horas, estamos afeitas a todo o contrario.

Tal e como veñen lembrando nestes últimos anos, hai un feito, ademais, diferencial, que non podemos esquecer —que é o substancial e o máis importante— e é que a banda terrorista ETA foi vencida —non o esquezamos— hai máis dunha década, hai quince anos, por todas e por todos: polas forzas e corpos de seguridade, polo Estado de dereito, pola política

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén e pola sociedade. Polo tanto, tal e como veñen demandando nos últimos tempos as vítimas, é fundamental non empregar tampouco nunca máis a súa historia, a súa memoria, o seu sufrimento como arma política, (*Aplausos*.) tal e como dixo hai poucos días María Jáuregui —a filla de Juan María Jáuregui—, que lembraba que o odio unicamente xera máis sufrimento, polo que non deberiamos transmitilo este ano.

Neste exercicio político —dicía— de memoria, cómpre ter memoria, non perder de vista o fundamental, que é que a banda terrorista foi vencida —deixando, iso si, ese regueiro de sufrimento e de dor— por todos e por todas e polo Estado de dereito.

Eu lanzaba esta afirmación, este recoñecemento, porque igual que no Congreso dos Deputados tivo lugar un acto oficial conmemorando, precisamente, o vinte e cinco aniversario do asasinato de Miguel Ángel Blanco, no debate do estado da nación —que é un debate para falar de política, para que os grupos políticos fagan a súa análise, a súa proposta de lectura da situación política e económica nun momento do país—, teño que lamentar que, a diferenza de vostede hoxe, a súa portavoz no Congreso, a señora Cuca Gamarra, en vez de falar nos minutos que tiña para falar do debate do estado da nación —incluso cando xa se tiña protagonizado no seu momento a homenaxe, o minuto de silencio polo asasinato de Miguel Ángel Blanco— resucitase a ETA cun ton... facendo fango e proferindo insultos, unicamente por facer dano. Con ese uso político dunha data tan mportante (*Aplausos*.) —o Goberno, ante a ausencia, consideramos, dun proxecto político— búscase converter a Cámara —nunca máis agardamos que aconteza así— nun mar de insultos e difamacións a propósito de ETA e dun aniversario así.

Así que nós —como diciamos— agradecemos esta iniciativa e votaremos, sen dúbida, a favor. E agardamos que non siga esta estratexia que estamos a ver estes días, non só no debate do estado da nación, porque está acontecendo así ao redor, por exemplo, cando vemos unha noticia que ten que ver coa Lei penal. Hoxe en día non hai política antiterrorista, afortunadamente, porque non existe, porque ETA xa non é unha ameaza. Cando se emprega o achegamento de presos etarras ao País Vasco única e exclusivamente para estar azoutando o Goberno do Estado para facer política, porque non hai máis alternativa, sen diferenciar que hoxe en día, afortunadamente —como dicíamos—, o feito diferencial é que non hai poltica terrorista. Non hai política de Goberno cando falamos de achegamento de presos como ¡si! houbo no pasado, porque afortunadamente ETA non é unha ameaza. Que se teña en conta esa memoria tan importante e sensible das vítimas, que non somos ninguén, que ningún político —nin do Partido Popular, nin do Partido Socialista, nin doutro grupo político— é quen de axenciarse e de falar no seu nome. E cómpre tamén lembralo hoxe aquí.

Afortunadamente, o asasinato de Miguel Ángel Blanco supuxo ese antes e despois na resposta cidadá aos crimes de ETA. ETA foi o grupo terrorista que máis dano causou a este país. E falaba vostede —para rematar tamén—, xa que falamos de memoria da Transición, señor Pardo, de que a memoria é importante, son importantes as vítimas. A verdade e que é absolutamente unha mágoa, ademais, neste ano, que enfronten —que está a enfrontar, desde o Partido Popular, o responsable do seu partido político, o expresidente da xunta de Galicia, o señor Feijóo— ás vítimas do terrorismo coas vítimas da Ditadura e da Guerra Civil, todas elas dignas, merecedoras de xustiza, reparación, memoria e respecto. Porque quero lembrar que

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

durante o debate, a tramitación e a aprobación da Lei de memoria democrática, para desbotar esta lei enfrontan as vítimas; mesturan as vítimas da banda terrorista ETA coas vítimas do franquismo e da Guerra Civil, cando non teñen absolutamente nada que ver, e cando só se está a traballar en recoñecer, resarcir e reparar as vítimas da Ditadura e da Guerra Civil de dignidade e de xustiza, como tamén —como non—, ás vítimas de ETA. Unha lei que só trata de que o Estado se faga responsable —porque esa si que era unha débeda pendente— de exhumar os restos dos milleiros de persoas que aínda están nas cunetas e nas fosas comúns para que as súas familias poidan honralos e pechar esas miles de feridas abertas.

Hai pouco a Asociación 11-M emitía un duro comunicado. Dicía: «Opoñerse á Lei da memoria democrática utilizando como argumento as vítimas do terrorismo é unha utilización partidista novamente do terrorismo que estamos obrigados a denunciar».

E nós rematamos con palabras de Patxi López: «¿Por que enfrontar unhas vítimas con outras?». As vítimas do terrorismo son patrimonio exclusivamente de si mesmas, pero son, efectivamente, un referente de todas e todos, e nós votaremos a favor tamén desta iniciativa para que se manteña viva a memoria das vítimas de ETA, como a de Miguel Ángel Blanco.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor

Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Imaxino que hoxe o Partido Popular decidiu repetir o acordo acadado unanimemente hai, escasamente, catro meses e, sendo así, desde o BNG volveremos tratar o tema, evidentemente, sen problema ningún.

E xa que temos que volver falar do tema, desde o BNG volvemos dicir alto e claro que condenamos a violencia da banda terrorista ETA, ao igual que condenamos calquera tipo de violencia e, por suposto, reclamamos o respecto a todas as vítimas e a necesidade de manter viva na memoria da xente toda a dor causada por ETA, (*Aplausos*.) aínda que teñamos que seguir facendo isto once anos despois da desaparición da banda terrorista.

E facemos isto porque o BNG é unha organización pacifista, que sempre loitou e sempre loitará pola solución pacífica e dialogada de calquera conflito, que condenou e condenará a violencia veña de onde veña e a afecte quen afecte.

E, efectivamente —xa que este é o caso—, ETA fixo moito dano. O asasinato de Miguel Ángel Blanco é unha clara mostra disto, se non a máis importante. Pero, afortunadamente, ETA

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desapareceu hai xa máis de once anos. ETA pasou a ser cousa do pasado en todo o territorio vasco. Ademais, un país que, sen dúbida, mantén os mortos e as mortas na memoria, a todos os mortos e a todas as mortas.

É por esta razón, precisamente, que, ás veces, nos sorprende ver como o Partido Popular segue sacando ETA cada semana —hai meses que con máis asiduidade—, sempre que hai algunha controversia ou sempre que lle vai algo mal nas súas accións ou nos seus debates.

Hai varios casos e bastante recentes. O primeiro, e o máis recente —por poñer varios exemplos—, é que cando en Madrid hai unha manifestación histórica, xigante, contra o desmantelamento da sanidade pública da señora Ayuso, ao día seguinte, desgraciadamente, sae Ayuso falando de ETA e respondendo que é ETA; que se debate no Congreso dos Deputados e das Deputadas as medidas para a crise, o que escolle facer a señora Cuca Gamarra é falar de ETA; que neste Parlamento preguntamos que lle parecía ao Partido Popular a agresión que cometera o alcalde de Ourense —que vostedes puxeron— , e o señor Calvo respóndenos con ETA; que debatemos sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego, quizais no debate máis importante que debe haber neste hemiciclo —que é o debate do estado da nación—, e o expresidente Feijóo respóndenos con ETA. E, ás veces, así, dun xeito constante, repetitivo, cada vez que non atopan argumentos ou que as cousas lles van algo mal, seguen con esa retahíla de ETA, ETA e ETA.

Banalizar tanto sobre a dor provocada por esta banda terrorista ten consecuencias. Dúas claras. A primeira é que un tema tan duro e tan serio que causou tanta dor acaba por transformarse —digamos— nun mero comodín para cando ao PP lle vai mal. Pero, a segunda e máis importante é que con esta postura e con este uso que vostedes fan de ETA ás veces tamén causan dor. E non o digo eu nin o di o BNG, por suposto. Dío alguén que sufriu o horror de ETA ben cerquiña. É que banalizan tanto con isto que, así, xente, como Consuelo Ordóñez, que é a presidenta do Colectivo de Vítimas del Terrorismo —unha persoa que estivo ameazada por ETA, unha persoa á que ETA matou o seu irmán, deputado do seu partido—, chega a dicir, farta da utilización que fan moitas veces disto, que: «*El PP nos utiliza para hacer oposición, intoxica con mentiras e incita al odio*». Isto díxoo este ano.

E, desgraciadamente, sóbrannos os exemplos sobre este tema. Aquí chegamos a ver —nunca se me esquecerá— como, cando traïamos o debate para preguntarlle ao Goberno que pensaba, como ía tratar as numerosas mortes que estaba habendo nas nosas residencias públicas —cando estaban morrendo durante a pandemia anciáns nas nosas residencias públicas—, o expresidente Feijóo respondeunos con ETA. *(Aplausos.)* Iso non fai ningún ben. Iso non fai ningún ben, e non lles fai ningún ben nin a vostedes, nin á sociedade vasca, nin á sociedade galega, nin á sociedade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CASTRO GARCÍA: Pois iso. Iso quedou gravado aquí. E cando lles diciamos que estaba morrendo xente, vostedes respondéronnos con ETA. Ogallá non ocorrese, pero foi o que ocorreu. E iso non lle fai ningún ben —como dicía— nin a vostedes, nin á sociedade galega, nin á sociedade vasca, nin á sociedade española. E iso tamén ten que quedar claro.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, dito isto, xa que hoxe queren volver acordar medidas para manter viva a memoria das vítimas de ETA, especialmente na mocidade —é certo—, a raíz desa enquisa que mostra o gran descoñecemento que hai sobre o tema, pois, por suposto, van ter o apoio do BNG. E van ter o apoio do BNG, porque o BNG sempre condenou e condenará a violencia, todo tipo de violencia. Porque para o BNG a violencia ¡nunca, nunca, nunca! é unha solución. E, sobre todo, porque para o BNG —como mencionaba o propio Partido Popular na súa iniciativa— estas tres palabras, as de «memoria», «dignidade» e «xustiza», son algo imprescindible para as vítimas, para todas as vítimas e, sobre todo, para que a sociedade avance.

Remato. E non quero finalizar sen mencionar este aspecto. Todos e todas as que estamos aquí presentes consideramos necesario que se manteña a memoria das vítimas de ETA, e celebramos que exista este consenso, que, ademais, sempre se dá. Pero, contrariamente e desgraciadamente, é unha pena que cando, en vez de falar das vítimas de ETA, falamos dos asasinatos, das violacións, do xenocidio da ditadura franquista e cando falamos de manter a memoria de miles e miles de persoas que foron asasinadas, mortos e mortas, exiliados e exiliadas, mulleres violadas, ese consenso, de repente, esvaécese. E non se esvaece porque si, esvaécese porque o PP decide dar un paso ao seu carón. E, cando ocorre iso, temos o expresidente Feijóo que, de repente, di que «agora non hai que falar de mortos». E cando eses consensos se esvaecen pasa que, por exemplo, cando se fala do que foi a ditadura franquista para o expresidente Feijóo, di que iso foron «*peleas de nuestros abuelos*». E iso é o que, desgraciadamente, temos que dicir desde o BNG: que ogallá ese consenso fose para todas as vítimas.

Remato coas súas propias palabras: «memoria», «dignidade» e «xustiza» —¡sempre, sempre, sempre!— para todos e para todas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Pardo.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor Castro, penso que vostede se equivocou no seu plantexamento desta intervención. Eu, por respecto á importancia do que estamos a tratar, por respecto ás vítimas, non vou entrar nas súas falacias e nas súas provocacións. ¡Alá vostede! *(Aplausos.)* E sabe que podería sacar aquí moitos temas dos que sei que se avergonzan e que explican o seu plantexamento e o ton do seu discurso. Pero, non o vou facer.

Señorías, comentaba na miña primeira intervención a importancia de manter viva a memoria das máis de 800 vítimas do terrorismo de ETA, porque manter o legado de todas elas é manter un dos piares da construción da nosa democracia.

A importancia da figura de Miguel Ángel Blanco, que, ademais —como saben—, foi fillo de emigrantes galegos en Euskadi, supuxo un punto de inflexión na reacción social contra o

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

terrorismo de ETA. Unha reacción que deu lugar ao nacemento do «espírito de Ermua» e que uniu toda España ao redor dun berro: «¡Basta xa!».

Miguel Ángel Blanco é símbolo de liberdade. Por iso, non podemos permanecer impasibles ante os datos que arroxaba o estudo que citaba antes, no que tristemente se destacaba que o 95 % dos españois non coñece o número de vítimas de ETA; que o 60 % da mocidade non sabe quen foi Miguel Ángel Blanco; que o 70 % descoñece que Ortega Lara foi o secuestro máis longo da banda terrorista; ou que o 68 % da mocidade recoñece que nunca estudou nin no colexio ni na universidade a historia do terrorismo etarra.

Por iso, neste ano, no que recordamos o tráxico vixésimo quinto aniversario do secuestro e asasinato do concelleiro de Ermua, Miguel Ángel Blanco, ou o vixésimo segundo aniversario do asasinato do exministro socialista de Sanidade Ernest Lluch, hai que actuar para que o legado deles e das 835 vítimas ás que o terrorismo lles arrebatou a vida sigan estando presentes na nosa memoria. Para todos eles reclamamos memoria, dignidade e xustiza. *(Aplausos.)*

O recordo de Miguel Ángel Blanco e da dignidade coa que actuou a súa familia débennos animar a non ocultar o que ocorreu, xa que temos que ser honestos co acontecido por respecto á súa memoria. Por iso, non debemos caer nunha equidistancia na que nos queren meter os que tratan de reescribir aqueles anos; unha equidistancia que trata de equiparar asasinos con asasinados; unha equidistancia que quere branquear un terrorismo que tratou de impoñer medo entre a sociedade vasca, instaurando a ditadura do terror. Neste tema non se trata de facer relatos, senón de coñecer ata o final o que de verdade ocorreu.

Señorías, tamén quero aproveitar para expresar o orgullo que teño de formar parte dun partido no que militaron Miguel Ángel Blanco, Gregorio Ordóñez, Alberto Jiménez Becerril, Ascensión García Ortiz ou José María Martín Carpena, entre outros moitos, que, por defender unhas ideas, foron vilmente asasinados pola barbarie etarra. Un sentimento que sei que tamén é compartido polos membros do Partido Socialista, que tamén tiveron que despedir compañeiros como Ernest Lluch, Francisco Tomás y Valiente ou Isaías Carrasco, entre moitos outros, que tamén foron asasinados por defender a liberdade fronte á violencia.

Todos nós, como demócratas, temos a obriga de manter viva a súa memoria e o espírito de Ermua, xa que, se non segue vivo, gañan os que tratan de reescribir con equidistancia unha historia que é un puntal na nosa memoria democrática. É manter viva a historia do noso país, á que non imos renunciar, nin imos permitir que se cambie ou se manipule. Unha memoria que ten que ser un factor de unidade ao redor duns valores fronte aos que buscan e perseguen o enfrontamento e o rancor. Unha memoria de todos os corpos e forzas de seguridade do Estado, da Ertzaintza, dos periodistas, dos funcionarios de prisións, dos xuíces ou dos políticos que lle plantaron cara naqueles momentos tan duros a ETA.

Por iso, quero rematar volvendo traer a colación esa declaración institucional que aprobamos todos os grupos nesta Cámara na que expresabamos o noso recoñecemento a Miguel Ángel Blanco e aos máis dos 800 asasinados pola banda terrorista ETA, así como a todas as vítimas do terrorismo. Reclamamos o compromiso de todas as administracións públicas para que o

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seu legado no caia no esquecemento, pois cada un deses homes e mulleres forman parte imprescindible da historia do noso país.

Para todas e todos eles reclamamos, unha vez máis, memoria, dignidade e xustiza. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para articular un plan de axudas ás pequenas e medianas industrias e ás persoas autónomas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Non son bos tempos para os traballadores por conta propia da Galiza, e así o amosan os datos estatísticos, que poden ser fríos —xa o dixen moitas veces—, pero tamén son necesarios para calquera análise seria e responsábel. E, sobre todo, o que son os datos é teimudos. E son os datos de afiliación ao réxime especial de traballadores autónomos os que confirman que o emprego autónomo na Galiza pasa por momentos extremadamente delicados.

Se poñemos o foco na afiliación, observamos como en agosto deste ano se deron de baixa do réxime especial 915 cotizantes. En setembro tamén baixou o número de persoas afiliadas ao RETA no noso país, un 0,3 % menos de autónomos que no mes anterior. No mes seguinte, en outubro —mes no que rexistramos esta iniciativa—, Galiza continuou a perder afiliados ao RETA, 245 menos que en setembro.

¿Isto que implica? Que hai tres meses de perda de emprego autónomo, que contrasta, ademais —e aí quizais está o máis preocupante—, coa tendencia estatal. No contexto do Estado, as pequenas empresas e os autónomos están a aguantar do emprego, a pesar das dificultades que atravesan e da situación de absoluta inestabilidade económica que estamos a vivir.

Así, mentres o número de persoas autónomas descendeu na Galiza no mes de setembro e outubro, no resto do Estado aumentou o número total de cotizantes ao réxime especial. Unha tendencia negativa que un Goberno responsábel analizaría para atopar o porqué e para intentar poñerlle solución, máxime cando chove sobre mollado. E explícome. Falei dos datos dos meses de setembro e de outubro, pero, se facemos unha análise en cómputo anual, os datos tamén son negativos en canto á afiliación. É certo que estamos a falar dun sector que foi dos máis afectados polas consecuencias derivadas da pandemia, que, despois, sen solución de continuidade, sufriu o encarecemento exponencial dos fretes e das subministracións,

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un proceso inflacionario nunca visto e unha suba desbocada e xeneralizada dos prezos, que condiciona, cando non impide, manter a actividade.

Esa especial afectación ten un reflexo estatístico. Se analizamos a evolución da afiliación tomando o período que vai de decembro do ano 2021 a setembro deste ano, observamos como Galiza perdeu 2.596 afiliados ao RETA, o que supón un descenso porcentual do 1,2 %, fronte á media estatal, que perdeu porcentualmente un 0,2 %, sendo superados neste caso os nosos números por Melilla e por Ceuta, cun descenso do número de persoas autónomas nese período de 3,2 % e 2 % respectivamente, e pola Rioxa, na que hai un descenso do 1,4 %. Esta é a liga na que xogamos en canto a emprego autónomo: cuartos pola cola.

O descenso de autónomos neste período no noso país foi uniforme, ademais, nas catro provincias. Pero, ademais, é que xa antes da pandemia e na deriva inflacionista posterior a situación do sector era preocupante en canto a datos de afiliación. E voulles dar, señores deputados e deputadas do PP, máis datos, que sei que sempre recorren a eles e que lles gustan moito. Este casualmente é do ano 2009, ata este mesmo ano, é dicir, dende que o Partido Popular está no Goberno galego. ¿Saben cantas persoas autónomas menos hai no noso país dende o ano 2009 ata a actualidade? 23.000 autónomos menos. ¿Que conclusión poderiamos sacar deste dato? Eu creo que está bastante claro: que as medidas adoptadas até o de agora polo Goberno galego foron incapaces de cauterizar a sangría constante de peches de pequenos e medianos comercios e o descenso de afiliación ao RETA, resultando significativo que en todo este período en ningunha anualidade, agás no ano 2021, aumentou o número de empregados neste réxime.

Os sectores onde máis baixas hai é na hostalaría e no comercio. Por exemplo, só no que vai do ano 2022 no noso país pecharon definitivamente 1.405 comercios retallistas, co agravante de que, como aconteceu xa en agosto, o comercio retallista galego rexistrou unha diminución das súas vendas dun 0,3 %, e —o que é máis grave— fronte a un incremento anual que se produciu no Estado español, un 0,8 % máis, en relación co mesmo mes do ano 2021.

Xa en agosto, a ATA, a ATA Galiza, a Federación de Asociacións de Traballadores Autónomos, alertaba da perda de trinta afiliados diarios ao mes ao RETA. Anunciaba meses complicados para o emprego autónomo, polo que demandaba unha resposta conxunta do Goberno galego e do resto de administracións para pór en marcha medidas de carácter urxente que axudasen a reverter a situación. Isto xa foi no mes de agosto.

Unha situación grave que pode definirse xa como unha crise estrutural do emprego autónomo no noso país. Porque, alén da perda constante de cotizantes no réxime especial, o sector enfróntase dende hai a outros problemas tamén moi graves.

Un deses problemas, que xa denunciamos aquí hai uns meses, é a porcentaxe de falsos autónomos. Segundo o informe GEM Galiza, do Observatorio de Emprendemento do noso país, relativo aos anos 2020 e 2021, contamos con arredor de 20.000 persoas que se autoempregan para permanecer no mercado laboral ou que recorren a esta figura para seguir ligadas a unha empresa, a custa loxicamente de perder os seus dereitos laborais. Son, en suma, autónomos involuntarios; e dío o GEM, non o di o BNG.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outro dos problemas que sofren as persoas autónomas deste país é a perda de poder adquisitivo, sobre todo a raíz da pandemia. Segundo un informe do Banco de España, en maio do ano 2020 máis dun terzo dos traballadores autónomos con menos rendementos perderon o 46 % dos seus ingresos, só conseguindo recuperar a finais dese mesmo ano un 17 % das perdas totais acumuladas. O regulador estatal conclúe nese informe que os traballadores por conta propia perderon máis ingresos pola pandemia que un asalariado, un parado ou un xubilado.

Todo isto explica o proceso de empobrecemento dos traballadores por conta propia, que xa vén de lonxe pero que dende logo se acentuou nos últimos anos na Galiza. Por iso, as pensións tamén dos autónomos galegos son as máis baixas do Estado.

É innegábel que a precariedade bate forte no emprego autónomo galego dende hai anos. Con todos estes antecedentes, a pandemia e todo o que veu despois, supuxo que o sector do emprego autónomo galego teña que afrontar unha crise económica que sufrimos nunha posición, dende logo, nada vantaxosa. A crise vai ser global —iso sen dúbida—, pero cando e como saír dela vai depender da situación da que partamos, e as persoas autónomas galegas, desgraciadamente, parten dunha situación de desvantaxe en relación co resto do Estado.

Un informe ademais do Ministerio de Traballo alertaba da fraxilidade que atravesaba o colectivo en todo o Estado. E segundo ese informe descende o número de autónomos, pero a baixada máis significativa é a dos autónomos cun só traballador ou con dous ou tres traballadores asalariados.

Vostedes saben, señoras e señores do PP, igual ca min, que o 90 % do ecosistema de traballo autónomo galego está constituído por autónomos sen empregados ou con un ou dous empregados. Polo tanto, a fraxilidade do ecosistema autónomo galego é maior que a do Estado. En trece anos de Goberno Popular non foron capaces de mellorar a empregabilidade e darlle estabilidade ao traballo autónomo. Todos e cada un dos programas dirixidos ao emprego autónomo que anunciou o Goberno galego nestes trece anos non foron capaces de reverter a perda constante de autónomos no noso país, non foron capaces de resolver o grave problema dos falsos autónomos, non foron capaces de compensar a perda de poder adquisitivo da maioría das persoas autónomas deste país, e, por iso, as pensións dos autónomos galegos —repito— son as máis baixas do Estado.

Neste contexto é como as persoas autónomas galegas teñen que enfrontar a crise económica, que xa é inevitábel e que xa estamos vendo, e nese contexto algunha corresponsabilidade —entendo eu— terá o Goberno galego do Partido Popular. Atendendo ao que amosan as estatísticas de evolución de afiliación e a dramática situación que están pasando milleiros de pequenas e medianas empresas e autónomos deste país, o Goberno galego debe abandonar dunha vez por todas a pasividade e poñerse á fronte para axudar o sector nunhas circunstancias que son de máxima dificultade. Iso pasa, en primeiro lugar, por articular no inmediato axudas directas para paliar os efectos do prezo da enerxía e dos carburantes, que están afogando e condicionando a actividade ordinaria de milleiros de pequenas empresas e autónomos do noso país. E, a moi curto prazo, tamén é necesario un auténtico plan de choque, consensuado coa totalidade do sector, que recolla orzamentos suficientes e uns criterios que faciliten o acceso ás posibles axudas, que son sobre todo pequenas e medianas empresas.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Plan Impacto autónomo, anunciado polo Goberno galego, desgraciadamente eu creo que vai ser insuficiente e chegará tarde para miles de negocios do noso país. Porque o que realmente está afogando a maioría de autónomos e pemes do noso país é o prezo da electricidade, das materias primas e dos fletes; precisan axudas directas e inmediatas agora e non dentro de dous meses nin de tres. Á parte, necesitan tamén un plan contundente dende o punto de vista orzamentario que lles permita pagar os recibos da luz, as subministracións e os materiais que precisan para a súa actividade; compensar o incremento brutal do prezo de enerxía das materias primas.

Ante a maior crise inflacionista enerxética dos últimos corenta anos, o Goberno galego, xa co señor Rueda á fronte, non adoptou nin unha soa liña de axudas directas para compensar o aumento do gasto enerxético e o encarecemento das subministracións necesarias para a actividade.

Por iso, traemos esta iniciativa, que o que persegue é proporcionar algo de alento ás persoas autónomas deste país, a través, en primeiro lugar, de axudas directas e inmediatas para compensar esa suba da electricidade; consensuar con todo o sector, non soamente coas grandes asociacións, senón tamén coas pequenas asociacións e coas provinciais, incluso locais, que son as que coñecen a realidade dos seus socios, un auténtico plan que vaia dirixido a aqueles negocios que pola súa tipoloxía máis sofren pola suba de enerxía e da suba das materias primas; un plan que debería explorar as posibles aportacións doutras administracións —claro que si—, para que gañen músculo orzamentario e sexa un plan realmente efectivo; un plan que, como dicía hoxe un veciño meu que é autónomo e que ademais ten empregados, debe ter en conta os máis pequenos; está ben escoitar as asociacións máis representativas pero tamén é importante, ou debería selo, escoitar os máis pequenos. Porque son eles, os pequenos autónomos, os pequenos negocios familiares, os que dinamizan as nosas aldeas, as nosas vilas e as nosas cidades, os que xeran emprego e riqueza, fixan poboación e non ceden á deslocalización.

Por iso, pedimos o apoio unánime neste caso dos grupos da Cámara para intentar aliviar, na medida do posíbel, a delicada situación que están a vivir os autónomos do noso país.

Nada máis pola miña parte. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pérez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señores e señoras deputadas e deputados do Parlamento de Galicia.

Eu creo que esta proposición que trae o Bloque Nacionalista Galego pois volve poñer o dedo na ferida da política económica, da política industrial, da política que fai o Goberno da Xunta de Galicia para o tecido produtivo do país. E nós temos que preguntarlle ao Goberno do Partido Popular que medidas ten tomado, que medidas está tomando e que medidas vai adoptar

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para apoiar o tecido produtivo do noso país despois de que, a través dun proceso de cambio na xeopolítica internacional pola guerra de Ucraína, dunha crise enerxética e dunha inflación de custos, o tecido produtivo galego estea tamén sufrindo unha situación máis delicada e máis complexa; que medidas están tomando, que medidas van tomar, que medidas lles dan vostedes ás pequenas e medianas empresas e aos autónomos do noso país; que respostas lles dan a aqueles autónomos que non chegan a fin de mes, aqueles que ven pechar o seu negocio, a súa actividade. ¿Hai un goberno da Xunta a carón dos autónomos do país ou hai un goberno da Xunta ensimesmado nas políticas do Partido Popular, sen ter a capacidade de drenar os recursos coas medidas e cos plans necesarios para poder fortalecer e revitalizar o noso tecido produtivo?

É certo que ao longo de todos estes anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia caeu a poboación ocupada e ademais caeu tamén o número de persoas autónomas no noso mercado laboral. Se vemos os datos de máis curto prazo, podemos dicir que a metade das empresas pecha aos cinco anos da súa creación, segundo os informes que acompañaron a elaboración do Plan estratéxico de Galicia. Antes da chegada da covid, só sobrevivía o 46,7 % das empresas galegas creadas cinco anos antes. É dicir, que antes de que a pandemia mudara tantas cousas, había xa un problema na taxa de supervivencia do empresariado galego; soamente sobrevivía o 46 % aos cinco anos da súa creación, e ese é un dato que ten que preocupar para a política económica.

Entre 2015 e 2019 as pemes aguantaron mellor que os autónomos, porque sobreviviron o 69 % das pemes galegas entre 2015 e 2019, pero soamente sobreviviu o 37 % dos autónomos neses anos previos á pandemia. E parte da receita xa a coñeciamos entón: máis innovación, aumentar o tamaño medio das empresas e das pequenas e medianas empresas, maior produtividade, modernización, afrontar o reto da transición, internacionalización. Temos as competencias do autogoberno para facer estas cuestións.

E había un déficit que cumprir con ese tecido produtivo de Galicia, que foi aínda maior cando chegou a fase da pandemia. Porque o certo é que, como di o Informe Hiscox, que vou ler textualmente, a saída das pemes da pandemia foi dura en Galicia, especialmente dura. En canto á evolución durante a covid, en Galicia as empresas que máis sufriron foron as pequenas e medianas, cunha caída do 6,3 e 6,9 respectivamente, sendo o comercio e a construción os sectores máis afectados. Cabe destacar a caída dun 12,8 % das empresas medianas en Lugo e dun 8,6 % das empresas pequenas en Ourense.

Hai un tecido produtivo que ten dificultades, que as tiña antes da pandemia, que as tivo con especial crueza na pandemia, na etapa de confinamento, de paralización da actividade económica, e que as segue tendo. É que, cando tras a covid iniciabamos a fase de recuperación, o novo escenario marca un novo tempo, no que o Goberno da Xunta de Galicia ten que dicir se vai impulsar a actividade produtiva do noso país, se vai acompañar o tecido produtivo, as pequenas e medianas empresas na súas dificultades, ou se van seguir sendo un goberno de brazos caídos, un goberno ausente que nin está nin se lle espera.

E hai que acertar tamén á hora de determinar o nivel de actuación. Porque é moi importante apoiar o tecido produtivo e a cidadanía en momentos de crise, polo crecemento dos prezos,

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pero tamén hai que evitar caer en espirais inflacionistas que poidan acabar xerando unha taxa crecente e que poida chegar a ter maiores dificultades.

A economía galega ten neste momento dificultades e debilidades, é algo común ao conxunto das economías da nosa contorna, pero non o podemos esquecer. Segundo o último informe da Airef, hai unha desaceleración especialmente forte na economía galega. O PIB galego creceu un 2,8 % no terceiro trimestre, por debaixo da media de España, que creceu un 3,8 % —Galicia, un punto menos—, entre o terceiro trimestre do 2021 e do 2022. Pero, ademais, se analizamos a variación intertrimestral, vemos como en Galicia entre o segundo e o terceiro trimestre a economía galega neste ano soamente creceu unha décima, nun momento no que a economía española creceu dúas décimas, e nun momento no que o nivel de recesión en tantas economía pon tamén a economía española nunha situación de dificultades para dous trimestres nos que pode haber taxas de crecemento que estean próximas a un nivel de crecemento plano ou de recesión técnica. E, polo tanto, temos que ter todas as alarmas acendidas, porque, ademais de saber as dificultades que hai pola desaceleración, tamén sabemos que en Galicia temos un nivel de inflación que segue sendo especialmente alto. A inflación galega cae ata o 7,8 % no mes de outubro, pero en España é dun 7,3 %, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística. Seguimos tendo unha inflación especialmente alta, nun contexto no que o Banco Central Europeo ten establecido unha suba de tipos de interese e onde ademais hai un incremento dos custos de enerxía comparado cos prezos que existían hai un ano, a pesar de todos os esforzos e traballos que fai o Goberno de España para conseguir paliar ese crecemento.

Hai máis de 200.000 persoas afiliadas en Galicia no réxime especial de traballadores autónomos, pero cae o número de autónomos; caeu en todos os mandatos do Partido Popular ata o de agora, pero ademais agora é algo que ten que ser especialmente atendido. Porque, mentres a afiliación de autónomos en España segue desacelerándose, en España hai unha taxa de crecemento dos autónomos cada vez menor, pero aínda os números son positivos. Pero en Galicia non. No mes de setembro o número de persoas afiliadas no réxime especial de traballadores autónomos caeu en 618 e 184 no mes de outubro, mentres en España aínda temos resultados positivos.

Galicia está na cola das comunidades autónomas na evolución da afiliación de autónomos. E, polo tanto, nun escenario no que, ademais, a maioría dos autónomos en Galicia cotizan pola base mínima, hai que tomar medidas.

Quérolles dar algúns datos por exemplo das pemes galegas. O 68 % das pemes —non é de estrañar— en Galicia sinala que a inflación as afecta severamente, seriamente; só un 4 % das pemes din non estar afectadas. E este é un dato chamativo, nun momento no que un 43,4 % das pemes galegas prevé problemas de continuidade do negocio e caída da actividade pola falta de pedidos.

É un momento, polo tanto, no que temos que atender unha situación na que ademais o 21 % das pemes galegas pediron préstamos ICO para novas inversións e melloras, e, mentres un 63 % espera poder devolver o préstamo a tempo, o certo é que hai un 44 % que cre que non poderá devolver en tempo e forma e que terá que acudir a un refinanciamento da débeda ou a unha reestruturación.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O escenario, polo tanto, é complexo, e é o momento de tomar medidas, de poder debater cales son as medidas, de se ten que ser unha tarifa lineal para todo o tecido produtivo de pemes e de autónomos ou se podemos discriminar, en función de cada sector, en función das necesidades ou dos incrementos de custos, a contía que lles temos que intentar respaldar para o incremento de custos pola vía inflacionaria.

Pero, sen dúbida, é o momento de afondar nesta cuestión, de abordar un plan de choque, de establecer o diálogo e de que o Partido Popular faga algo. Seguimos tendo un goberno ausente. O Goberno do Partido Popular é un goberno que, cando as cousas van ben, intenta poñerse medallas pero que, cando as cousas teñen dificultades, nin dá respostas nin dá solucións. E ese é o reto que ten o Goberno do señor Rueda, o Goberno ausente do señor Rueda, o Goberno dun Partido Popular que ten que empezar a definir unha política económica para que Galicia deixe de estar cada vez máis atrás no peso relativo que ten a economía galega en España e do peso relativo que ten a poboación ocupada de Galicia no conxunto de España, e aínda de forma máis agravante o peso que ten a poboación de traballadores autónomos en Galicia dentro do conxunto estatal.

É o momento de tomar medidas, e dende o PSdeG queremos sinalar que esta proposición non de lei lle pon deberes ao Goberno da Xunta: que reaccionen, que recollan o guante que nós presentamos xa de forma constante tamén na Comisión de Economía para que tomen medidas para sacar adiante o tecido. Témoslle que pedir ao Partido Popular que, cando cada un dos membros do Goberno galego vai ao seu panadeiro ou vai mercar unha cuestión cerca da súa casa, ou vai un autónomo á súa casa darlle unha solución, que lles dea unha resposta ás dificultades económicas que teñen; que non se poñan de perfil, que asuman que son o Goberno de Galicia, que Galicia merece un goberno; que os autónomos do noso país están esperando polas respostas que vostedes nos dan. E cando teñen o maior orzamento da historia de Galicia e están tan cheos e tan orgullosos dese feito, ¿cales son as medidas reais que a partir dende xa mesmo poden ter os autónomos do noso país para ter axudas dun goberno que ten competencias en materias económicas e industriais?

Pois o que lles din é que non teñen nada, é o folio en branco, o sen resposta, a escapada cara a adiante e non dar unha política económica de apoio ao tecido produtivo. Ou apoiamos o tecido produtivo ou sairemos destas dificultades con menos autónomos, con menos peso económico en Galicia, con menos poboación ocupada, unha Galicia minguante que vai a menos. Eu, dende logo, prefiro que o Partido Popular rectifique e opte con ambición, con ganas, con contundencia, por unha Galicia que vai a máis, por un goberno que apoie os galegos e galegas en momentos de dificultades.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Caballero.

Polo Partido Popular, ten a palabra a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde de novo.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas, presidenta.

Señor Pérez, pérdense no relato —sinto dicirllo—, pérdense no relato ao falar de ocupación e ao falar do emprego en Galicia. Xa non digo nada da lección maxistral que nos deu o señor Caballero hai uns momentos desde esta tribuna. Pero teño que recoñecerlle, señor Pérez, unha certa habilidade para manipular a realidade a través da palabra. Estoume a referir á lectura interesada que fixo dos datos do emprego do mes de setembro no noso país, que o que evidencian ao final, se vostede fixera a lectura no seu conxunto —o que pasa é que sei que non lles gusta e por iso non o din—, é que Galicia rexistrou a cifra de paro máis baixa dun mes de setembro de toda a serie histórica, e iso é certo.

E os datos da EPA do terceiro trimestre, señor Pérez, que non son datos que fabrique o Partido Popular e, por tanto, non son sospeitosos, tamén reflicten que Galicia conta nestes momentos con menos parados que a media estatal, con máis emprego e de maior calidade que a media estatal e con máis emprego feminino. Hoxe, que estamos a falar das mulleres, paréceme importante mencionalo.

Agora imos falar dos autónomos. Pero cando un fala dos datos de emprego, hai que falar do conxunto dos datos de emprego. E daría para outro debate —do que estou segura de que tampouco lles interesa falar— por que se está a incrementar a poboación activa en Galicia. Pode ser por moitos factores. Ao mellor —ocórreseme, é unha ocorrencia miña, non digo que teña que ser certo— porque as políticas de conciliación implantadas polo presidente Rueda están a funcionar; e ao mellor non queren falar diso, a ver se o vai estar facendo ben o Partido Popular. Ou ao mellor a gratuidade das escolas infantís está a ser, ademais dunha medida pioneira de todo Estado, un revulsivo para a reincorporación das mulleres ao mercado laboral. Cando queiran, debatemos iso.

En Galicia, afortunadamente, señor Caballero, e grazas á boa xestión da Xunta de Galicia, saímos mellor da pandemia que noutras comunidades, e o ciclo de creación especial de emprego, polo tanto, ten unha menor repercusión. E iso non é malo, exactamente é todo o contrario.

Esta é a lectura real, aínda que non lles interese afondar nela, dos datos que vostedes están a manexar hoxe. E iso é o que verdadeiramente lles importa aos cidadáns: que as medidas que está adoptar o Goberno galego en materia de emprego están a ser útiles, pese a todas as decisións, señor Caballero, que se están a levar a cabo dende o Goberno do Estado, por exemplo en materia de enerxía, do que falou o señor Pérez, e que non fan máis que prexudicar un ano e outro ano a industria galega.

Mire, señor Caballero, o que está a afondar na ferida dos autónomos é o Partido Socialista, ¡eh! Eu penso que debería reflexionar sobre o que dixo hoxe nesta tribuna.

E temos escoitado neste hemiciclo teorías de todo tipo por parte do Bloque Nacionalista Galego para intentar venderlles ás galegas e aos galegos que o nacionalismo galego é o posuidor da receita máxica coa que salvar a humanidade. Temos escoitado a tarifa eléctrica galega, o ente ferroviario galego, os médicos *low cost* cos que o Bloque Nacionalista Galego pretende

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

resolver a falta de especialistas a nivel estatal en atención primaria. Ás veces, de verdade, fan unhas operacións aritméticas que son dignas dun estudo, dunha tese doutoral, e hoxe tócalles o turno aos autónomos do noso país.

E, antes de nada, gustaríame facerlle unha pregunta, señor Pérez. Dígolle: ¿por que 300 euros é o que temos que darlles dende a Xunta, o que ten que darlles o Goberno galego aos autónomos? ¿Por que 300 euros e non 150 ou 500? Está escrito na súa petición, aínda que vostede non o mencionara. ¿Por que 300 e non 150 ou por que non 500 ou por que non 600? Díganos de onde saca o Bloque Nacionalista Galego que con 300 euros —e digo literal, como vostedes escribiron— se evitaría que milleiros de autónomos queden na ruína nos vindeiros meses; está posto na súa exposición de motivos; eu lino literal. Díganos se sae dun estudo exhaustivo, como o que fixeron cos salarios dos profesionais sanitarios, se sae da improvisación ou se sae da necesidade de confrontar sen ningún tipo de rigor e sen mencionar, porque, se as menciona, cáelle o seu discurso, todas as medidas que está a implementar o Goberno galego para axudar as empresas, para axudar os autónomos e para axudar a familias que non é que non cheguen a final de mes, senón que moitas teñen traballo para chegar a mediados de mes, señorías, e que non merecen que ningún grupo desta cámara nin as manipule nin faga demagoxia cunha situación tan delicada.

Señor Pérez, o Goberno galego non ten que abandonar a súa pasividade e poñerse á fronte, porque nunca estivo pasivo neste tema. Polo tanto, dende o Grupo do Partido Popular non podemos apoiar unha iniciativa porque entón seriamos cómplices do engano do Bloque Nacionalista Galego ás galegas e aos galegos.

Porque na mesma iniciativa nos piden unha cousa e nos piden a contraria. Vostede fixo unha análise dos datos, como lle pareceu, estupendo, pero na iniciativa o que nos piden é unha cousa e a contraria. De xeito inmediato, no primeiro punto, unha axuda de 300 euros, porque se lle ocorreu. E, despois, no segundo punto, con carácter urxente, que é menos que inmediato, un plan de choque que consensúe os criterios para o acceso a estas axudas e que incorpore —¡atención, señorías!— as posibles aportacións doutras administracións. ¡Vaia rigor o do Bloque Nacionalista Galego! Queren venderlles aos autónomos que están a traballar por eles, facendo un plan que de realista ten cero, cero de realista. Pídenlle ao Goberno galego que faga un plan para os autónomos que non incorpore realidades, que incorpore posibles aportacións doutras administracións. Eu penso que quedaba mellor dicíndolles aos autónomos neste país que lles escribisen unha carta aos Reis Magos e que esperaran ao mes de xaneiro ao que lles traian.

Pero mire, fronte á falta de rigor a que nos teñen acostumados os dous grupos, Galicia ten goberno, señor Caballero, e na liña que veu mantendo ata o de agora este goberno de seguir por unha senda de máis e de mellor emprego na nosa comunidade xa ten folla de ruta; unha folla de ruta medida e orzada con criterios técnicos, e non con demagoxia política, para dar solucións, apoiar e axudar as máis de 215.000 mulleres e homes no noso país que son persoas traballadoras autónomas e representan o 20,5 % do total das afiliacións.

Apoialos ao inicio da actividade, cando queiran poñer en marcha os seus negocios. 12 millóns na promoción do emprego autónomo. 1,5 millóns para o programa Nova oportunidade, por-

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que hai traballadores que xa tiveron unha experiencia que non tiveron o éxito que esperaban e aos que hai que apoiar facilitándolles unha segunda oportunidade empresarial. Ou para aqueles que precisan mudar de actividade económica. Apoios para axudar a consolidar ese emprego autónomo e axudalos a medrar, 30 millóns de euros. E, señor Pérez, para o novo programa Impacto autónomo, co que vostede cre que non se lles van resolver os problemas aos autónomos, pero si os imos axudar dende o Goberno galego. Ímolos axudar a que poidan facer fronte a minimizar o impacto da suba dos custos en materias primas, que vostede non o mencionou, e dos custos enerxéticos, que están a afectar e están a condicionar a súa actividade económica.

Eu supoño que na súa segunda intervención terá algo que dicirme no momento en que lle acabo de demostrar que o Goberno galego, xestionando e con medidas reais, vai moito por diante do que o Bloque Nacionalista Galego con promesas electorais, señor Pérez.

Porque mire, con esta medida de Impacto autónomo, estímase que se vai apoiar a viabilidade dos negocios de 25.000 profesionais autónomos con rendas medias e promedios baixos para o mantemento da súa actividade ante o actual contexto económico, con axudas medias de 1.200 euros por autónomo.

¿E vostede dime que non lle valen 1.200 euros, dime que non lle vale este programa e vostede estame pedindo 300? A verdade é que ten pouco rigor nas súas peticións.

É un programa, señor Pérez, que foi pactado coas asociacións de autónomos de Galicia. Porque os cartos públicos teñen que ir *(Murmurios.)*... Señor Pérez, mire: *(A señora López Pérez fai un aceno con tres dedos)*. Porque os cartos públicos teñen que chegar a quen máis o necesita. Eu sigo sen entender por que vostede me di que son insuficientes 30 millóns de euros cando vostedes nos piden só 300.

Pero mire, hai autónomos no noso país que necesitan mellorar a súa competitividade, e para iso o Goberno galego ten 8 millóns de euros dispoñibles a través do bono autónomo. Ou autónomos que necesitan contratar traballadores, porque non todos teñen as mesmas necesidades; 1,3 millóns de euros para a contratación indefinida do primeiro, do segundo ou do terceiro traballador. Ou 1 millón de euros para o apoio á conciliación destes traballadores, porque o Goberno galego ten que atender ás necesidades de todo o sector, señor Pérez.

Pero é que, ademais de prestar atención aos traballadores autónomos, neste vindeiro ano o Goberno galego potenciará, como nunca antes o fixo, o emprendemento. De feito, na nova estrutura da Consellería de Emprego hai unha nova Dirección Xeral de Emprendemento, para mellorar a coordinación de todos os recursos existentes a nivel autonómico, e para iso contará este ano con 18,2 millóns de euros, que entre outras medidas —que non me dá tempo de mencionarlle agora— permitirán despregar a rede de polos de emprendemento, que xa se iniciou neste ano e que sumará un total de doce polos distribuídos por toda a xeografía galega no vindeiro ano 2023.

E todas as medidas das que lle estou a falar —e cando digo medidas falo de estratexias e plans— están debatidas e consensuadas na Mesa do Emprego Autónomo. Porque o Goberno

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

galego ten unha folla de ruta clara e realista para axudar e apoiar os autónomos do noso país, unha folla de ruta realista, rigorosa e orzada do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...—remato agora, presidenta—, fronte a unha carta aos Reis Magos do Bloque Nacionalista Galego.

E remato xa cun refrán moi vello pero moi acaído para a iniciativa de hoxe vendo o que pide nesta cámara o Bloque Nacionalista Galego: señorías, unha cousa é predicar e outra cousa é dar trigo. Vostedes son o exemplo perfecto de predicar e o presidente Rueda e o Goberno galego son o exemplo perfecto de dar trigo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Pérez.

Para pechar este debate, ten a palabra o autor da proposición non de lei, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidenta.

Señora Pérez, eu voume intentar centrar no tema dos autónomos, porque na súa... *(Murmurios.)* Non, non é verdade, non diga que non. Adicoulle vostede —porque os medín— oito minutos a falar de todo menos dos autónomos deste país, nunha iniciativa que versa única e exclusivamente sobre o emprego autónomo. *(Aplausos.)* Cada un saberá como enfoca as cousas. Ao mellor o relato e a manipulación está máis desa bancada que desta. *(Aplausos.)*

Claro, é que ao final imos ter que ler todas as iniciativas antes de vilas discutir aquí, porque se vostede me di que eu me contradigo...; é dicir, nós pedimos unha axuda directa de 300 euros, puntual e inmediata, inmediata, para axudar na medida do posible a socorrer os autónomos que teñen problemas sobre todo cos prezos da enerxía. E, dende logo, vostede ten todo o dereito a parecerlle pouco 300 euros, pero 300 euros son 300 euros máis do que aportou o Goberno galego neste caso para axudar os autónomos dende que comezou a crise de prezos enerxética. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, nós do que falamos aquí é de constituír unha mesa de traballo na que estea representada a totalidade do sector. Está moi ben que estean esas dúas, tres —equivoqueime, ¿verdade?, tiña vostede razón: eran tres— asociacións, pero tamén é moi interesante que estiveran outras asociacións, máis pequenas, máis locais, que son as que coñecen de man directa cales son os problemas dos seus asociados, e que non se teñen en conta e que non se senten moitas veces representadas nesa mesa de negociación. Un plan, ademais, que, cando chegue, van pasar varios meses, e en tres meses vai supoñer que van pechar moitísimos máis negocios. Iso é así.

Polo tanto, insisto: ¿os 300 euros? Si; oxalá puideran ser moitos máis, claro que si. Pero, dende logo, é moito máis do que aportou o Goberno do señor Rueda.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E entendiamos que con esta iniciativa ¿que é o que buscabamos, basicamente? Pois eu creo que era o momento de debater; vostede aquí non debateu nada. E insisto: non falou nin sequera dos autónomos, adicoulle dous minutos a falar dos autónomos. Repase a súa intervención e mídaa, porque eu medina, e parecéronme moitos minutos. E a min paréceme case unha falta de respecto, para nós, que estamos propoñendo dunha maneira seria unha iniciativa que o único que intenta é axudar, e, sobre todo, para o sector, que o está pasando realmente mal.

¿Que buscabamos daquela con isto? Analizar, debater e propoñer. Pero eu entendo que para iso nos pagan. A min dende logo para o que non me pagan é para ser un parapeto dun goberno inoperante que leva meses sen axudar para nada os autónomos e autónomas deste país. Ese é o gran problema. Vostede non propuxo absolutamente nada, adicou dous minutos a falar das medidas do Goberno galego. Claro, pero cando falaba vostede de... *(Murmurios.)* Si, falaba de liñas de axuda en forma de...*(Murmurios.)* Ben, hai medidas para o aforro e a eficiencia enerxética, creo que tamén fixo referencia á Estratexia de emprego da Xunta. Pero, claro, non teñen en conta a realidade do sector, do sector autónomo galego. É dicir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como que si? Non, claro que si, porque, por un lado, a maioría do noso tecido autónomo está constituído por persoas de 45 anos para diante. ¿Moitas das axudas que forman parte desa Estratexia de emprego sabe para que van destinadas? *(Murmurios.)* Vexo que non lle interesa moito o que estou dicindo, ¿verdade? Claro. Van destinadas basicamente a desempregados, é dicir, autónomos que agora son desempregados e que queren volver empezar a actividade. Pero, claro, empezar con 45 ou 50 anos é complicado. E van dedicadas tamén a mentores e a orientadores para reorientar a súa actividade. Pero, claro, ¿como imos empezar unha actividade nova con 50 anos? O que haberá é que manter o tecido que temos no noso país. E vostedes non fixeron nada, o Goberno galego non fixo nada durante meses, os meses máis duros —insisto— en canto a prezos en corenta anos, e vostedes non fixeron absolutamente nada.

O gran problema —insisto— é a brutal subida dos prezos da enerxía e dos carburantes. Porque precisamente moitos autónomos do noso país precisan da enerxía para desenvolver a súa actividade ordinaria. Non hai nin unha soa medida por parte do Goberno galego.

¿Como cre que se sente, por exemplo, un panadeiro que ve como o ano pasado pagaba 1.800 euros polo recibo da luz e agora paga o dobre? O ano pasado ese mesmo panadeiro pagaba por 14 palés de fariña cada mes e medio máis ou menos 6.000 euros. ¿Sabe canto paga agora? 10.000.

Un hostaleiro propietario dunha cervexería mediana, que este ano pagará 20.000 euros máis en gasto enerxético, ¿como cren que se sente? Dígollo eu: desesperado, desesperado.

O outro día —e xa vou rematar, porque xa non me queda case tempo— cruceime cunha familiar miña, saudeina e pregunteille simplemente: ¿que tal?, ¿como vos vai? Tamén son autónomos, teñen unha panadería, porque en Carballo hai moitos panadeiros. ¿Sabe o que me dixo, así sen preguntarlle nada máis? «Estamos desesperados, vou ver se podemos rescatar o plan de pensións do meu home e mais o meu para poder pagarlles aos empregados». ¿A vostede parécelle que iso é normal, que un goberno non responda a esas necesidades? ¿E agora temos que esperar aínda? ¿Aos orzamentos do ano que vén? *(O señor Balseiro Orol pro-*

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nuncia palabras que non se perciben.) Señor Balseiro, parece que ultimamente non lle deixan falar moito aquí, pero ben, non hai problema, ¡eh! *(Aplausos.)* Sabe que tanto en comisión como aquí estarei sempre á súa disposición para falar de todos estes temas, á parte de que me gusta moitísimo debater con vostede, xa o sabe.

Insisto, e vou rematar co que dicía —xa acabo, presidente—: simplemente, é dicir, esta familiar miña explotou diante miña, porque leva tres meses sen poder nin ela nin o seu marido coller cartos do negocio no que levan traballando toda unha vida, porque é que teñen que pagarlles aos empregados. E durante todos estes meses —insisto— ¿que medidas articularon dende o Goberno galego? Ningunha.

Nós o que intentamos propoñer é unha axuda inmediata de 300 euros para intentar aliviar minimamente, minimamente, as necesidades de pago dos recibos enerxéticos e consensuar co sector un plan realmente forte para poder socorrelo. E a Xunta terá que liderar e falar con outras administracións para facer que ese plan sexa máis potente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Xa o fixemos antes ou intentámolo antes, pero non se quixo, non houbo vontade política. E o peor é que estamos xogando coa vida e cos negocios de moitísimos autónomos e autónomas deste país. E eu creo que fai falta un pouco máis de responsabilidade e, sobre todo, de valentía. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Unión Europea e o Goberno do Estado en relación coa posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición da pesca de artes de fondo en oitenta e sete caladoiros do Atlántico nororiental

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non se presentaron emendas.

Para formulala, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Imos seguir falando de plans e de medidas; para ser exactos, imos seguir falando da ausencia absoluta de plans e de medidas, nos autónomos e nos demais. *(Aplausos.)*

Presentamos hoxe outra iniciativa a respecto da decisión da Comisión Europea da prohibición da pesca de artes de fondo en oitenta e sete caladoiros no Atlántico nororiental, unha decisión que, como outras, parece —parece— que xa hai moito tempo que se tomou, mais que é de apenas dous meses e que entrou en vigor o pasado 9 de outubro, hai pouco máis dun

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mes. E digo que parece que pasou moito tempo dende que se tomou esta decisión porque deixou de ser portada nos medios de comunicación, pero iso non significa que o problema non siga no mesmo sitio.

Unha decisión sobre a que aquí xa nos pronunciamos en varias ocasións e coa que chove sobre mollado, en todos os sentidos. Chove sobre mollado porque é outro despropósito máis da Unión Europea contra a nosa pesca. Chove sobre mollado porque o Estado non é quen de defender, sempre que se trata de intereses pesqueiros, que na maioría dos casos se trata polo tanto de intereses de Galiza e de intereses dos galegos; pois non foi quen —digo— o Estado de defender o sector pesqueiro galego, basicamente. E chove sobre mollado porque a Xunta de Galiza, máis alá de facer e mandar facer informes —por certo, informes que temos solicitado hai bastante tempo e aínda non os recibimos—, é incapaz de asumir ningunha responsabilidade e de poñer en marcha medidas que palíen a situación que se está a vivir no sector pesqueiro dende o 9 de outubro. Ata o recurso que a propia conselleira anunciou unha e outra vez publicamente que presentaría acabou pedíndollo ao Estado e elaborando —iso si— informes para que o presentase á súa vez tamén o sector, pero *ella no*.

É o de sempre, ¿non?, é como un guión xa escrito que todos e todas sabemos como acaba. Pasou no *Brexit*, onde tamén o palangre de fondo do Gran Sol foi prexudicado e onde un total de 96 buques e 1.500 mariñeiros tiveron, literalmente, que buscarse a vida. A Xunta daquela nin estaba tampouco nin se lle agardaba.

Aprobaramos no Parlamento galego naquel momento a respecto do *Brexit*, entre outras cousas e por unanimidade, instar a Xunta de Galiza a programar e levar a cabo plans de continxencia e de apoio económico e social para o sector pesqueiro e as zonas máis afectadas polo acordo entre o Reino Unido e a Unión Europea que paliaran as consecuencias puntuais máis inmediatas que viñeron detrás daquel nefastísimo acordo.

Segundo o propio sector, as perdas dos barcos galegos que pescaban nos caladoiros británicos superaron os 9 millóns de euros só no ano 2021. E aquí no Parlamento galego aprobáronse iniciativas, pero a Xunta nunca as levou a cabo, e o sector non só perdeu posibilidades de pesca naquel momento, senón que o sector segue afectado a día de hoxe polas negociacións anuais e está a expensas do que pase despois do ano 2026.

Repetiuse o *modus operandi* na covid: anuncios, informes, propaganda e ata unha convocatoria da Xunta de Galiza, da Consellería do Mar, para axudar o sector marisqueiro, de 5,2 millóns de euros, dos que acabou concedendo... 142.000.

Coa crise de prezos, na que aínda estamos, ocorre exactamente igual. Cansámonos de pedir medidas de choque e medidas urxentes que minimizaran as consecuencias da suba dos carburantes e das materias primas. Cansámonos de traer propostas, que foron sistematicamente rexeitadas polo Partido Popular. ¿E que fixo a Xunta mentres tanto? Pois o de sempre: outra vez, promesas, anuncios, propaganda.

No mes de marzo anunciaron un paquete —paquete— de medidas. Nun paquete suponse que hai moitas medidas, ¿non? Ben, pois anunciaron un paquete de medidas, no mes de

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

marzo. E era un paquete de tres medidas —unha, dúas, tres medidas— para o sector pesqueiro.

Anunciaron que o sector pesqueiro aforraría 1,5 millóns de euros en seis meses de taxas portuarias, no mes de marzo, ¡eh! Estamos acabando o mes de novembro; é dicir, case nove meses despois, aínda non foron capaces de poñer en marcha o paquete de medidas. *(Aplausos.)*

En maio, presionados, presionada a Xunta de Galiza polo propio sector e polo que estaban tamén a facer outros gobernos, por exemplo o Goberno vasco, que ten unha frota pesqueira, como todo o mundo sabe, bastante menor que a nosa, pois aprobou 3,6 millóns de euros para compensar en axudas directas o incremento dos custos no sector pesqueiro. En maio a Xunta, presionada por todo isto, volveu anunciar, volveu anunciar e anunciou que estaban estudando —estaban estudando, aínda non remataron de estudar, porque estaban estudando— a posibilidade de lanzar axudas propias, axudas directas como as que lanzou por exemplo o Goberno vasco. Ben, a día de hoxe non sei se acabaron de estudar ou non, pero, dende logo, a día de hoxe, malia persistir a situación terrible de crise, as axudas seguen sen chegar, aínda se está estudando. *(Aplausos.)*

Pois ben, agora tócalle á frota de artes de fondo. Finalmente, como saben, non foi precisamente o arrastre, que era a arte á que ía destinada principalmente o regulamento, o máis afectado, non. Pero foron, si, arredor de cen barcos, de cen palangreiros e de enmalle que están afectados, e moito, por esta prohibición.

¿E que están a facer neste momento as institucións? Ben, pois na Unión Europa o director xeral adxunto da DG MARE xa advertiu na reunión da Comisión de Pesca do día 10, é dicir, ao día seguinte de que entrara en vigor a prohibición, de que —tal cal, estou lendo literal— *«no existen mecanismos comunitarios para respaldar económicamente al sector».* Isto, a Unión Europea.

O Estado español. O Estado español, por medio da Secretaría Xeral de Pesca, respostou, diante da propia solicitude de axudas do sector, que só hai dúas opcións, só hai dous camiños: ou paradas temporais limitadas a un total de doce meses para todo o período FEMPA ou o despezamento. Así, con toda claridade, e quedan tan tranquilos.

Temos diante de nós posibles reducións da frota, dende logo xa temos perda de ingresos e veremos se non temos amarres, e, como ven, non pasa nada.

¿E a Xunta? Ben, pois foi a propia conselleira quen confirmou a finais desta semana que rematou, tomando como base os datos da plataforma tecnolóxica Pesca de Galiza, que entre as lonxas de Vigo, da Coruña, de Ribeira, de Burela e de Celeiro houbo xa neste mes unha caída dunhas mil toneladas de peixe dende a aplicación da prohibición, é dicir, dende o 9 de outubro. Caeu a pescada, caeu o rape, caeu o xurelo, caeu o rapante. En fin, está a ser un verdadeiro golpe económico para a frota galega, que, segundo os seus propios datos, os da frota, deixou de ingresar neste tempo, só neste tempo xa, 5 millóns de euros, é dicir, 200.000 euros cada día.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A frota da pescada do pincho está a ser a máis afectada. A prohibición afecta xa máis do 50 por cento da frota de Celeiro, que segue, igual que o resto, a ter que facer fronte ao elevado prezo do combustible e das materias primas. Ademais, onde antes había pincheiros agora hai moitos máis. Teñen que turnarse para largar os aparellos e engadir os altos custos a unha cada vez menor produción.

O presidente da Alianza Europea da Pesca de Fondo botou contas, neste mes e pouco que pasou, e asegura que o veto pode ter un impacto anual duns 80 millóns de euros na facturación para o sector.

Nestes momentos xa hai empresas do palangre que están valorando cambiar de arte e mesmo cuestionando a súa viabilidade económica.

¿E a Xunta? Ben, pois a Xunta, outra vez, segue sen reaccionar, sen reaccionar; ía dicir sen reaccionar de maneira decidida; non, non, sen reaccionar, e punto. Segue sen reaccionar, segue sen botar man dun sector, doutro sector da pesca que xa está tocado e que pode rematar afundido se non se fai nada, como ata o de agora.

A Xunta de Galiza entendemos nós que ten que reaccionar, que pasou o tempo dos anuncios, das promesas e das propagandas, porque o sector xa está perdendo cartos todos os días, ¿verdade?

Entendemos —e esta é a nosa proposta—, por un lado, que debe exixir medidas á Unión Europea e ao Estado que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas desa decisión. Porque non pasa en ningún sector. Aquí para calquera empresa hai mecanismos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato— os ERTE ou calquera outro mecanismo, para acudir aos traballadores desa empresa. Pero resulta que no sector pesqueiro tanto na Unión Europea como no Estado xa se apuran a dicir que ou despezas ou paradas, que só che conceden dous meses.

E —remato, presidente— nós entendemos que a Xunta de Galiza, ademais de exixirlle medidas á Unión Europea, que, ademais, foi quen tomou a decisión, e ao Estado español, ten ela mesma que preparar, elaborar e poñer en práctica un plan de continxencia que palíe precisamente os efectos desa prohibición.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Que menos por parte do Goberno galego!

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Volvemos hoxe de novo falar dese veto da Comisión Europea á nosa pesca de fondo. É certo que hoxe o Bloque Nacionalista Galego, a través da súa proposición non de lei, o que pide é medidas compensatorias tanto á Unión Europea como ao propio Goberno central, así tamén como á propia Xunta de Galicia, medidas para poder mitigar as consecuencias deste veto inxusto da Comisión Europea.

Nós concordamos cos pescadores en que eles non queren subvencións, eles non queren indemnizacións; o que queren realmente é saír a faenar, e con iso coincidimos totalmente.

O certo é que a Comisión Europea adopta unha decisión totalmente inxusta de xeito unilateral, sen contar cos Estados membros e sen contar co propio sector, co rechazo dos Estados membros, co rechazo do Goberno central, que foi quen de interpoñer un recurso ante este veto da Comisión Europea ante a Xustiza europea. E agora, ante a decisión unilateral da Comisión Europea, co rechazo dos Estados membros e co rechazo do propio sector, vén a Comisión Europea e dilles aos Estados membros que teñen eles que habilitar estas axudas ante a chapuza que fixo a propia Comisión Europea. A verdade é que é dunha hipocrisía por parte da Comisión Europea totalmente indignante. E —repito— nós coincidimos co propio sector, que o que quere é saír a faenar, saír a traballar e que non quere subvencións e indemnizacións.

E —repito—, despois de que a Comisión Europea adoptara esta decisión inxusta, falta de rigor, sen apoio científico e sen un verdadeiro estudo de impacto económico, agora achaca aos Estados membros a responsabilidade de paliar esta chapuza coas axudas previstas no FEMPA.

Nós coincidimos cos traballadores en que eles o que queren é saír a faenar, pero imos apoiar a iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego, porque, chegadas a esta situación, ao mellor é o momento de poñer medidas compensatorias enriba da mesa por parte da Unión Europea, tamén, se se dá o caso, por parte do Goberno central, e tamén que, dunha vez por todas, a Xunta de Galicia faga algo para poder reverter esta decisión inxusta da Comisión Europea.

Porque vimos como pasaron os meses e o presidente Rueda non tivo tempo de poder falar co comisario de Pesca para abordar un tema de tanta importancia para o noso sector pesqueiro galego; vimos como o señor Rueda tampouco tivo tempo de reunirse coa presidenta da Comisión Europea para poder reverter esta situación. E, polo tanto, chegado este momento, ao mellor é o momento de que poñan medidas enriba da mesa para poder mitigar esta decisión inxusta.

Eu non podo concordar coa señora Pérez cando dicía que o Estado non é quen de defender o sector pesqueiro galego. E non podo estar de acordo, señora Pérez, porque precisamente o Goberno central fixo o que levamos moito tempo pedindo tamén dende esta cámara, o que

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén levaba moito tempo pedindo o propio sector, e é que presentaran ese recurso contra o veto á pesca de fondo en oitenta e sete áreas do Atlántico. *(Aplausos.)* E ese recurso foi presentado o pasado día 14 de novembro.

Por certo, dixo a señora Pérez —e é certo— que a propia conselleira do Mar dixera, nun primeiro momento, que a Xunta de Galicia presentaría ese recurso «independentemente do que fixera o Goberno central». Despois mudaron o seu posicionamento e dixeron: «Se o Goberno central non presenta o recurso, presentarao a Xunta de Galicia». Xa vemos que nin están nin se lles espera, pero aí está o Goberno central presentando este recurso o pasado 14 de novembro.

E, claro, señora Pérez, non podo coincidir con vostede en que o Goberno español non defende o sector pesqueiro galego, porque a formalización deste recurso por parte do Goberno central acredita o seu compromiso con Galicia e, dende logo, co seu sector pesqueiro. Forma parte do compromiso adquirido polo Goberno de Pedro Sánchez con Galicia, pese a que algúns dirixentes do Partido Popular puxeran en dúbida que se fose dar este paso. *(Aplausos.)* Como dicía, primeiro a conselleira dicía que o Goberno galego o ía presentar independentemente do que fixera o Goberno central, despois meteu unha marcha menos e dixo que o presentaría se non o presentaba o Goberno central.

O Partido Popular o que pretendeu, como sempre, é instrumentalizar esta cuestión contra o Goberno do Estado. E para mostra un botón: vimos como o vicesecretario xeral de Organización do Partido Popular, o señor Tellado, nunha sesión no Senado —foi por la e saíu tosquiado—, ante o ministro de Pesca —porque ademais alí defendeu os mesmos argumentos que a Comisión Europea neste tema do veto da pesca de fondo, porque non ía nin co tema preparado, o único que ía era buscar esa confrontación co Goberno central—, chegou a dicir que o propio Goberno central non aportara os datos socioeconómicos, obviando o procedemento europeo, que sabe que é a propia Comisión Europea a que ten que activar eses TED, que quen pide os datos socioeconómicos aos Estados membros é a propia Comisión Europea. Pero daba igual. Ao que ía o señor Tellado era a buscar esa confrontación co Goberno central, e así lle foi. Sempre buscando instrumentalizar estas cuestións, que son de vital importancia para a nosa pesca.

Despois o que pedían era urxencia e premura en presentar ese recurso. Vostedes sabían da complexidade da súa redacción; un documento tecnicamente moi complexo que dende logo o Goberno central quixo redactar coa maior seguridade xurídica. Porque o que queremos é que con ese recurso se tombe a decisión da Comisión Europea, e polo tanto queremos que o barco chegue a bo porto. Polo tanto, non entendiamos esa premura e urxencia na presentación do recurso, o que queríamos era que se fundamentara xuridicamente da mellor forma posible. Polo tanto, confiamos en que este recurso sexa admitido polos tribunais europeos e tombe o veto de pesca de fondo imposto pola Comisión Europea. Son numerosos —e aí creo que todas temos coincidido— os defectos, tanto de forma como de fondo, nesa decisión adoptada pola Unión Europea, un veto desproporcionado e inxusto ao non considerar, sobre todo, o impacto sobre a nosa frota de fondo.

E, como dicía a señora Pérez, unha decisión que quero repetir que é unha decisión que non parte dun regulamento do ano 2020, senón que parte dun regulamento do ano 2016 —que

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aí tamén o ministro Planas lle dixo moi ben ao señor Tellado que non entendía moi ben como lles meteran ese gol por toda a escuadra—. É unha decisión que vén dun regulamento do ano 2016 e incluso me atrevería a dicir do Regulamento do 2013, con esa política pesqueira común—. Nun primeiro momento parecía que ía para atacar a pesca de arrastre e ao final está atacando máis incluso o palangre de fondo, como dixo a señora Pérez.

Pero o que dicimos, e seguimos a repetir, é a importancia de ir todos e todas xuntas, tamén co propio sector, tamén coas Administracións. E esa colaboración tamén coas confrarías e co propio sector viuse á hora de interpoñer o recurso por parte do Goberno central, que tamén hai un traballo moi importante por parte Goberno central co propio sector para dar argumentos para poder tombar este veto da pesca de fondo.

Saben vostedes —pero obviárono—, o Partido Popular, desa complexidade técnica do recurso, e este recurso foi froito do traballo de moitísima xente, dun traballo intenso e coordinado entre os servizos do Ministerio de Pesca, do propio IEO e da propia Avogacía do Estado. Vostedes saben que é un recurso complexo e no que teremos que demostrar que se vulneraron as disposicións do Regulamento 2016/2336, que se vulnerou o principio de proporcionalidade, que dende logo é un dos principios xerais do Dereito da Unión co obxectivo de que os actos das institucións comunitarias se adecúen aos obxectivos perseguidos pola norma e, polo tanto, as medidas adoptadas sexan proporcionais aos obxectivos perseguidos; algo que non se deu con este regulamento.

É evidente tamén a falta de proporcionalidade e é evidente, algo que dicía tamén a señora Pérez, que non se tivo en conta o impacto nas artes fixas e de fondo.

Polo tanto, ademais dese recurso interposto polo Goberno central —que era algo que tamén lle pediamos dende esta Cámara, en vista de que o Goberno galego non o vai presentar—, o Goberno de España leva traballando moito tempo a carón do sector e para poder reverter esta decisión da Comisión Europea. Porque tamén, ao mesmo tempo que presentou o recurso, estivo a traballar e seguirá a traballar coa propia Comisión Europea para poder mitigar as consecuencias deste veto. Foi quen de introducir, o propio ministro Planas, en varias ordes dos Consellos de Ministros de Pesca europeos este debate para amosar o seu rexeitamento. Foi quen España, xunto con Irlanda, co seu voto en contra no Consello de conquerir que este acto non conseguira a maioría necesaria para levalo adiante. Foi quen, o propio ministro Planas, tras a aprobación e publicación do veto á pesca de fondo, de volver introducir este debate no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, de volverlle pedir ao comisario de Pesca europeo que retirara esta proposta, algo que en ningún momento fixo o señor Rueda. Foi o propio Goberno de España quen ten conseguido que a propia Comisión Europea aclarase por escrito que en 41 das 87 áreas incluídas neste regulamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...nas que a pesca —e remato, presidente— se realiza a menos de 400 metros de profundidade se poderá seguir faenando. E foi este Goberno central, presidido por Pedro Sánchez, co ministro Planas como ministro de Pesca, o que presentou o recurso contra o veto de pesca de fondo da Comisión Europea.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, imos apoiar a iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego. Pedímoslle medidas compensatorias á Unión Europea e tamén se pode ao Goberno central, pero é o momento de que por parte do Goberno galego se poñan tamén enriba da mesa medidas que sirvan para mitigar as consecuencias desta decisión inxusta da Comisión Europea.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Señorías.

Pois é certo que seguimos co mesmo tema, xa saben vostedes que no Parlamento comezamos xa hai moitos meses co fin de impedir o veto e non o conseguimos. Continuamos unha vez aprobado o veto para lograr unha rectificación e non o conseguimos. Asinouse unha carta por parte de todos os voceiros dos grupos parlamentarios da Cámara dirixida a responsables europeos en materia de pesca. Acadamos acordos, unanimidade en varias ocasións. E apoiamos a presentación dun recurso e insistimos en que era máis coherente e axeitado que o presentase o Goberno de España. E o recurso está presentado.

Hoxe, o Bloque Nacionalista Galego vén aquí cunha iniciativa na que solicitan medidas para paliar o impacto dese veto. E non é a primeira vez que o BNG plantexa este tema e introduce estas medidas no debate, xa o fixera a través de emendas, pero nós ata hoxe non consideramos que fora necesario. Creo que xa o Bloque Nacionalista Galego puña a venda, ou o pano, antes da ferida. Pero nós intentamos reverter esa decisión —como dixen— con varias iniciativas, e aínda seguiremos nesa persistencia porque non é cuestión de tirar a toalla.

Vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, socios en Bruxelas do Grupo dos Verdes —do que hoxe non falaron aquí—, grupo que aprobou este veto unilateralmente, contaban xa con isto. Fixeron o paripé co apoio disimulado ás nosas propostas no fondo, e nunca mellor dito. Vostedes están de acordo no fondo con iso, porque é a ideoloxía do partido do que son socios vostedes en Bruxelas.

E se analizamos o escenario, a verdade é que os feitos nos dan a razón. A súa ideoloxía, nacionalista, de esquerdas, está chea de contradicións, e neste tema vémolo claramente. Na páxina web dos Verdes/ALE, di que representan as minorías, rexións e nacións sen Estado, e que defenden a autodeterminación. Noutras webs din que a Alianza Libre Europea é unha agrupación formada por partidos nacionalistas sen Estado e rexionalistas, e apostan por políticas progresistas, así como pola busca de máis autonomía para as súas rexións e incluso a independencia. Están integrados no Partido Verde Europeo, así como outros independentes

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

achegados e orientan a súa acción cara a políticas verdes que abarcan tanto a ecoloxía política como o ecosocialismo e o ecoliberalismo. E nós aquí vemos un exceso de eco-. É que o ecoloxismo radical é o que está en contra da pesca, e realmente este grupo —do que lin unha breve definición— é o que impuxo ese veto ás artes de fondo da pesca. E vostedes sábeno perfectamente. Pero antes de romper cos Verdes e recoñecer que ese grupo é o máis daniño para o noso sector pesqueiro, vostedes prefiren estar a prol do nacionalismo e sempre intentar estar con ese partido por outros intereses.

Porque para o Bloque Nacionalista Galego, o nacionalismo e a busca da independencia está sempre por diante da defensa dos intereses do sector primario da nosa terra, dos sectores produtivos ou da nosa industria. E por iso digo que están vostedes cheos de contradicións nos seus discursos e nas súas proposicións non de lei. E hoxe pásalles exactamente o mesmo, xa llelo dixo a miña compañeira, coa enerxía eólica e coa enerxía hidráulica. Cheos de contradicións nas súas propostas, nos seus feitos e despois nos seus discursos.

A vostedes, unha vez chegados a este punto, apetécelles presentar esta iniciativa, que eu vou chamar a iniciativa da alternativa, dando por feito xa que iso non se vai poder reverter. Unha alternativa como preludio do que virá, coas políticas que están impostas en Bruxelas e que vostedes apoian: máis ecoloxismo radical, menos pesca —menos pesca ao estilo, ademais, europeo, que está absolutamente regulado—, moita desigualdade e moitas inxustizas con respecto ao noso sector pesqueiro.

E como vostedes aquí en Galicia non explican por onde van os tiros do seu grupo en Bruxelas, pois nós temos outros recursos e non hai máis —un moi sinxelo— que seguir ao propio comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca en Twitter. Entón, nos últimos días puxo este tuit: «Presentamos 23 accións para impulsar o sector das algas en Europa, iso axudaranos a crear unha robusta e sostible industria, e un cultivo de algas máis sólido, xa que se espera que a demanda de produtos de algas mariñas na Unión Europea alcance os nove millóns de euros en 2030.» *(A señora Egerique Mosquera amósalles un documento aos membros da Cámara.)* «*La Comisión Europea pisa el acelerador para incorporar las algas a nuestros hábitos alimentarios.*»

E ben, aplaudimos de verdade o apoio á industria das algas, e non é nada desdeñable. Pero non en detrimento da pesca. E este comisario, se vostedes seguen a súa conta de Twitter, o único que fai é defender o medio ambiente, o consumo alimentario de algas, os *lobbys* medioambientalistas que defenden esta industria pero nunca, nunca o sector pesqueiro, e nunca os intereses do sector pesqueiro de Galicia. *(Aplausos.)* Nunca.

Señora Pérez, vostedes hoxe piden axudas, piden un plan de continxencia que reduza ao mínimo os danos deste veto e nós imos apoialo pero non crean que imos apoialo para que se execute, senón todo o contrario, imos apoialo pero nós queremos que isto non chegue a porto. Nós queremos que isto, este veto, poida reverterse. Polo tanto, non imos esquecer o seu dobre discurso e non imos esquecer de onde vén todo isto.

Pensarán vostedes, bueno, entre que lle botamos a culpa á Xunta e entre que lle botamos a culpa ao Goberno de España —que vostedes apoian, por certo—, o Bloque Nacionalista Galego sae ileso e sae aquí defensor do sector pesqueiro. Pero non, esa non é a realidade; e nós

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

imos dicila moitas veces, quen impuxo este veto a mala fe, sen escoitar o que lle diciamos desde aquí, foi un comisario do grupo Alianza Libre Europea/os Verdes, socio do Bloque Nacionalista Galego en Bruxelas. *(Aplausos.)* Nin máis nin menos.

Pero claro, como novidade hoxe no debate temos xa a presentación do recurso que pedimos dende aquí por parte do Goberno central o pasado 14 de novembro. Polo tanto, tamén exporei o noso posicionamento nesta nova acción e a nosa opinión.

En primeiro lugar, lamentamos que a Xunta tivera que ver o anuncio nos medios de comunicación, podería ter o ministro avisado, do día da presentación ou do que ía facer, o Goberno de Galicia, pero bueno, iso non é un dos males maiores. Que tardase máis dun mes, desde que se lle entregou a documentación por parte da Xunta de Galicia, en presentar ese recurso. Porque vostede di que nós pediamos rapidez; é e que é certo, porque cada día que pasa son perdas para o sector —e agora darei datos—. Cando antes se presente o recurso antes haberá unha solución.

Nós non coñecemos o contido completo dese recurso, pero agardamos que a Avogacía Xeral do Estado tivese en conta a achega feita por Galicia. É certo que o propio ministro falou da achega de Galicia verbalmente, díxoo en declaracións aos medios de comunicación. Nós cremos que absolutamente foi o Goberno galego e todas as súas achegas as que encheron ben ese recurso, cheo —como digo— de razóns, de razóns aportadas dende o sector, de razóns aportadas dende as persoas afectadas.

Os diferentes asesores xurídicos que nós consultamos aseguran que esta é a mellor vía para afrontar este preito, ao ser o Estado un actor xurídico privilexiado, e que existen grandes posibilidades de que este recurso prospere e que o tribunal poida deixar sen efecto este regulamento de execución na Comisión Europea. E dígoo con optimismo e ledicia. Insisto, son determinadas comentarios de asesores xurídicos que cren que isto pode prosperar, e ogallá prospere. Polo tanto, votaremos a favor desta iniciativa pero, como dixen, esperemos que non se teña que chegar a executar.

Nós queremos engadir que, a maiores, o Goberno de España debería solicitar a suspensión temporal, porque é certo que mentres iso non se resolva estanse a perder moitos cartos, estase a perder a actividade e, ademais, hai unha certa alarma e un pesimismo por non poder volver recuperar a actividade. Está a ter un importante impacto isto no sector.

Os datos, por exemplo, o palangre de fondo en Gran Sol reduciu as capturas un 50 % e a facturación un 22 % no primeiro mes de veto, e a cousa pode ir a peor se os prezos baixan, con casos de barcos, ademais, tamén, que xa amarraron. Estanse dando discrepancias tamén na vixilancia das profundidades superiores aos 400 metros, polo que deben facerse tamén aí axustes necesarios para evitar erros.

Estamos de acordo en que foi unha medida totalmente arbitraria, tomada sen ningunha base científica e aplicando resultados da avaliación do arrastre para artes moi selectivas como a volanta ou o palangre. E este veto está provocando, polo tanto, tamén, o desprazamento da frota expulsada desas zonas de pesca cara a outros caladoiros nos que traballan outros buques, o que supón un solapamento de zonas de pesca.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E que pode xerar esta situación? Conflitos entre as distintas frotas —en alta mar, e complicados— e unha sobreexplotación dos recursos nesas zonas, xusto o contrario do que di defender a Comisión Europea. Polo tanto, son tamén unha medida e un discurso absolutamente contraditorios.

Nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, dende a Xunta de Galicia —poden dicir o que queiran— imos seguir traballando como viñemos facendo ata o de agora, na busca de aliados e de argumentos para avanzar tamén na vía diplomática e para tratar de frear este disparate, pero sobre todo para tratar de frear o camiño ideolóxico ecoloxista radical que está acabando coa nosa pesca. Porque detrás disto vén outra decisión complicada, que probablemente debateremos aquí, e outra e outra. E así levamos xa nos últimos anos tendo que alzar a voz e, neste caso, presentar un recurso ante a Comisión Europea porque, se non, isto pode acabar verdadeiramente mal.

E podemos aportar máis datos do impacto: a medida afecta a algo máis de 200 buques, de xeito indirecto a arredor de 900, un total de 4.400 tripulantes implicados, pode chegar a roldar os 817 millóns de euros de perda, e preto de 540 millóns de xeito directo. Polo tanto —é fundamental e importante—, nós quedamos coa posibilidade de que iso se poida reverter. Imos apoiar a iniciativa, señora Pérez, pero esperemos que non se chegue a executar.

E dous apuntamentos —xa remato, presidente— - vergoñentos. O 20 de outubro, o sector de Galicia reuniuse co comisario e saíu absolutamente frustrado, decepcionado. Nin un mínimo interese polo sector pesqueiro; nada, ningún. Despachounos así cun «vale, vale moi ben, pobriños.»

E o segundo apuntamento: non compareceu o comisario, mandou o segundo á dirección xeral, falaron de que todas as artes son iguais e tampouco lle prestou ningunha atención.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Polo tanto, esa actitude non é nada afortunada para Galicia e para o sector pesqueiro galego. Polo tanto, rompan cos seus socios Verdes, señora Pérez, iso sería a mellor iniciativa que vostede podería traer a esta Cámara.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, hai vinte anos, cando o goberno do Partido Popular de Madrid e o goberno do Partido Popular de Galiza afundiron o *Prestige*, ¡afundiron o *Prestige*! *(Aplausos.)* Hai vinte anos, cando as praias de Muxía tiñan máis dun metro de chapapote absolutamente negro, a conselleira —a que é hoxe conselleira— personouse nunha desas praias de Muxía toda vestida de branco e alguén con dous dedos de fronte, unha persoa do sector do mar, díxolle: Señora

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quintana, pola súa integridade física, váiase. E eu dígolle o mesmo a vostede, señora Egerique, pola súa integridade física e mental. De verdade, e que non é normal. Mire, non é normal, é tan patético... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Pero «física e mental». A palabra «mental». «Física» tampouco, que é metafórico.

Eu entendino metafórico. O de «mental» non é tan metafórico...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Pola súa integridade mental e física, claro. E que eu agora ía rematar a frase.

Señor presidente, ía rematar a frase.

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón! Pois remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Eu non fixen ningún insulto, ningunha palabrota. Non falei de palizas, fun do máis correcta.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Reconduza o debate.

Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bueno, dicíalle, señora Egerique, que dá tanta pena xa ese discurso, dá tanta pena, que cando falou dos Verdes nin os seus propios lle aplauden. Eu non sei como non lle dá vergonza, non sei como non lle dá vergonza, señora Egerique. *(Aplausos.)* De verdade, é que nin os seus, señora Egerique. Cambie xa o discurso. Eu non lle falo de Berlusconi, eu non lle falo de Orbán, eu non lle falo de moita xente —que lle podía falar— que forma parte do Partido Popular europeo, e non a traio aquí a colación, señora Egerique. *(Aplausos.)*

Di a señora Egerique que traemos esta iniciativa aquí, de que se poñan en marcha medidas para axudar e para compensar ao sector, e di que o facemos porque xa tiramos a toalla. Claro, botando un pouquiño a vista atrás, a pregunta é ¿quen tirou a toalla? ¿quen e cando tirou a toalla? Porque, mire, recurso non —por certo o goberno do Estado *salvado por la campana*—. Señora Egerique, a Xunta recurso non, medidas non, plans de choque non. O único que fixo a Xunta foi facer informes e para iso temos prestixiosos bufetes de avogados e xestorías neste país, e seguro que nos saen máis baratos; de verdade, seguro que nos saen máis baratos. *(Aplausos.)* Non temos un goberno galego para que faga informes, os mande a onde os teña que mandar, ou a onde considere que os ten que mandar e considere que xa puxo todo da súa parte. De verdade, sinceramente eu creo, nós cremos que un goberno non está para iso.

Di a señora Egerique que nós, cando votamos aquí a favor das súas propostas —as propostas que trouxeron vostedes—, votamos a favor e fixemos o paripé. Si, fixemos o paripé. Nós non fixemos ningún paripé, nós votamos en consecuencia coa defensa do sector pesqueiro que

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

levamos facendo durante moitos anos. *(Aplausos.)* Os únicos que fixeron o paripé foron vostedes, porque non se dignaron a aceptar nesta Cámara absolutamente nada a respecto deste tema, que non foran as súas propias iniciativas.

Vetaron —falando de vetos, porque non é a Unión Europea a única que veta—, incluso por dúas ocasións, dúas propostas de declaración institucional que trouxo aquí a oposición. Non lles valía porque o paripé señora Egerique é facer informes, sentar a esperar a ver que pasa e logo dicir que se defende o sector pesqueiro. Iso non é a defensa do sector pesqueiro, señora Egerique. Non é, non é.

E remato. Probablemente o paripé o estea facendo neste momento o Partido Popular, porque estamos votando algo que noutras ocasións xa votamos, como dixen na miña primeira intervención; votámolo no tema do *Brexit*, votámolo no tema da covid, votamos en moitas ocasións que a Xunta puxera medidas urxentes e directas para o sector. Votámolo, fixeron o paripé unha e outra vez porque votaron sempre a favor. Agora si, a Xunta xamais deu un paso —non, señora Egerique— para poñer en marcha esas axudas. Non deron un paso. As taxas portuarias, a exoneración de taxas portuarias que anunciou aquí o señor Feijóo no mes de marzo segue sen estar aplicándose, señora Egerique. *(Aplausos.)* É que non se aplica, un ano máis tarde vana poñer en marcha.

Nós, o que cremos é que, como calquera outro sector, este sector —o pesqueiro— debe ter dereitos; a Administración, calquera Administración, debe ofrecerlle algo máis que informes e que despezamentos. E polo tanto, as medidas, señora Egerique, —igual que antes lle citei o exemplo doutras comunidades autónomas— hai que poñelas en marcha con partidas orzamentarias, con cartos, para axudar a sectores que están perdendo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...cartos.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Dirixe vostede agora? Non, non é que o reloxo está aquí e o señor presidente aquí. E ¿vostede dirixe? ¿Dirixe vostede? *(Aplausos.)* Vostede nin o Partido Popular son capaces de dirixir.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematou aquí o día de hoxe.

Ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e once minutos da noite.

CSV: BOPGDSPG-DnBB125nZ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-DnBBt25nZ-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/